

As cifras da industria cultural galega
artes escénicas | audiovisual | música | produto gráfico
ANÁLISE CUANTITATIVA



XUNTA DE GALICIA

As cifras da industria cultural galega

Artes escénicas | audiovisual | música | producto gráfico

ANÁLISE CUANTITATIVA

Edita: Agadic, Axencia Galega das Industrias Culturais

Depósito Legal: C 3731-2010

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
METODOLOXÍA	4
A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS.....	6
TECIDO EMPRESARIAL.....	6
AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS INDUSTRIAS CULTURAIS EN GALICIA.....	10
OS AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL NAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS.....	15
Relación entre os datos de número de empresas e os de afiliados á Seguridade Social.....	18
A DEMANDA DAS OCUPACIÓNS RELACIONADAS COAS INDUSTRIAS CULTURAIS	20
OS DEREITOS DE AUTOR NAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS	22
O COMERCIO EXTERIOR DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	25
A INDUSTRIA MUSICAL.....	28
O TECIDO EMPRESARIAL DO SECTOR MUSICAL GALEGO	28
DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DO SECTOR GALEGO DA MÚSICA.....	31
O volume de negocio da industria musical en Galicia	32
O resultado de explotación	33
O emprego da industria musical	35
OS DATOS DE COMERCIO EXTERIOR DA MÚSICA EN GALICIA	40
A INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA.....	43
O TECIDO EMPRESARIAL DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO	45
OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DO AUDIOVISUAL	48
A cifra de negocios do sector audiovisual galego	48
O resultado de explotación	51
O emprego da industria audiovisual	53
AS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA.....	59
OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA	64
O volumen de negocio das artes escénicas en Galicia	64
O resultado de explotación	66
O emprego galego das artes escénicas	67
A INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA.....	72
O volumen de negocio das empresas do produto gráfico	76
O resultado de explotación	79
O emprego da industria gráfica galega	81
O COMERCIO EXTERIOR DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO	84
ANEXOS	89
AS ORQUESTRAS	90
OS FESTIVAIS E OS MACROCONCERTOS	93
AS FESTAS MUNICIPAIS	96
A IMPORTANCIA EN TERMOS DE EMPREGO DAS RODAXES DE CINE E TELEVISIÓN.....	98
AS REPRESENTACIÓNS TEATRAIS EN TERMOS DE EMPREGO	101
BIBLIOGRAFÍA	103

INTRODUCCIÓN

O papel do sector cultural e creativo na economía é aínda un gran descoñecido. Por un lado, tradicionalmente non se lle vén dando moita importancia económica a este sector e, por outro, atopámonos ante un panorama desolador en cuestión de ferramentas estatísticas que permitan medir esa contribución económica. A cultura inflúe no desenvolvemento económico e social e promove a integración e cohesión humanas. Pero sen perder a súa función principal, a cultura ten un papel económico, é dicir, é unha industria.

De acordo coa definición adoptada pola Unesco en 2005, as industrias culturais son as que producen e distribúen bens ou servizos culturais que, considerados desde o punto de vista da súa calidade, utilización ou finalidade específicas, encarnan ou transmiten expresións culturais, independentemente do valor comercial que poidan ter.

A definición clásica de industrias culturais inclúe os sectores provedores de produtos culturais reproducibles ou difundidos de xeito masivo, como a industria cinematográfica, o sector editorial, os medios de comunicación ou a industria fonográfica. Estes sectores diferéncianse daqueles outros que contan con procesos de produción máis artesanais nos que o produto final é único, como é o caso das artes visuais, ou repetible pero efémero, como pasa coas artes escénicas.

Independentemente do contido e da amplitude do concepto, as industrias culturais presentan unha dobre faceta: por un lado, son sectores produtivos que comparten características semellantes ao resto de sectores industriais, e, por outro, posúen un trazo fundamental que as diferencia do resto, que é a súa especificidade cultural. Esta indisoluble dualidade cultural e económica das industrias culturais esténdese obrigatoriamente aos seus produtos, que, por esa mesma razón, non poden ser considerados como meras mercancías de consumo ou entretemento. Todo isto esixe abordalas cun dobre enfoque: por unha banda, aproveitando o seu potencial para contribuír ao desenvolvemento da economía, e, por outra, para que este afianzamento económico propio favoreza as expectativas e intereses culturais dos membros dunha sociedade.

Os sectores da cultura e do lecer estanse a converter cada vez máis en elementos estratéxicos para definir a competitividade dos territorios. O seu crecente impacto económico, ao actuar de arrastre sobre outros sectores, a súa maior importancia nos procesos de cohesión territorial e a súa maior presenza nas preferencias dos cidadáns converten a cultura e o lecer en elementos estratéxicos e o sector cultural nun dos sectores máis dinámicos da economía e do comercio mundiais.

Por todo iso, os programas de fomento das industrias culturais deben ter o propósito de xerar un coñecemento dos recursos culturais tamén nun sentido económico. A meta deste punto de vista é a transformación da cultura nun recurso, a creación de postos de traballo, a xeración dunha maior riqueza e o desenvolvemento dun turismo sostible.

A cultura, pouco concibida desde o punto de vista industrial, empeza a empregar as ferramentas da empresa para optimizar, xestionar e crear valor dos seus recursos. A disposición dos consumidores a pagar polos produtos culturais dotouna dun papel destacado na economía, e é a partir desa percepción cando adquiren sentido os estudos sobre o impacto económico da cultura, o seu importante papel na creación de emprego, que é ademais cualificado e creativo, e a súa significativa contribución ao valor engadido bruto (VAB) global.

Este traballo parte do **recoñecemento da importancia fundamental que o as industrias culturais en xeral teñen para a xeración de riqueza e emprego en Galicia**. Pero tamén parte do recoñecemento da súa importancia como sectores a través dos cales se configuran as identidades culturais e se expresa a diversidade ideolóxica e creativa da sociedade enteira.

Aínda que xa foron desenvolvidos algúns traballos nesta liña, a bondade deste estudo reside tanto na **amplitude da mostra de empresas analizada** nas bases de datos como na **rigoriedade da análise dos datos** recollidos nestas. En canto á primeira, a partir dunha busca no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade, para os códigos de actividade considerados dentro das industrias culturais, procedeuse a un intenso filtrado co obxecto de considerar só aquelas nas que a actividade cultural supuxera a maior parte dos seus ingresos (desbotando, polo tanto, aquelas outras nas que a parte cultural fora minoritaria) e incluír tamén empresas que, aínda operando baixo outros códigos de actividade alleos ás IC, estiveran prestando servizos para elas. Isto supón deixar fóra a boa parte das empresas de comercialización, pero tamén a algunhas de corte máis industrial, feito que as distancia das industrias culturais. Ademais, e para os casos en que non estiveran xa incluídas na listaxe inicial, engadíronse os socios das asociacións empresariais de cada un destes sectores, os solicitantes de axudas de Agadic ou calquera outra empresa que operara nesa industria. Iso supón ampliar o número inicial de empresas e contar, polo tanto, cun maior número de datos.

Por outra banda, cabe poñer o acento na **rigoriedade da análise levada a cabo neste traballo**, moi ligada á fonte de datos empregada, que na maior parte dos casos se corresponde cos datos económicos e financeiros das empresas da mostra extraídos das contas depositadas nos rexistros mercantís e proporcionados, como xa se comentou, pola Fundación para o Fomento da Calidade.

Pero este estudo pon a énfase na dimensión empresarial das industrias culturais, na súa capacidade para xerar valor engadido e emprego e sempre arredor do seu tecido empresarial, verdadeiro protagonista do traballo.

Porque o certo é que as **empresas que conforman as industrias culturais en Galicia son enormemente heteroxéneas** no que respecta ás actividades desenvolvidas, o tamaño en canto a número de traballadores, a forma xurídica elixida, a organización e a estruturación internas, a capacidade para asumir grandes proxectos, o nivel de internacionalización, a intensidade de capital, o nivel de estruturación do sector etc. Existen sectores culturais nos que a presenza de empresas non mercantís alcanza un peso importante, o que ás veces supón deixar fóra da análise unha parte importante do volume de negocio e de emprego do sector.

Todo isto fai necesario abordar a vertebración do tecido produtivo das industrias culturais galegas, enormemente atomizado e con fortes interrelacións entre as empresas, o que obriga á adopción dunha perspectiva de clúster ou vertical, na que teñen cabida tanto os axentes responsables da produción como da distribución, comercialización ou das actividades de apoio ou auxiliares.

Ademais, esta heteroxeneidade dificulta a comparación entre os distintos grupos de actividade das IC, debido ás diferenzas que se dan nas posibilidades de acceso aos datos que determinan a significatividade estatística dos resultados e a solidez das conclusións que dela se puideran extraer.

Para salvar estas posibles dificultades, no desenvolvemento deste traballo abórdanse distintas aproximacións aos diferentes sectores das IC que puidesen proporcionar información adicional á extraída dos datos das contas que as empresas depositan no Rexistro Mercantil, ben sexa por medio de estimacións e hipóteses a partir de datos validados polas asociacións, ou por datos achegados por outras fontes de información oficiais (como a Seguridade Social, as sociedades de xestión de dereitos, o Instituto Galego das Cualificacións etc.)

METODOLOXÍA

O presente informe sobre As cifras da industria cultural galega foi xerado a partir de diferentes fontes de información, a maior parte delas oficiais e de carácter primario.

Como punto de partida están todos os datos relacionados coa situación económica e financeira das empresas que operan nestes sectores. Para iso foi fundamental a achega de datos procedentes do Rexistro Mercantil e proporcionados polo Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade da Xunta de Galicia, que permitiu a creación de bases de datos ad hoc moi completas para cada un dos grupos de actividades estudadas: música, produto gráfico, audiovisual, artes escénicas e outras actividades. Ademais, para o caso da industria audiovisual cóntase co Observatorio Audiovisual Galego como gran provedor de estatísticas e indicadores relacionados con este sector¹.

A partir destas bases de datos extráese información sobre localización, ano de constitución, actividade, fondos propios, activo total, facturación, resultado antes de impostos e emprego. Da combinación destas variables saen índices como a rendibilidade económica, a facturación por empregado ou por empresa, o resultado por empregado ou empresa ou o cadro medio das empresas. Ademais, extráense conclusións acerca da distribución xeográfica das empresas, a súa forma xurídica, a distribución por actividades etc.

A maior parte destes datos só se actualiza con carácter anual, e unha vez as empresas depositen as súas contas anuais no Rexistro Mercantil. Pero o feito de ter que contar cos datos oficiais supón un certo atraso na súa dispoñibilidade, xa que as empresas depositan as súas contas de cada exercicio económico na primeira metade do ano seguinte (comezan ao redor do mes de maio-xuño), polo que os directorios públicos non teñen incorporada toda esa información ás súas bases de datos ata finais de ano. Polo tanto, as explotacións económicas levan como mínimo un ano de atraso con respecto á data de peche das contas das empresas, o que explica que os datos ofrecidos neste informe correspondan ao exercicio de 2008, último dato dispoñible ao peche da súa redacción.

Pero na elaboración doutras aproximacións á importancia das industrias culturais en Galicia empregáronse algunhas outras fontes de información de carácter oficial, que seguidamente se comentan.

Para os datos de número de empresas, a fonte empregada é o Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estadística, para os códigos correspondentes á industria audiovisual.

Para a análise dos afiliados á Seguridade Social, os datos manexados proveñen da propia Tesourería Xeral da Seguridade Social e refírense a medias mensuais para o ano 2009 e para os códigos CNAE 2009 a tres díxitos directamente relacionados coas industrias culturais. Isto supón rexeitar os datos correspondentes a outros códigos nos que o peso relativo destes sectores non é tan elevado, o que obriga a unha certa cautela na interpretación destes datos, pero non deixa de proporcionar información do comportamento do mercado laboral destes.

Nesta mesma liña de datos de emprego estarían os correspondentes aos contratados e ás demandas de emprego para as ocupacións directamente relacionadas coa actividade cultural extraídos da web do Instituto Galego das Cualificacións. Trátase de datos de fluxo sobre ofertas de demandas que non dan idea de stock, pero que en definitiva permiten extraer máis conclusións sobre o efecto destas actividades no mercado laboral.

En canto ao comercio exterior das industrias culturais, os datos manexados foron extraídos da base de datos ESTACOM do Instituto de Comercio Exterior, que recolle os movementos de importacións e exportacións que teñen como orixe ou destino España.

¹ Este instrumento, dependente da Secretaría Xeral de Medios, conta cunha completa base de datos de axentes do audiovisual en Galicia que inclúe rexistros desde 1994, e con carácter anual publica estatísticas das empresas do sector.

Finalmente, abórdase unha exploración sobre os dereitos de autor, a partir dos datos da Sociedad General de Autores e Editores, proporcionados pola delegación da SGAE en Galicia. Para o caso do audiovisual e as artes escénicas facilítanse ademais datos de Artistas e Intérpretes Sociedades de Gestión (AISGE).

A SITUACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

A continuación ofrécese unha análise das empresas que desenvolven a súa actividade dentro das industrias culturais, tanto a partir dos datos do Instituto Nacional de Estatística recollidos no Directorio Central de Empresas (DIRCE), como os que se poidan extraer das distintas bases de datos creadas dentro deste proxecto, a partir dos datos do Rexistro Mercantil.

TECIDO EMPRESARIAL

Segundo o DIRCE, e de acordo co CNAE 2009, no ano 2010 había rexistradas 198.874 empresas en Galicia, o que representa un descenso do -2,21 % sobre o ano 2008, o primeiro dispoñible para esta nova clasificación das actividades empresariais.

Para a elaboración deste informe procedeuse a unha busca neste mesmo directorio das empresas dedicadas ás actividades comprendidas dentro das industrias culturais, atendendo aos CNAE 2009 de dous ou tres díxitos que se corresponden con estas ramas, e que son as que a continuación se enumeran:

- 181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas
- 182 Reprodución de soportes gravados
- 322 Fabricación de instrumentos musicais
- 476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados
- 581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
- 591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
- 592 Actividades de gravación de son e edición musical
- 602 Actividades de programación e emisión de televisión
- 731 Publicidade
- 741 Actividades de deseño especializado
- 742 Actividades de fotografía
- 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
- 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais

De acordo con esta clasificación, resulta que a primeiros do ano 2010 o **número de empresas en Galicia que desenvolvía as súas actividades dentro das industrias culturais ascendía a 6.931**, o que representa un 2,33 % máis que no ano 2008. Isto xa supón, de primeiras, unha tendencia de signo inverso á do total do tecido empresarial galego, que, como xa se comentou neste intervalo, experimenta unha caída do -2,21 %.

Por outra banda, **o peso relativo destas empresas no total galego ascende ao 3,49 %**, que novamente segue unha tendencia crecente (en 2008 supoñía o 3,34 % do total de empresas que operaba en Galicia).


En canto á repartición das empresas segundo a súa actividade principal, resulta que o grupo máis numeroso é o que corresponde aos labores de Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados (venta de libros, discos e CD, artigos culturais e xornais e outras publicacións), que representa o 30 % do total. Trátase dunha categoría que non xera contidos nin proporciona actividade creativa, pero que, pola contra, presta un importante servizo de asesoramento e

prescrición, ademais de aproximación ao público dos produtos culturais previamente desenvolvidos por outros axentes da cadea de valor.

Evolución das empresas das industrias culturais galegas segundo o código de actividade principal. 2008-10			
	2008	2009	2010
181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas	733	724	723
182 Reprodución de soportes gravados	53	51	46
322 Fabricación de instrumentos musicais	22	23	19
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.302	2.239	2.114
581 Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais	332	345	364
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	327	347	310
592 Actividades de gravación de son e edición musical	4	4	2
602 Actividades de programación e emisión de televisión	42	43	38
731 Publicidade	1.112	1.173	1.198
741 Actividades de deseño especializado	58	50	163
742 Actividades de fotografía	573	582	542
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.149	1.257	1.289
91 Actividades de bibl. arquivos, museos e outras actividades culturais	76	67	133
Total das industrias culturais	6.783	6.905	6.941
Total de Galicia	203.374	201.263	198.874

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística


O segundo grupo en importancia é o das empresas dedicadas ás Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, no que están recollidos os intérpretes e os creadores (músicos, actores, dobradores, bailaríns, magos, guionistas, escritores etc.) e que supoñen o 19 %. Moi próximo está o segmento de empresas de Publicidade, cun 17 %.



Distribución das empresas da industria musical galega segundo o número de traballadores. 2010													
	Total	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 199	De 200 a 499	De 500 a 999	De 1.000 a 4.999	De 5.000 ou máis
181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas	723	235	241	133	54	43	10	7	0	0	0	0	0
182 Reprod. de soportes gravados	46	30	14	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0
322 Fabricación de instrumentos musicais	19	12	5	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.114	1.238	696	113	41	12	9	3	2	0	0	0	0
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	364	180	107	35	14	15	3	3	4	3	0	0	0
591 Activ.cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	310	156	88	24	20	8	7	3	4	0	0	0	0
592 Activ. de gravación de son e edición musical	2	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
602 Activ. de programación e emisión de televisión	38	15	6	5	2	5	3	1	1	0	0	0	0
731 Publicidade	1.198	734	282	107	39	28	5	1	1	1	0	0	0
741 Activ. de deseño especializado	163	125	30	6	2	0	0	0	0	0	0	0	0
742 Actividades de fotografía	542	324	186	21	8	3	0	0	0	0	0	0	0
90 Activ. de creación, artísticas e espectáculos	1.289	946	194	84	35	25	3	1	1	0	0	0	0
91 Activ. de bibliotecas, arquivos, museos e outras activ. culturais	133	56	33	19	9	11	3	2	0	0	0	0	0
Total das industrias culturais	6.941	4.051	1.883	549	226	151	43	21	13	4	0	0	0
Total dos grupos do CNAE 2009	198.874	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística


A maior parte destas empresas pertencentes ás industrias culturais está en réxime de autoemprego ou con menos de dez traballadores (o que constitúe o universo das microempresas). Para o total do tecido galego o peso relativo desta categoría de empresas é do 95,48 %, fronte ao 96,66 % das industrias culturais, e de feito no segundo grupo o 58,36 % das empresas non conta con traballadores asalariados, mentres que no total das empresas esta porcentaxe é sete puntos menor. Pero é que ademais hai ramas de actividades culturais nas que todas as empresas teñen menos de dez traballadores, como é o caso de Fabricación de instrumentos, Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados ou Actividades de deseño especializado.



Por tanto, é posible inferir que a **industria cultural galega está bastante atomizada**, sobre unha base de pequenas empresas que xeran moito emprego, segundo se comenta na publicación O capital da cultura. Isto ten como consecuencia, por unha parte, un **maior nivel de flexibilidade e adaptación ás circunstancias do mercado** por parte destas empresas, pero, por outra, estas tamén teñen os

problemas típicos das firmas deste tamaño, especialmente no que se refire ás **dificultades de acceder a algunhas fontes de financiamento e ás de saír a comercializar fóra de Galicia.**

Por outra banda, a variabilidade do número de empresas en cada un dos códigos de actividade considerados para o intervalo 2008-10 é bastante dispar. O grupo que máis crece é o de Actividades de deseño especializado, que pasa de 58 a 163 empresas nestes anos, o que supón un incremento do 181,3 %. Outra que medra de xeito significativo é a de Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, que pasa de 76 a 133, o que representa unha suba do 75 %. Con todo, no extremo contrario tamén existen ramas de actividade nas que o número de axentes que prestan servizo nelas diminuíu, como é o caso de Actividades de gravación de son e edición musical, que caeu un -50 % no número de empresas, ou Fabricación de instrumentos musicais e Reprodución de soportes gravados cun -13,64 % e -13,21 %, respectivamente.




AS MAGNITUDES ECONÓMICAS DAS INDUSTRIAS CULTURAIS EN GALICIA

A continuación preséntase unha análise do censo de todas as industrias culturais galegas a partir das bases de datos xeradas dentro deste proxecto e que se alimentan de datos procedentes do Rexistro Mercantil e facilitados polo Sistema de Información da Fundación para o Fomento da Calidade.

Deste traballo de análise resultan interesantes datos que permiten comparar os catro eidos de actividade abordados neste estudo (música, audiovisual, artes escénicas e produto gráfico) e cuantificar de xeito conxunto todas as IC en Galicia para establecer ademais posibles comparacións con outros sectores produtivos galegos, co obxecto de evidenciar a importancia que estas ramas de actividade están a alcanzar na economía galega nos últimos anos e a súa capacidade para xerar recursos e emprego.

Como primeira parte deste traballo de agregación dos catro sectores das industrias culturais en Galicia é posible extraer conclusións relativas ao número de empresas do censo co que se conta. De feito, **en 2008 operaban en Galicia polo menos 2.100 empresas nos sectores considerados dentro das industrias culturais**. Delas, o 51 % dedicábase a actividades relacionadas co produto gráfico (publicidade, artes gráficas, edición e impresión de xornais e revistas, preimpresión ou deseño gráfico, distribución, edición de libros, acabados etc.); outro 23 %, ao audiovisual (producción de cine, vídeo, televisión, animación ou multimedia, emisión de sinal de televisión, exhibición ou distribución de cine e vídeo, servizos de apoio á produción etc.), o 19 %, á música (intepretación, organización de actos, representación de artistas ou management, distribución, edición discográfica, venda de discos ou instrumentos ou actividades de apoio) e o 7 %, ás artes escénicas (teatro, danza, circo, monicreques, xestión cultural etc.).



Dentro destes catro grupos de actividades resulta bastante dispar a configuración do tecido empresarial no tocante á forma xurídica adoptada, de xeito que **mentres no produto gráfico máis do 95 % das empresas localizadas adopta a forma de sociedades mercantís, nas artes escénicas esta participación redúcese ao 47 %**. En calquera caso, a media do sector é dun 88,84 %.

A data media de constitución das empresas que desenvolven actividades dentro das industrias culturais galegas é 1999 e os catro sectores móvense arredor deste ano, aínda que é certo que é no produto gráfico onde se localizan as empresas con maior antigüidade (dedicadas neste caso ao xornalismo).

Atendendo á agregación do volume de negocio destes catro sectores, **a facturación galega das industrias culturais no ano 2008 ascendeu a 1.000 millóns de euros**, o que supón unha variación practicamente nula respecto ao exercicio anterior e un crecemento do 17 % sobre o ano 2006.

Magnitudes relacionadas coa facturación das empresas galegas da industria cultural. 2008					
	Música	Audiovis.	AA.EE.	Produto gráfico	Industrias culturais
Facturación	96.344.533	248.956.946	16.069.881	735.381.940	1.096.753.301
% fact. / total das IC	8,78%	22,70%	1,47%	67,05%	100,00%
Variación 2007/2008	2,67%	-1,35%	18,63%	-1,32%	-0,01%
Variación 2006/2008	28,37%	9,00%	92,79%	13,02%	17,36%
Facturación por empregado	120.248,79	83.067,05	83.697,30	106.902,45	102.843,18
Facturación por empresa	526.472,86	502.943,33	315.095,70	820.738,77	698.220,91

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

E continuando con estes datos, da relación entre os crecementos da facturación resulta que **a taxa de variación da facturación máis elevada no intervalo 2006-08 corresponde ás artes escénicas, co 93 %**, seguido de lonxe pola música (28 %), o produto gráfico (13 %) e finalmente o audiovisual (cun 9 %). A media do total das IC é do 17,36 %. Cando o intervalo observado se limita ao bienio 2007-2008, as taxas de variación redúcense de xeito importante, salvo novamente nas artes escénicas, que experimentan un crecemento do 19 %. **Nos sectores do produto gráfico e audiovisual, para este período conséntase unha caída dos ingresos do -1,32 % e -1,35 %, respectivamente.** Ademais, destes 1.000 millóns de volume de negocio do total das IC en Galicia, **o peso relativo máis elevado corresponde ao produto gráfico, co 67 % do total facturado**, seguido a certa distancia polo audiovisual (23 %), a música (9 %) e as artes escénicas (1 %).

A taxa de concentración dos ingresos para as dez empresas de maior peso na facturación por sectores resulta modesta excepto no caso das artes escénicas, en que a falta de datos para os axentes de menor dimensión condiciona este tipo de resultados. En calquera caso, sobre unha media sectorial do 37 %, as que presentan unha concentración máis reducida no tocante á facturación son as empresas do produto gráfico, co 32 %. A continuación figuran as industrias audiovisuais, co 42 %, e deseguido o sector da música, co 48 %.

Pero malia estes pesos relativos na xeración das rendas, as produtividades de cada sector difiren destas participacións, de xeito que **a facturación por empregado máis elevada corresponde ás industrias musicais, con 120.250 euros**, e a máis baixa á audiovisual, con 83.000 euros (a media das IC é de 102.843,18 euros). Da relación entre os ingresos e as empresas extráese a produtividade por empresa, da que cabe dicir que a media global das industrias culturais é de 698.221 euros. **As empresas do produto gráfico logran en 2008 unha media de facturación por empresa de 820.740 euros**, fronte aos 315.100 euros das de artes escénicas.

Magnitudes relacionadas cos resultados das empresas galegas da industria cultural. 2008					
	Música	Audiovis.	AA.EE.	Produto gráfico	Industrias culturais
Resultado antes de impostos	1.874.964,99	-105.124.290,96	633.000	19.635.747,86	-82.980.578,11
Resultado sen TVG	1.874.964,99	8.930.709,04	633.000	19.635.747,86	31.074.421,89
% Result./Total IC (sen TVG)	6,03%	28,74%	2,04%	63,19%	100,00%
Variación 2007/2008	-56,94%	-43,26%	-1,23%	-59,01%	-53,24%
Variación 2006/2008	-44,96%	-48,70%	89,67%	-47,40%	-41,88%
Resultado por empregado	2.340,17	-35.075,80	3.296,88	2.854,45	-4.902,15
Result.por empreg. (sen TVG)	2.340,17	2.979,82	3.296,88	2.854,45	9.533,74
Resultado por empresa	13.392,61	-212.372,30	18.575,76	27.462,58	-23.436,84

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

O resultado agregado antes de impostos para as industrias culturais galegas é de signo negativo (-83 millóns de euros), consecuencia do forte lastre que a Televisión de Galicia supón para o sector audiovisual. De feito, detraendo os resultados da canle autonómica resulta que **os beneficios da industria audiovisual galega en 2008 ascenden a case 9 millóns de euros, de xeito que os resultados globais alcanzan a suma de 31 millóns de euros.** Se este resultado sen considerar a TVG se distribúe por sector, advírtese que **as industrias do produto gráfico son responsables do 63 % do beneficio das IC galegas en 2008**, como era de esperar, dado o peso que adquire este sector no número de empresas, seguido do audiovisual, co 29 %.

Con respecto ás taxas de variación do resultado para o intervalo temporal 2006-2008, e partindo dunha media das IC galegas de -41,88 %, obsérvase o **importante crecemento do beneficio das artes escénicas** (90 % de variación), fronte ao decrecemento dos outros tres sectores, que oscilan entre o -45 % da música e o -49 % do audiovisual)².

Os índices de resultado por empresa e por empregado, novamente desfigurados polos valores da Televisión de Galicia, permiten confirmar a **importancia do sector do produto gráfico en canto á capacidade das súas empresas e os seus traballadores para xerar beneficios**, aínda que se o índice se calcula para o beneficio por traballador nese caso son as artes escénicas as que obteñen un resultado maior. Detraendo as perdas da canle autonómica das cifras correspondentes ao sector audiovisual, obtense que a media de resultado por empregado para o total das industrias culturais se eleva a 2.800 euros, e os traballadores das artes escénicas seguen a demostrar unha maior capacidade á hora de obter resultados, con 3.300 euros por traballador, seguida dos do audiovisual (3.000 euros).

Magnitudes relacionadas co emprego das empresas galegas da industria cultural. 2008					
	Música	Audiovis.	AA.EE.	Produto gráfico	Industrias culturais
Volume de emprego	801,21	2.997,06	192	6.879	10.869,27
% Emprego / Total das IC	7,37%	27,57%	1,77%	63,29%	100,00%
Variación 2007/2008	27,78%	7,88%	89,06%	6,27%	12,67%
Variación 2006/2008	44,22%	-1,24%	149,35%	15,22%	20,95%
Concentración 10 primeiras empresas	21,22%	52,67%	89,06%	31,04%	36,49%
Cadro medio	5,31	6,05	5,94	8,85	7,71

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil


² Incluindo os resultados da Televisión de Galicia.

O emprego xerado polas industrias culturais galegas no ano 2009 equivale a case 11.000 postos de traballo equivalentes a tempo total, o que supón un crecemento do 12,67 % con respecto ao exercicio anterior. No caso das artes escénicas aumenta a unha taxa próxima ao 90 %, e na música a case o 30 %.

Estas cifras de emprego atenden a unha distribución sectorial moi próxima ao comentado para outras variables, de xeito que **o 63 % dos traballadores se corresponde coas actividades recollidas** no produto gráfico, o 28 % co audiovisual, o 7 % coa industria musical e o 2 % coas artes escénicas. É preciso indicar que en apartados posteriores do estudo se ofrecen aproximacións á importancia real que os movementos de emprego e as contratacións poden ter nalgunhas das actividades enmarcadas dentro destas industrias culturais (como son as contratacións das orquestras, as rodaxes de cine e televisión, os macroconcertos e os festivais de música, as representacións teatrais etc.).

Da relación entre o número de empresas coas que se conta con datos e o emprego que xeran é posible extraer algunhas conclusións sobre o cadro medio das empresas que operan nestes sectores. **Sobre unha media de 7,71 empregados para as industrias culturais galegas, no produto gráfico existe o cadro medio por empresa máis elevado, con 8,85 traballadores, seguido do audiovisual, con 6,05, as artes escénicas, con 5,94 e finalmente a música con 5,31**. Cómpre salientar que o feito de non dispoñer de datos para os axentes que adoptan a forma de empresarios individuais e sociedades civís, tan frecuentes nalgunhas das ramas de actividade abordadas como as artes escénicas, a produción audiovisual ou a música, resta valor a este dato, aínda que permite unha mínima comparación entre os cadros de persoal das sociedades mercantís destes sectores.

O emprego xerado polas dez empresas máis grandes en canto a cadro de persoal presenta pesos moi diferentes nas distintas ramas de actividade. De feito, e **partindo dunha media do 36 % para as IC galegas, no caso do audiovisual a concentración do emprego nas dez empresas con máis traballadores elévase ao 53 %, fronte a un 21 % da música ou o 31 % do produto gráfico**. Aínda que no caso das artes escénicas o dato resultante ofrece un valor elevado, considérase como pouco relevante, dada a escaseza de datos e a maior dispoñibilidade para estas empresas máis grandes, o cal desvirtúa a posible lectura que del se puidese extraer.



Principais magnitudes das industrias culturais en Galicia

	Música	Audiovisual	Artes escénicas	Produto gráfico	Industrias culturais
Número de empresas censadas	408	495	160	1.090	2.153
% sobre o total das IC	18,95%	22,99%	7,43%	50,63%	100,00%
Empresas con datos	183	290	57	897	1.427
Sociedades mercantís	61,52%	84,36%	46,88%	98,53%	88,84%
Ano medio de constitución	2000	1999	2000	1998	1999
Facturación	96.344.533	248.956.946	16.069.881	735.381.940	1.096.753.300
% fact. sobre o total das IC	8,78%	22,70%	1,47%	67,05%	100,00%
Variación 2007/2008	2,67%	-1,35%	18,63%	-1,32%	-0,01%
Variación 2006/2008	28,37%	9,00%	92,79%	13,02%	17,36%
Facturación por empregado	120.248,79	83.067,05	83.697,30	106.902,45	102.843,18
Facturación por empresa	526.472,86	502.943,33	315.095,70	820.738,77	698.220,91
Concentración das 10 primeiras empresas	48,19%	42,49%	72,59%	31,85%	37,00%
Resultado	1.874.964,99	-105.124.291	633.000	19.635.748	-82.980.578
Resultado sen TVG	1.874.965	8.930.709,04	633.000	19.635.748	31.074.422
Variación 2007/2008	-56,94%	43,26%	-1,23%	-59,01%	-35,65%
Variación 2006/2008	-44,96%	48,70%	89,67%	-47,40%	-22,09%
Resultado por empregado	2.340,17	-35.075,80	3.296,88	2.854,45	-4.902,15
Resultado por empregado sen TVG	2.340,17	2.979,82	3.296,88	2.854,45	2.831,65
Resultado por empresa	13.392,61	-212.372,30	18.575,76	27.462,58	-23.436,84
Volume de emprego	801,21	2.997,06	192	6.879	10.869,27
% emprego sobre o total das IC	7,37%	27,57%	1,77%	63,29%	100,00%
Variación 2007/2008	27,78%	7,88%	89,06%	6,27%	12,67%
Variación 2006/2008	44,22%	-1,24%	149,35%	15,22%	20,95%
Concentración das 10 primeiras empresas	21,22%	52,67%	89,06%	31,04%	36,49%
Cadro medio	5,31	6,05	5,94	8,85	7,71


Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

OS AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL NAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

Para a análise dos datos de emprego do sector que nos ocupa solicitouse da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos de media mensual de afiliados por conta allea e por conta propia (autónomos) do ano 2009 para os códigos de actividade (de acordo coa clasificación CNAE-2009) que se consideran máis directamente relacionados coas industrias culturais e nos que unha elevada porcentaxe dos afiliados se corresponda coas actividades das industrias culturais. En virtude deste criterio, os códigos analizados son os seguintes:

18.1 Artes gráficas e servizos relacionados con estas	59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
18.2 Reprodución de soportes gravados	73.1 Publicidade
32.2 Fabricación de instrumentos musicais	74.1 Actividades de deseño especializado
58.1 Edición de libros e xornais e outras actividades editoriais	74.2 Fotografía
58.2 Edición de programas informáticos	90.0 Actividades de creación, artísticas e de espectáculos
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	91.0 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais

Relacionados coas actividades de artes gráficas e edición estarían os códigos 18.1, 58.1, 73.1 e unha parte do 74.1; coas ramas musicais 18.2, 32.2 e 59.2; co audiovisual estarían 59.1 e parcialmente 90.0 e 74.1; nas artes escénicas unha parte do 90.0; nas ramas de biblioteca, arquivos e patrimonio a 91.0, e despois estarían publicidade, co 73.1, fotografía co 74.2 e unha parte do 58.2 e 74.1 para os temas de multimedia, animación, videoxogos etc.




Atendendo aos datos facilitados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, a cifra total de afiliados das actividades incluídas dentro das industrias culturais en Galicia ascendeu a 15.625 persoas no ano 2009. No desagregado por meses, en xaneiro había 16.410 afiliados e en decembro 15.170. O mes no que houbo máis afiliados nestes códigos de actividade foi precisamente o de xaneiro, e ata abril a cifra de traballadores foi descendendo. Remontou a súa tendencia en maio, cando chegou aos 16.124, para retomar a traxectoria descendente cun novo punto de inflexión en **agosto, momento en que alcanzou o mínimo** con 15.219 e iniciou de novo unha breve subida ata novembro, para volver caer no último mes do ano. No gráfico pódese ver como nos meses de verán as cotizacións das industrias culturais decrecen, mentres que no total da economía se produce un incremento, tendencia que muda en ambos os dous casos, aínda que en sentidos opostos, para converxer ao final do ano.

Media anual de afiliacións por código de actividade. 2009		
		Media
181	Artes gráficas e servizos relacionados con estas	3.817
182	Reproducción de soportes gravados	61
322	Fabricación de instrumentos musicais	34
581	Edición de libros e periódicos e outras actividades editoriais	2.978
582	Edición de programas informáticos	370
591	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	1.619
592	Actividades de gravación de son e edición musical	40
731	Publicidade	3.042
741	Actividades de deseño especializado	402
742	Fotografía	957
900	Actividades de creación, artísticas e de espectáculos	1.794
910	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	512
Total de industrias culturais en Galicia		15.625

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social e IGE

Por tanto, da interpretación destes datos, e tal e como suxire o estudo O capital da cultura, **a crise podería estar afectando máis severamente ao sector cultural**, a xulgar pola evolución de afiliados á Seguridade Social en empresas culturais: entre xaneiro e decembro de 2009, descendeu un -7,56 % o número de cotizantes con emprego cultural, fronte a unha redución do -1,36 % na afiliación total en Galicia.

As taxas de variación entre os meses de xaneiro e decembro para cada unha destas actividades ofrecen valores moi dispares, que van desde o incremento do 60,38 % nas actividades de deseño especializado á caída do -42,75 % da edición de programas informáticos, pasando pola estabilidade doutras como Reprodución de soportes gravados (0 %), Actividades de creación, artísticas e de espectáculos (-1,10 %) ou Actividades de gravación de son e edición musical (2,70 %).



En canto á distribución por actividades dos afiliados das industrias culturais galegas, **o maior peso corresponde ás relacionadas co produto gráfico** (artes gráficas e edición fundamentalmente), con 62,96 % dos afiliados, **seguidas das audiovisuais** (15,30 %³), a fotografía (6,12 %), as actividades relacionadas con bibliotecas, arquivos e patrimonio (3,28 %), as musicais (0,86 %) e as actividades de creación, artísticas e de espectáculos, con 11,48 %, pero que abarca tanto a profesionais das artes escénicas como a intérpretes musicais ou do ámbito audiovisual.

Como se aprecia nos datos da táboa inferior, o peso dos afiliados das industrias culturais galegas sobre o total das afiliacións nesta comunidade ascende ao 1,51 %, porcentaxe que baixa ao 1,40 % se só se consideran as afiliacións polo Réxime Xeral e se eleva ao 1,89 % cando os datos que se analizan son os do Réxime de Autónomos. Polo tanto, o peso dos afiliados por conta allea é cinco puntos superior nas industrias culturais que no total da economía galega, o que conduce aos problemas típicos das firmas deste tamaño, especialmente no que se refire ao financiamento e ás posibilidades de saír a comercializar fóra de Galicia.

³ Incluindo as actividades de deseño especializado e de edición de programas informáticos, que acolle os animadores, os programadores, os dedicados a videoxogos etc.

Comparación das afiliacións das industrias culturais co total de economía galega. 2009			
	Industrias culturais	Total de afiliacións	%
Media anual total	15.625	1.034.223	1,51%
Réxime Xeral	11.295	755.318	1,40%
Autónomos	4.330	229.042	1,89%
% Conta propia	72,29%	77,85%	-
% Conta allea	27,71%	22,15%	-

Fonte: elaboración propia, a partir de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social

O peso dos afiliados do réxime por conta propia ou autónomos é superior á media do sector (72,29 %) en actividades como Artes gráficas e servizos relacionados con estas (80,23 %), Edición de libros e xornais e outras actividades editoriais (89,21 %), Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais (84,79 %) e Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV (79,04 %). Pola contra, o peso das afiliacións por conta allea está por encima da media (27,71 %) en casos como Actividades de deseño especializado (74,25 %), Fabricación de instrumentos musicais (67,07 %), Fotografía (65,38 %) ou Reprodución de soportes gravados (52,05 %).

O que se observa claramente é como cae a afiliación á Seguridade Social no conxunto das actividades económicas dedicadas á cultura por efecto arrastre da edición e o audiovisual. Isto leva a pensar que **a saída da crise pasa pola innovación nos produtos e a reconversión de parte destas industrias**. A circunstancia de que haxa actividades económicas capaces de xerar emprego nesta conxuntura económica debería chamar a atención de investidores, emprendedores e promotores culturais.

Relación entre os datos de número de empresas e os de afiliados á Seguridade Social

Da relación entre os datos extraídos do DIRCE en canto a número de empresas por actividade e as cifras de afiliados á Seguridade Social pódense extraer os cadros medios das empresas das industrias culturais galegas por actividade principal para o ano 2009 (único ano para o que se conta con datos de afiliacións).

Relación entre os afiliados e o número de empresas para cada código de actividade. 2009			
	Afiliados	Empresas	Cadro medio das empresas
Artes gráficas e servizos relacionados con estas	3.816,83	724	5,27
Reproducción de soportes gravados	61	51	1,20
Fabricación de instrumentos musicais	34,17	23	1,49
Edición de libros e periódicos e outras actividades editoriais	2978	345	8,63
Edición de programas informáticos	370,42	-	-
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	1.618,58	347	4,66
Actividades de gravación de son e edición musical	39,5	4	9,88
Publicidade	3.041,83	1.173	2,59
Actividades de deseño especializado	401,92	50	8,04
Fotografía	956,5	582	1,64
Actividades de creación, artísticas e de espectáculos	1.794	1.257	1,43
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	512,25	67	7,65
Total das industrias culturais	15.625	6.905	2,26
Total das empresas de Galicia	1.034.223,17	201.263	5,14

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE e de afiliacións á Seguridade Social da Tesourería Xeral da Seguridade Social

Do cociente entre as empresas de cada código de actividade e os afiliados totais para cada un deles resulta que **o cadro medio das industrias culturais galegas é de 2,26 traballadores autónomos e afiliados por conta allea**, menos da metade da media de afiliados do tecido empresarial galego.

En canto ás diferenzas por actividade principal da empresa, **compróbase que o cadro de traballadores máis elevado entre as IC corresponde ás Actividades de gravación de son e edición musical** (código 592), cunha media de case dez traballadores, seguido de Edición de libros e periódicos e outras actividades editoriais (código 581) con case nove, e Actividades de deseño especializado (código 741) e Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais (código 91) con oito.


As empresas que se sitúan por debaixo do cadro medio das IC galegas en 2009 son Reprodución de soportes gravados (código 182), Actividades de creación, artísticas e de espectáculos (código 90) e Fabricación de instrumentos musicais (código 322) cun afiliado, e Actividades de Fotografía (código 742) con dous.



A DEMANDA DAS OCUPACIÓNS RELACIONADAS COAS INDUSTRIAS CULTURAIS

De acordo cos datos facilitados polo Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e segundo aparece recollido no informe Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia do Consello da Cultura Galega, entre as cen ocupacións máis contratadas en Galicia en 2009 aparecen cinco de tipo cultural.


Nos gráficos adxuntos recóllese a evolución no período 2004-2009 das persoas contratadas (independentemente do número de contratos que poidan ter) e dos demandantes (os que designan como ocupación solicitada a obxecto de estudo) para cinco ocupacións das analizadas polo Instituto e que teñen relación coas industrias culturais, e que son as seguintes: compositores, cantantes e músicos; músicos, cantantes, bailaríns de espectáculos en cabarés e similares; animadores comunitarios; actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados; e fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son.



En todos os casos estudados, e para o período 2005-2009, a cifra de contratados supera a de demandas para estas ocupacións das IC, polo que a diferenza resultante presenta un saldo neto positivo que indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes na ocupación de actores e directores, ou, dito doutro modo, **o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para actores e directores existentes.** Isto indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes no devandito grupo ocupacional. A única excepción daríase no caso da ocupación de fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son, que no ano 2009

chegou a un saldo negativo, é dicir, os demandantes de emprego superaron os requirimentos do mercado de traballo no que se refire ao traballo por conta allea, o que apunta a un déficit de contratación. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes, ou ben porque **o mercado de traballo non é capaz de absorber a demanda potencial de fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son, debido a unha caída na actividade das empresas neste eido.**

Esta capacidade está a descender de xeito importante, probablemente como consecuencia da menor actividade das empresas por mor da crise e a situación económica actual. Ademais, a estabilidade laboral destes contratados é baixa (salvo para animadores comunitarios, que é media) e a ocupabilidade laboral é moi alta para animadores comunitarios, alta para compositores, músicos, cantantes e para músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares, e media para actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados, así como para fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son.



En definitiva, estes datos están a apuntar cara a unha **demanda decrecente por parte do tecido produtivo para estas ocupacións** (evidenciada pola caída no número de contratados para todos os casos, agás o de animadores comunitarios), que con moitas probabilidades é **consecuencia da parada que está a ter lugar nalgúns dos sectores incluídos dentro das industrias culturais**, entre outras razóns, ademais da adversa situación económica.

OS DEREITOS DE AUTOR NAS INDUSTRIAS CULTURAIAS GALEGAS

A Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) xestionou en Galicia no exercicio de 2007 dereitos de autor por valor de 19 millóns de euros, o que supón un crecemento do 1,96 % respecto ao ano 2006. Do volume económico xestionado, destaca o millón de euros que xeraron os dereitos de concertos de música moderna en vivo, que representaron un incremento do 31,3 % respecto ao ano anterior, mentres que a música clásica supuxo uns ingresos sociais de 63.900 euros (un 3,6 % menos) e as representacións de artes escénicas significaron 358.000 euros (un 11,1 % máis que en 2006).


Evolución da recadación da SGAE en Galicia segundo o tipo de xestión do dereito			
	2007	2008	2009
Recadación por xestión directa	8.522.555 €	8.647.293 €	12.641.422 €
Recadación por xestión indirecta	10.481.002 €	7.985.188 €	7.420.774 €
TOTAL Recadación	19.003.557 €	16.632.481 €	20.062.196 €

Fonte: elaboración propia a partir de datos da SGAE

Nota: a partida de xestión indirecta é a parte proporcional das cifras que cobran en Madrid, pero que corresponden a toda España, como son os pagos de TVE, televisións e radios privadas de ámbito estatal, gravación de discos con licenza centralizada etc.

Xa no ano 2008 a SGAE rexistrou en Galicia un saldo negativo debido á repercusión da crise económica no sector cultural. Segundo os resultados da sociedade en Galicia, o ano 2008 pechou cun descenso dos ingresos sociais do -12,48 % respecto ao exercicio de 2007, o que constitúe a primeira vez nas dúas últimas décadas en que a entidade termina unha temporada cun saldo negativo, fenómeno directamente proporcional ao receso económico xeral que veñen sufrindo as sociedades galega e española e que incide, de xeito notable, no sector cultural.

Os espectáculos de teatro e danza, concertos e outros actos artísticos caeron un 6,9 % en 2008⁴, mentres que os ingresos por dereitos de autor procedentes de salas de cine se incrementaron nun 19,9 %, aínda que isto último é atribuíble á regularización de atrasos.



Posteriormente, a SGAE recadou no ano 2009 en Galicia 20,06 millóns de euros en concepto de dereitos de autor, un 20,62 % máis respecto ao ano anterior. Pero a sociedade considera que os resultados son negativos, xa que neste balance se contabiliza o pago de atrasos da Televisión de Galicia, que se puxo ao día dos dereitos de autor correspondentes ao período entre o último trimestre de 2007 e o terceiro de 2009. A TVG aboou por este período 5,87 millóns de euros, o que supón que a sección galega desta sociedade de xestión de dereitos incrementou as súas cifras de recadación un 20,62 %.

⁴ Entre os espectáculos que máis ingresos por dereitos de autor xeraron en 2008, a SGAE subliña o musical *Peter Pan* de Theatre Properties en Vigo e Santiago de Compostela, *La montaña rusa* da compañía Arturo Fernández na Coruña, así como *Estrelas* de Teatro Paraíso e *Coppélia* de Víctor Ullate Ballet, ambos os dous en Vigo. Entre os concertos con maior recadación en dereitos de autor destacaron, por esa orde, os de Lenny Kravitz en Vigo, o do XXIV Festival do Mundo Celta en Ortigueira, o de Bob Dylan en Vigo e os de Juan Luis Guerra e de Alejandro Fernández na Coruña.

Ingresos sociais da SGAE en Galicia				
		Ingresos	% sobre Nal.+Admin.	% sobre total SGAE
2005	Galicia	15.998.287,98	5,43%	5,02%
	España	294.639.889,36		92,43%
2006	Galicia	18.638.359,89	5,86%	5,44%
	España	318.075.013,56		92,82%
2007	Galicia	19.003.556,92	5,39%	5,04%
	España	352.542.255,91		93,45%
2008	Galicia	16.632.481,54 €	5,39%	4,98%
	España	308.639.564,10 €		92,42%
2009	Galicia	20.062.196,38 €	6,81%	6,33%
	España	294.402.242,13 €		92,90%

Fonte: SGAE

Fóra dos pagos da TVG, a xestión dos dereitos mantívose grazas a dous acontecementos: o multitudinario concerto de Bruce Springsteen en Santiago de Compostela e o espectáculo Los premios Mastropiero de Les Luthiers na Coruña e Vigo, que evitaron unha baixada maior na recadación da SGAE. As artes escénicas (teatro e danza, entre outros) subiron un 39,55 % e xeraron 416.000 euros⁵. Os concertos de música ao vivo produciron 990.000 euros, un 1,83 % máis que no ano 2008⁶. A música clásica, pola súa parte, reduciu nun 13,9 % a súa recadación de dereitos, que quedaron en 72.000 euros⁷.

As razóns principais da caída de ingresos de dereitos por concertos son fundamentalmente económicas. A recesión recortou as arcas públicas e son precisamente os concellos os que seguen a soste unha parte importante da promoción dos espectáculos musicais. Neste sentido, a campaña estival do ano 2009 sufriu severos recortes en canto a programación, número de datas e tamén no que respecta aos cachés recibidos polos artistas nas galas. O adverso contexto económico tamén afecta, é obvio, ás empresas (de alcohol, tabaco ou outras) patrocinadoras de concertos, que reduciron as súas contribucións por eses conceptos. Por tanto, é posible afirmar que entre os síntomas positivos que se poden encontrar nos datos de 2009 está o da recuperación da iniciativa privada como promotora de concertos.

Creadores domiciliados en Galicia de alta na Sociedad General de Autores y Editores. 2009	
Sectores	Número de creadores
Compositores	2.357
Dramáticos	167
Audiovisuais	207
Editores musicais, cesionarios, legatarios	42
Herdeiros	156
TOTAL	2.929

Fonte: SGAE

Nota: datos a 31/12/2009

⁵ Detrás de Les Luthiers, a maior recadación de dereitos correspondeu ao musical *Hoy no me puedo levantar*, seguido do espectáculo de humor do presentador Andrés Buenafuente, *Terrat Pack*. No apartado de música ao vivo, tras Springsteen están os dous concertos en Vigo e A Coruña de Fito y Fitipaldís con *La Cabra Mecánica*, os de Raphael e o recital de Leonard Cohen en Vigo.

⁶ É preciso comentar que dúas das citas de música ao vivo con mellores cifras recadatorias, a de Springsteen en Compostela e as de Fito y Fitipaldís na Coruña e Vigo en novembro de 2009, eran citas promovidas por empresas privadas que deron uns bos resultados e apuntan cara ao camiño da recuperación da iniciativa privada, que podería ser unha vía interesante para o incremento de espectáculos musicais.

⁷ A Orquestra Sinfónica de Galicia participou nos concertos que xeraron máis dereitos de autor.

Galicia, cos seus máis de 20 millóns de recadación de dereitos de autor, proporciona un 6,8 % dos ingresos globais da SGAE, que ascenden a uns 316 millóns. A sociedade cobra aos seus afiliados pola xestión dos seus dereitos un 14,52 %, un 1 % menos que hai dous anos, o que representa unha das porcentaxes máis baixas das entidades de xestión do mundo.

En total son 2.929 autores os asociados á SGAE en Galicia, que supoñen un 3,02 % do total dos membros da entidade en España, onde están rexistrados 96.955 socios. Destes case 3.000 socios, a distribución por sectores é a que aparece no gráfico adxunto.

Por outra banda, faise necesario comentar tamén o importe dos dereitos xerados polos intérpretes e artistas, xestionados a través de AISGE, e que supoñen tamén unha fonte de ingresos para as industrias culturais. Tal e como vén recollido no gráfico que se achega, o número de membros desta sociedade experimentou un incremento do 31,5 % nestes últimos catro anos, ao pasar de 267 en 2006 a 351 en 2009, o que supón un peso relativo dos artistas e intérpretes da nosa comunidade do 4 % no total de membros de todo o Estado. Partindo desta participación no total de membros, e considerando os ingresos xerados en España, estímase que **os dereitos para o colectivo galego de artistas e intérpretes poderían ascender a uns 0,9 millóns de euros en 2009**, aínda que esta cifra experimentou un importante descenso nestes catro anos considerados.

Finalmente, cómpre facer un apuntamento sobre os dereitos reprográficos xestionados por CEDRO para autores e editores de libros⁸. A mediados de 2010 Galicia contaba con 851 asociados, dos que 794 eran autores e 57 editores. Estes supoñían o 4,47 % dos socios españois, tal e como aparece recollido na seguinte táboa.

Autores e editores socios de CEDRO en Galicia. 2010			
	Galicia	España	G/E
Autores	794	17374	4,57%
Editores	57	1661	3,43%
Total	851	19035	4,47%

Fonte: CEDRO

A cantidade recadada pola entidade en 2009 foi de 24.467.940 euros, un 42 % menos que no ano anterior⁹. Por tanto, da aplicación da porcentaxe de participación dos socios galegos no total estatal resultaría que **en 2009 a recadación correspondente aos titulares de dereitos reprográficos galegos ascendería a 1,094 millóns de euros**.

Durante o ano 2010, a entidade distribuirá a recadación de 2009 entre os seus correspondentes titulares de dereitos, segundo os regulamentos de distribución vixentes. Considerando que non todo o recadado é repartido entre os titulares de dereitos, dado que hai que minguar esta cantidade co desconto aplicado para a función social da entidade, os servizos aos socios e os gastos de xestión, e nos últimos anos esta porcentaxe oscilou entre o 60 % de 2009 e o 75 % de 2006, da aplicación dunha media destas porcentaxes ao recadado en 2009 obteríase unha **repartición das cantidades recadadas para os titulares de dereitos reprográficos galegos no ano 2010 de aproximadamente 650.000 euros**.

⁸ A recadación da entidade durante 2009 procedeu de catro fontes distintas: por un lado, da compensación pola copia privada das obras dos titulares de dereitos, por medio dun importe que grava tanto os soportes como os dispositivos susceptibles de poder realizar reproducións de libros ou publicacións asimiladas, e, por outra banda, das cantidades que se aboan polas licenzas que autorizan o uso das obras que integran o repertorio da entidade. A terceira fonte de recadación provén das entidades estranxeiras coas que a entidade subscribiu acordos de representación recíproca nos que se prevé o intercambio de regalías pola reprodución de obras de titulares españois. Por último, outra fonte é a remuneración polo préstamo de obras nas bibliotecas públicas españolas, que CEDRO comezou a recadar en 2008.

⁹ Isto débese fundamentalmente ao descenso da recadación por copia privada, causado polas novas tarifas aprobadas en xullo de 2008.

O COMERCIO EXTERIOR DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Dentro do conxunto das industrias culturais, o ICEX considera os seguintes grupos de produtos:


- Produtos editoriais: libros, publicacións periódicas e outros produtos editoriais.
- Produtos de artes gráficas: selos, billetes e papel timbrado e impresos, catálogos e outros produtos de artes gráficas
- Música: instrumentos musicais, produtos discográficos e edición musical
- Obras de arte, de colección e antigüidades: obras de arte, obras de colección e antigüidades.
- Audiovisual: produtos audiovisuais gravados e soportes para material audiovisual.

Este grupo de produtos representa só o 0,04 % das exportacións galegas no ano 2009, un peso relativo que está a seguir ademais unha tendencia decrecente. Trátase dunha participación reducida que confirma outros elementos de diagnóstico xa comentados, como a escasa apertura das empresas ou a reducida dimensión destas, que resta capacidade para operar noutros mercados.

Comercio exterior das industrias culturais galegas (miles de euros). 2009				
	Export	Import	Saldo	Taxa
304 – Industrias culturais	5.367,09	7.512,61	-2.145,52	71,44%
30402 – Produtos editoriais	2.803,93	3.014,47	-210,54	93,02%
30403 – Produtos de artes gráficas	1.192,05	1.316,04	-123,99	90,58%
30404 -- Música	89,71	826,99	-737,28	10,85%
30405 – Obras de arte, de colección e antigüidades	95,15	1.445,10	-1.349,95	6,58%
30406 -- Audiovisual	1.186,25	910,01	276,24	130,36%

Fonte: ESTACOM. ICEX

Á vista dos datos recollidos da base de datos ESTACOM do ICEX, o **saldo comercial galego das industrias culturais no ano 2009 é actualmente deficitario**, con taxas de cobertura dispares segundo o sector do que se estea a falar, que van desde o 130 % do audiovisual ao 6,58 % das obras de arte, de colección e antigüidades. O certo é que o valor desta **taxa de cobertura está a sufrir unha deterioración nos últimos anos**, e pasa do 152,68 % en 2005 ao 71,44 % en 2009, o que supón unha redución de arredor do 50 %.



Ademais, o peso das exportacións das industrias culturais galegas sobre o total de vendas ao exterior das industrias culturais españolas é dun 0,50 % en 2009, moi por debaixo do porcentaxe que supoñen as exportacións galegas sobre o total do Estado.

Por outra banda, **desde o ano 2006 a evolución das exportacións das industrias culturais galegas está a ser claramente decrecente**, cunha caída do -71,39 %. De feito, as exportacións galegas da industria cultural, que no ano 2009 ascenderon a 5.367.090 euros, cinco anos foran de 13.635.790 euros. Este decrecemento das vendas ao exterior trae como consecuencia unha caída do peso relativo das exportacións culturais galegas sobre as do total do Estado español.

Pero non todas as ramas están a evolucionar do mesmo xeito, e as obras de arte, de colección e antigüidades incrementaron as súas vendas ao estranxeiro nun 96,7 %.



O sector máis importante dentro das vendas ao exterior das industrias culturais galegas en 2009 é o de produtos editoriais, que supón máis da metade das exportacións neste ámbito, seguido dos produtos de artes gráficas e o audiovisual, cun 22 % cada un deles. Esta distribución das actividades non sempre foi así, e de feito en 2005 o audiovisual supoñía o 60 % das vendas fóra das fronteiras españolas, e os produtos editoriais representaban o 28 %.

Con respecto ao principal destino das vendas, **Portugal supón en 2009 o 41 % das vendas da industria cultural fóra de España**, moi por diante de Israel, que ocupou nese ano a segunda posición, e de Francia, Brasil ou Australia, que completaron os cinco primeiros postos. **O noso veciño luso vén sendo habitualmente un dos principais mercados galegos para as industrias culturais**, probablemente pola nosa afinidade cultural e a proximidade do idioma.

As empresas galegas están a deixar de ver a internacionalización como unha opción voluntaria para amantes do risco e a entendela como unha oportunidade para o fortalecemento e a consolidación dos seus negocios.

CONCLUSIÓNS SOBRE AS INDUSTRIAS CULTURAIS EN GALICIA

- Sen perder a súa función principal, a cultura ten un papel económico, é dicir, é unha industria.
- Hai que recoñecer a importancia fundamental que o sector das industrias culturais ten en xeral para a xeración de riqueza e emprego en Galicia.
- As empresas que conforman as industrias culturais en Galicia son enormemente heteroxéneas.
- Segundo os datos do INE, o número de empresas en Galicia que desenvolve en 2010 as súas actividades dentro das industrias culturais ascendía a 6.931, un 2,33 % máis que en 2008.
- O peso relativo das empresas das IC no tecido empresarial galego ascende ao 3,49 %.
- O 96,66 % das empresas das IC está en réxime de autoemprego ou con menos de dez traballadores.
- De acordo cos datos extraídos do Rexistro Mercantil, en 2008 operaban en Galicia polo menos 2.100 empresas nos sectores considerados dentro das industrias culturais. Delas, o 51 % dedicábase a actividades relacionadas co produto gráfico; outro 23 % ao audiovisual, o 19 % á música e o 7 % ás artes escénicas.
- A facturación galega das industrias culturais no ano 2008 ascendeu a 1.000 millóns de euros, cunha taxa de crecemento no intervalo 2006-2008 do 17,36 %.
- Nos sectores de produto gráfico e de audiovisual conséntase para este período unha caída dos ingresos de -1,32 % e -1,35 %, respectivamente.
- O peso relativo máis elevado corresponde ao produto gráfico, co 67 % do total facturado.
- Sen considerar os datos da TVG, os resultados globais para as industrias culturais galegas en 2008 alcanzan a suma de 31 millóns de euros.
- O emprego xerado polas industrias culturais galegas no ano 2009 equivale a case 11.000 postos de traballo equivalentes a tempo total.
- O 63 % dos traballadores correspóndese coas actividades recollidas no produto gráfico, o 28 % co audiovisual, o 7 % coa industria musical e o 2 % coas artes escénicas.
- O maior peso dos afiliados á Seguridade Social por actividade correspóndese coas relacionadas co produto gráfico, co 62,96 % das afiliacións, seguido das audiovisuais, co 15,30 %.
- Os datos de contratados e demandas preferentes están a apuntar cara a unha demanda decrecente por parte do tecido produtivo para estas ocupacións, que con moitas probabilidades é consecuencia da parada que está a ter lugar nalgúns dos sectores incluídos dentro das industrias culturais.
- En total son 2.929 autores os asociados á SGAE en Galicia, un 3,02 % do total dos membros da entidade en España.
- Galicia, cos máis de 20 millóns de recadación de dereitos de autor, contribúe cun 6,8 % dos ingresos globais da SGAE en 2009.
- Os dereitos para o colectivo galego de artistas e intérpretes recadados pola AISGE poderían ascender a uns 0,9 millóns de euros en 2009.
- A distribución das cantidades recadadas por CEDRO para os titulares de dereitos reprográficos galegos no ano 2010 foi de 650.000 euros, aproximadamente.
- Atendendo aos datos do ICEX, o saldo comercial galego das industrias culturais no ano 2009 é actualmente deficitario. A taxa de cobertura está a sufrir unha deterioración nos últimos anos, e pasa do 152,68 % en 2005 ao 71,44 % en 2009.
- Desde o ano 2006 a evolución das exportacións das industrias culturais galegas está a ser claramente decrecente, cunha caída de -71,39 %.
- En 2009 o sector máis importante dentro das vendas ao exterior das industrias culturais galegas é o de produtos editoriais, co 52,24 %.
- En 2009 Portugal supón o 41 % das vendas da industria cultural fóra de España.

A INDUSTRIA MUSICAL

O TECIDO EMPRESARIAL DO SECTOR MUSICAL GALEGO

Para abordar a análise do tecido de empresas das industrias musicais galegas pode ser útil empregar dúas fontes de información diferentes: por unha parte, os datos do Directorio Central de Empresas do INE e, por outra, a base de datos confeccionada para este sector dentro deste proxecto.

Como xa se comentou ao inicio deste traballo, segundo o DIRCE no ano 2010 había rexistradas 198.874 empresas en Galicia¹⁰. De todas elas, as consideradas dentro das industrias culturais son as que operan baixo os códigos 18.2 Reprodución de soportes gravados, 32.20 Fabricación de instrumentos musicais e 592 Actividades de gravación e edición musical. Pero isto deixa fóra da análise a outras empresas que desenvolven actividades auxiliares, as de interpretación e a comercialización, por estar todas elas enmarcadas baixo códigos de tres díxitos que dan cabida a outro tipo de actividades alleas a este sector, aínda sabendo que a súa eliminación supón a non consideración dun bo número de axentes.

Distribución das empresas da industria musical galega segundo o número de traballadores. 2010													
	Total de empresas	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 199	De 200 a 499	De 500 a 999	De 1.000 a 4.999	De 5.000 ou máis
Reprod. de soportes gravados	46	30	14	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0
Fabricación de instrum. musicais	19	12	5	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Activ. de gravac. de son e edición musical	2	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total de música	67	42	20	2	2	1	0	0	0	0	0	0	0
Total de industrias culturais	6.941	4.051	1.883	549	226	151	43	21	13	4	0	0	0
Total de empresas galegas	198.874	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

Partindo destas premisas, a primeiros de 2010 o DIRCE ten rexistradas 46 empresas dedicadas á Reprodución de soportes gravados¹¹, o que supón sete menos que dous anos antes. Ademais, nesta mesma data hai 19 que responden á epígrafe de Fabricación de instrumentos musicais¹² (cun descenso de tres sobre as existentes dous anos antes). Finalmente, existen dúas que atenden ao código de Actividades de gravación de son e edición musical¹³, fronte ás catro que existían dous anos atrás.

A maior parte destas empresas pertencentes á industria musical están conformadas en réxime de autoemprego, compostas por un ou máis socios que son, á súa vez, traballadores destas. Entre elas están as empresas formadas por unha ou dúas persoas, que representan a gran maioría das empresas do sector e inclúen este novo tipo de individuos emprendedores ou de traballadores culturais emprendedores que xa non encaixan nos anteriores modelos típicos de profesionais a tempo completo. De feito, o 92,54 % das empresas destes tres códigos de actividade ten menos de tres empregados, o que confirma un **tecido empresarial de microempresas e autónomos**. Só unha pequena parte posúe

¹⁰ Isto supón o -1,19 % sobre o ano 2009.

¹¹ CNAE 2009 18.20.

¹² CNAE 2009 32.20.

¹³ CNAE 2009 59.20.

traballadores por conta allea. **A industria está por tanto bastante atomizada**, sobre a base de pequenas empresas que xeran moito emprego.


Pero o **peso destas ramas de actividade no total de empresas de Galicia é menor en Galicia que en España** nos casos de Reprodución de soportes gravados e Actividades de gravación de son e edición musical, e maior en Fabricación de instrumentos musicais, como cabería esperar pola importancia que os obradoiros de gaitas e instrumentos tradicionais galegos teñen e a importancia da música folk.

Como apunta Eloi Caldeiro no capítulo destinado á música do informe *O capital da cultura*, a finais da década de 1970 o único ámbito que existía era basicamente o das empresas produtoras-editoras. Pero estas, ao promover os seus artistas, propiciaron a aparición doutras empresas ou actividades que viñeron complementar e pechar o circuíto básico da industria musical. Trátase da gravación dos discos (estudios de gravación), distribución de soportes gravados, loxística de espectáculos (son, luces, escenarios) e representantes, que procuran lugares para que os artistas ofrezan os seus concertos, ademais da organización de actos. Cómpre incluír nos axentes do sector os artesáns que constrúen os instrumentos con que executan a música os artistas. Considéranse tamén como integrantes da industria cultural as empresas que comercializan instrumentos e soportes gravados de música (CD e vinilos, fundamentalmente).

Na táboa seguinte recóllese a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo segundo a súa actividade principal. Ese censo de empresas foi desenvolvido a partir dunha busca por códigos CNAE no Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade e para as actividades principais, aínda que foi posteriormente completada con entradas alleas a estas epígrafes que enriqueceron esta listaxe inicial.

Distribución das empresas da industria musical galega por actividade principal	
	Total xeral
Auxiliar	35
Comercial.	81
Discográfica	41
Distribución	4
Docencia	15
Estudio de gravación	17
Actos	40
Fab.de instrumentos	51
Interpretación	26
Management	61
Sen clasificar	37
Total xeral	408

Fonte: elaboración propia



Como se aprecia no gráfico, **o 20 % das empresas localizadas** e que integran a base de datos manexada para a extracción destes resultados **ten como actividade principal a venda de soportes gravados de música (CD, DVD ou discos) ou de instrumentos**. Os seguintes grupos máis numerosos corresponden á representación de artistas cun 15 % (no que as orquestras desempeñan un papel importante apoiado na relevancia que teñen as verbenas en Galicia) e á fabricación de instrumentos (fundamentalmente gaitas e outros instrumentos tradicionais autóctonos), cun 12,5 %. A edición e produción discográfica e a organización de actos musicais e espectáculos (co 10 % das empresas cada unha delas) ocupan os seguintes postos na clasificación das empresas galegas da industria musical por actividades.


Pero loxicamente unha empresa pode desenvolver máis dunha actividade ou prestar máis dun servizo. Se a categorización por actividades non se fai de xeito excluínte e se considera que unha mesma empresa pode ofrecer máis dun servizo ou desenvolver máis dunha actividade das propostas, a oferta de actividades das empresas da mostra sería a que aparece recollida na táboa seguinte.

Nela advírtese como **os servizos de organización de espectáculos e actos musicais son os desenvolvidas por máis** empresas (un 19,5 % destas), seguidos moi de cerca polos de representación de artistas ou management (co 18,7 % das empresas que operan nesta categoría). Comercialización de instrumentos musicais (15,2 %) e Fabricación destes (12,5 %) son as seguintes. Convén aclarar que no tocante ás empresas dedicadas á venda de soportes gravados, só están recollidas as máis especializadas, aínda que son máis os establecementos que comercializan este tipo de produtos (grandes superficies, videoclubs etc.).

Empresas da industria musical galega que din desenvolver cada unha das actividades propostas											
	Fabricación de instrumentos	Espectáculos	Edición	Estudio de gravación	Discográfica	Management	Distribución	Intérprete	Comercialización de instrumentos	Venda de soportes gravados	Docencia
Empresas	51	80	10	20	33	76	7	30	62	20	24
Total de empresas	12,5%	19,6%	2,4%	4,9%	8,1%	18,7%	1,7%	7,3%	15,2%	5,1%	5,9%

Fonte: elaboración propia

Continuando cos datos extraídos da explotación estatística da base de datos do estudo, é posible analizar a distribución provincial das empresas da industria musical galega. **A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 42 % das empresas musicais** (e a maior parte das institucións), e



Pontevedra acolle o 37 %. Na desagregación por actividades desta distribución provincial desvélese un peso superior á media da provincia da Coruña para as actividades auxiliares (60 % das empresas que desenvolven esta actividade principalmente dentro da súa carteira de produtos/servizos), de produción e edición discográfica (68 %), de estudos de gravación (53 %) e de distribución (50 %). Pola contra, Pontevedra concentra unha boa parte das empresas dedicadas á docencia da música (73 %), da organización de actos e espectáculos (47,5 %) e da representación de artistas (47 %). En Lugo é a distribución a que adquire un maior peso relativo (25 %), xunto coa fabricación de instrumentos (22 %) e a interpretación musical (19 %). Na provincia de Ourense é a representación de artistas a que ten un peso relativo maior (15 %).

DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS DO SECTOR GALEGO DA MÚSICA

Cos datos das contas das empresas depositadas nos Rexistros Mercantís, e partindo dunha busca inicial por código de actividade de acordo coas epígrafes do CNAE 2009 18.20 (Reproducción de soportes gravados); 32.20 (Fabricación de instrumentos musicais); 47.63 (Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados) e 59.20 (Actividades de gravación de son e edición musical), creouse unha base de datos que recolle as principais variables económicas das empresas do sector desde 2005 a 2008.

Nesta estimación considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007 pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese conservadora e de mínimos que permite establecer estimacións para o exercicio 2008 co fin de non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos.

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria musical galega.

Grandes magnitudes das empresas musicais galegas. 2005 e 2008						
Subsector	Facturación			Resultado		
	2005	2008	% crec	2005	2008	% crec
Total	56.614.302	96.344.533	70,18%	1.961.674	1.874.965	-4,42%
Auxiliar	14.555.224	22.542.941	54,88%	967.972	690.000	-28,72%
Comercialización	12.505.473	12.697.778	1,54%	47.154	107.000	126,92%
Discográfica	1.435.827	3.082.307	114,67%	463	69.116	14838,79%
Distribución	9.100.000	22.075.000	142,58%	91.000	9.000	-90,11%
Ensino	1.442.641	1.617.159	12,10%	46.756	63.000	34,74%
Estudio de gravación	425.803	1.492.181	250,44%	14.249	222.116	1458,87%
Actos	7.449.755	16.574.419	122,48%	-112.947	90.548	-
Fabricación de instrumentos	217.000	278.000	28,11%	-3.000	6.000	-
Interpretación musical	447.826	832.403	85,88%	-50.481	-63.000	24,80%
Represent. de artistas	9.028.752	14.624.952	61,98%	961.508	651.185	-32,27%
Subsector	Empregados			N.º de empresas		
	2005	2008	% crec	2005	2008	% crec
Total	416	801	92,60%		408	
Auxiliar	93	166	79,19%		35	
Comercial.	73	85	16,44%		81	
Discográf.	25	24	-3,16%		41	
Distribución	25	53	112,00%		4	
Ensino	42	51	21,43%		15	
Estudio de gravación	10	19	83,57%		17	
Actos	69	185	168,12%		40	
Fab. de instrum.	6	9	50,00%		51	
Interpret.musical	3	21	600,00%		26	
Represent. de artistas	70	179	155,71%		61	

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil
Nota: datos de 2008 provisionais

O volume de negocio da industria musical en Galicia

A industria musical galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 96 millóns de euros, o que representa unha variación do 2,67 % sobre o ano anterior. Aínda que para os datos anteriores a 2005 a mostra de empresas das que se dispón de información non é tan significativa, xa se deixa ver un **importante crecemento da facturación destas** nos últimos anos, que chega ao 48,51 % en 2003-2004 e que se veu reducindo nestes últimos anos con taxas de crecemento menores. Entre os anos 2005 e 2008 a taxa de crecemento foi do 70,18 %, moi superior ao resto das industrias culturais galegas e incluso que a maior parte dos sectores produtivos galegos.

Evolución da facturación das empresas da industria musical galega. 2005-2008


	2005	2006	2007	2008
Facturación	56.614.301,99	75.053.395,88	93.835.766,80	96.344.533,10

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

Esta facturación está bastante concentrada nun grupo de axentes, de xeito que **as dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 48,2 % do negocio xerado polas industrias musicais galegas**. Se o intervalo se incrementa ata as vinte primeiras, a porcentaxe elévase ao 61,1 %. Estes valores non difiren demasiado dos correspondentes a 2005, o que indica unha **certa estabilidade nos últimos anos en canto ao peso das principais empresas na facturación xerada polo total do sector**. En calquera caso, a listaxe das dez primeiras empresas non mostra demasiadas diferenzas entre os dous exercicios económicos.

Desde o punto de vista xeográfico, **Pontevedra xera o 55,30 % da facturación das industrias musicais no ano 2008**, o que revela unha alta concentración do negocio nesta provincia, onde Vigo contribúe co 10,6 % da actividade, pero onde Caldas de Reis e Barro supoñen outro 10 % adicional, e o concello de Vilaboa contribúe tamén de xeito especial pola presenza dunha importante distribuidora. **A provincia da Coruña é responsable doutro 35 % da facturación**, e a capital proporciona o 8,5 % do volume de negocio global, xunto con outros concellos como Santiago de Compostela (8,15 %), Bergondo (4,8 %) e Ames (4,6 %). As provincias de Ourense (5,2 %) e Lugo (4,45 %) adquiren unha importancia moito menor.



E se a análise do negocio musical en Galicia se leva a cabo desde a óptica da actividade principal de cada empresa, resulta que a de **maior peso relativo no tocante á facturación é a das auxiliares** (iluminación, montaxe de escenarios, aluguer de equipos etc.) cun 23,4 %, seguidas de cerca pola distribución, cun 23 %. Cunha importancia relativa tamén elevada estarían ademais a organización de actos (17,2 %), a representación de artistas ou management (15,2 %) e a comercialización, tanto de soportes gravados como de instrumentos (13,2 %). Á vista da evolución destas ponderacións nos últimos anos, cómpre subliñar a **progresiva perda de peso relativo das actividades de comercialización** (que en 2005 supoñían un 22 %), fundamentalmente de

soportes gravados, polo descenso das vendas destes soportes. **A organización de actos (festivais, macroconcertos etc.) vai gañando peso nestes anos** (17,2 % en 2008 fronte ao 13,2 % en 2005), ao igual que a distribución (23 % e 16 %, respectivamente).

O resultado de explotación

O resultado global antes de impostos das empresas que operan na industria musical galega ascende no exercicio 2008 a 1,9 millóns de euros, o que representa unha redución do -56,94 % con respecto ao ano anterior e supón un punto de inflexión na tendencia ascendente dos resultados nos últimos anos, situándoo case ao nivel de 2005.

Evolución do resultado das empresas da industria musical galega. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
Resultado antes de impostos	1.961.673,54	3.406.492,34	4.354.415,09	1.874.964,99


Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe.

Desta cifra agregada, as empresas dedicadas ás actividades auxiliares (aluguer de equipos, iluminación, montaxe de carpas e escenarios, control de asistencias a concertos etc.) son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos en termos relativos, con 0,7 millóns de euros e un peso do 34,5 % sobre o total. O seguinte grupo de empresas sería o que presta servizos de representación de artistas ou management, que alcanzou un peso relativo do 35 % do total, o que supón un resultado antes de impostos de 0,65 millóns de euros. A continuación, pero xa cun peso relativo menor, están os estudos de gravación (0,22 millóns de euros que supoñen o 11,1 % do total), a comercialización de instrumentos e soportes gravados de música (0,1 millóns e 5,3 % do total) e organización de actos e espectáculos (0,09 millóns e 4,5 % do total). As empresas que operan no eido da interpretación musical (fundamentalmente orquestras) son as únicas que mostran un resultado agregado de signo negativo.

Se a variable se analiza en termo medio, advírtese que **o resultado por empresa para o total do sector ascende en 2008 a 13.400 euros**, o máis baixo dos últimos catro anos. Por actividades resulta que **o importe de resultado medio máis elevado corresponde ás empresas auxiliares**, con case 33.000 euros. A continuación cobran maior importancia as actividades relativas aos estudos de gravación, con case 32.000 euros de media por empresa, e xa en terceiro lugar a representación de artistas, cunha media de 21.000 euros. Ademais, o resultado por empresa estaba a seguir unha tendencia claramente crecente que quebrou en 2008, ano en que alcanza un valor inferior ao obtido en 2005.

Cómpre ler o valor destes datos considerando a **complicada situación económica** pola que están a pasar as empresas na actualidade, o crecemento da piratería en detrimento das vendas de discos, a dixitalización e a caída do consumo das familias, que diminúe os ingresos das empresas e, ante uns certos gastos fixos, contrae o beneficio destas.



Para rematar, da comparación dos valores e o repartimento do resultado contable entre as distintas actividades en 2005 e 2008, último ano dispoñible, extráense algunhas conclusións de interese. As **actividades relacionadas coa distribución musical, como consecuencia da progresiva dixitalización da produción e incluso da distribución, están a mudar de xeito importante cunha**

deterioración nos resultados contables. Tamén **resulta relevante a contracción dos resultados globais das empresas de comercialización**. As actividades que teñen que ver coa representación de artistas ou management, que, como xa se comentou, están a incrementar de xeito global os seus ingresos por facturación, pola contra están a reducir os seus resultados contables neste período 2005-08. Por outra banda, a interpretación logrou resultados negativos antes de impostos nos catro exercicios obxecto de estudo.

O emprego da industria musical

A industria musical galega xerou en 2008 un volume equivalente a tempo completo de 800 empregos, o que representa un crecemento sobre o ano anterior do 27,78 % e confirma a importancia que está a adquirir este sector en Galicia.

Evolución do emprego das empresas da industria musical galega. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
Emprego	415,99	555,55	627,00	801,21

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade


Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

A xulgar polos datos recollidos na táboa adxunta, **a tendencia do emprego na industria musical galega é claramente crecente desde o inicio da década**, e pasa de 107 traballadores no ano 2000 a 801 en 2008 (aínda que nos anos anteriores a 2005 a mostra de empresas das que se teñen datos é bastante inferior á empregada en anos posteriores). Tal e como ocorre noutras actividades das IC, como no audiovisual, trátase dun sector no que **o índice de temporalidade no emprego é elevado, porque está moi vinculado ás producións ou á celebración de actos (máis frecuentes nos meses de verán)**, que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, **o movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado**, sobre todo no tocante á actividade das orquestras, a celebración de macroconcertos e festivais e a organización das festas nos concellos galegos, como se porá de relevo en apartados posteriores.

En 2008 **a actividade que alcanza un maior peso relativo no volume total de emprego é a de organización de actos e espectáculos, cun 23 % dos traballadores** (equivalentes a tempo completo). Seguen por orde decrecente a representación de artistas ou management, cun 22 %, e as actividades auxiliares (iluminación, son, aluguer de equipos etc.), cun 21 %. Estas **tres actividades representan o 75 % do volume de emprego da industria galega da música en 2008**, o que supón unha importante concentración do emprego en función da actividade principal da empresa.

A pesar de que no intervalo 2005-2008 as actividades de comercialización, tanto no que se refire a instrumentos como a aquelas relacionadas coa venda de soportes gravados, tiveron certa importancia na xeración de emprego na industria musical galega (10,6 % en 2008), o seu peso relativo está a descender desde hai anos (15,6 % en 2005), debido fundamentalmente á **crecente dixitalización da música, que supón un importante menoscabo nas vendas de soportes gravados tradicionais**. A ensinanza musical, na súa vertente empresarial (o que deixa fóra a todas as escolas municipais de música ou a moitos dos conservatorios superiores), é outra das que está a mudar a súa importancia relativa no número de traballadores do sector, e pasa de representar un 10 % en 2005 ao 6 % en 2008.


Pola contra, **a organización de actos revélase como unha actividade emerxente**, da man dos numerosos festivais de música que se están a organizar na nosa comunidade e que supoñen un importante movemento de traballadores que será abordado nun apartado posterior. De feito, o seu peso relativo vai do 16,6 % en 2005 ao 23 % en 2008. Un movemento similar detéctase no emprego xerado pola representación de artistas ou management, tanto na súa vertente de representante de orquestras para festas e verbenas como de cantantes, grupos ou solistas do panorama musical actual, xa sexa



autóctono ou foráneo. As porcentaxes de participación deste colectivo de traballadores van desde o 16,83 % en 2005 ao 22,34 % en 2008.

Por outra banda, o emprego non aparece demasiado concentrado en canto ás empresas, de maneira que as dez compañías con maior número de traballadores no sector supoñen só o 38,2 % do total do emprego do sector, e se a análise se eleva ás vinte empresas con máis empregados (en equivalente a tempo completo) a participación ascende ata o 54,79 % (en 2005 estas porcentaxes eran do 40,86 e 66,82 %, respectivamente, o que indica que **a xa de por si limitada concentración do emprego está a decrecer**).

Dada a escasa relevancia dos datos de emprego manexados a partir das contas depositadas no Rexistro Mercantil polas empresas que operan no sector, parece conveniente analizar a evolución das afiliacións á Seguridade Social na industria da música, que permiten analizar, entre outros aspectos, os movementos de emprego xerado ao redor destas actividades e a súa posible estacionalidade, a relación coa tendencia das afiliacións das industrias culturais e co total das afiliacións en Galicia ou incluso a distribución entre contratados por conta allea e autónomos. De cara ao desenvolvemento desta análise solicitáronse á Tesourería Xeral da Seguridade Social as medias mensuais de afiliados por conta allea e por conta propia (autónomos) para o ano 2009 nos códigos de actividade¹⁴ que se considera que teñen máis relación coa industria musical e nos que a maior parte dos afiliados poida corresponder ás actividades destas ramas. De acordo co criterio adoptado, os códigos analizados son o 18.2, que recolle as actividades de Gravación de soportes gravados, o 32.2 de Fabricación de instrumentos musicais e o 59.2 de Actividades de gravación de son e edición musical. A adopción deste criterio deixa fóra outros códigos de actividade nos que tamén operan empresas da industria musical, pero nos que se considera que o seu peso relativo é menor, como é o caso do código 90.0 de Actividades de creación, artísticas e de espectáculos (no que se inclúen as orquestras e a parte de composición e interpretación musical, pero no que tamén estarían os actores e artistas, os bailaríns, os magos etc.).



Atendendo aos datos facilitados pola Tesourería Xeral, **a cifra media anual de afiliados das actividades relacionadas directamente coa industria musical para o ano 2009 foi de 135 persoas**. Isto representa o 0,86 % das afiliacións das industrias culturais para o mesmo período, malia que é importante ter en conta que esta cifra deixa fóra a boa parte das actividades consideradas dentro da cadea de valor deste sector, como é o caso da composición e interpretación (fundamentalmente a das orquestras), a actividade docente das escolas, a industria auxiliar en todas as súas vertentes e a todas as empresas de comercialización de instrumentos e


soportes gravados, todas elas recollidas noutros códigos de actividade non considerados nesta análise.

Un traballo máis polo miúdo e mes a mes para cada un dos códigos de actividade considerados permite ver que para todos eles hai oscilacións mínimas intermensuais, o que revela unha alta estabilidade para estes códigos de afiliacións e unha estacionalidade do emprego practicamente irrelevante.

A tendencia mensual das actividades incluídas dentro da industria da música denota unha importante estabilidade no número de afiliados, tal e como se adiviña no gráfico anterior, e difire bastante da liña seguida polo total das afiliacións á Seguridade Social en Galicia. De feito, nos meses estivais as contratacións do total da economía galega incrementáanse, fundamentalmente da man da hostalería e o turismo, ademais da posible cobertura das vacacións doutros empregados. Pola contra, no

¹⁴ De acordo coa clasificación CNAE-2009.

verán as afiliacións das actividades directamente relacionadas coa música permanecen estables, e é no mes de marzo cando se observa un certo pico nas afiliacións. Trátase dun comportamento igual ao que demostran as industrias culturais en xeral, que descenden en canto ás afiliacións pola caída estival da actividade, aínda que neste caso á volta do verán non se deu unha recuperación no valor para esta variable. O mes no que houbo máis afiliados nestes códigos de actividade foi abril, con 151, e o mínimo estivo en xaneiro, con 129.





O peso dos afiliados do réxime de conta allea nas actividades consideradas dentro da industria musical (47,76 %) é superior á media das industrias culturais en xeral (27,71 %). Isto revela a priori unha maior fortaleza para a música que noutras actividades acollidas dentro das industrias culturais, máis proclives a constituír empresas unipersoais, sen empregados nin apenas capital, creadas ad hoc para o desenvolvemento de pequenas producións audiovisuais ou escénicas.

E, por último, restan uns comentarios sobre os datos recollidos no informe Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia do Consello da Cultura Galega sobre a evolución da

demanda de ocupacións como os compositores, músicos e cantantes por unha banda e, por outra, os músicos, cantantes, bailaríns de espectáculos en cabarés e similares. Trátase de datos facilitados polo Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e proporcionan información sobre o panorama laboral para estas ocupacións no período 2005-2009.

No caso da ocupación compositores, músicos e cantantes, o número de contratados é crecente entre 2004 e 2009, aínda que con certos altibaixos interanuais, mentres que as demandas preferentes desta ocupación manteñen unha tendencia máis ou menos estable no período, novamente con altibaixos. A diferenza resultante presenta un saldo neto positivo que indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes na ocupación de actores e directores, ou, dito doutro modo, **o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para compositores, músicos e cantantes existentes**. Indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes no devandito grupo ocupacional. Ademais, a estabilidade laboral destes contratados é baixa e a ocupabilidade laboral, alta.



Polo que se refire á ocupación de músicos, cantantes, bailaríns de espectáculos en cabarés e similares, os contratados seguen tamén unha tendencia claramente crecente entre 2004 e 2009, cun pico en 2007

no que chega a 1.000 contratados, para despois descender e iniciar deseguido a recuperación, fronte ao tamén claro incremento das demandas preferentes, o que dá como resultado un saldo neto positivo (superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes nesta ocupación). Novamente se daría unha mobilidade dos demandantes no mencionado grupo ocupacional. Ademais, a estabilidade laboral destes contratados é baixa e a ocupabilidade laboral é alta como no caso anterior.

En definitiva, estes datos parecen indicar unha **demanda crecente por parte do tecido produtivo para estas ocupacións** (como poñen de manifesto os incrementos tanto nos contratados como nas demandas preferentes).

Grandes magnitudes da industria musical galega. 2008

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	96.344.533,10	1.874.964,99	801,21	408	526.472,86	120.248,79	1.874.964,99	2.340,17	5
Auxiliar	22.542.941,00	690.000,00	166	35	867.036,19	135.800,85	967.972,11	4.156,63	7
Comercialización	12.697.777,51	107.000,00	85	81	437.854,40	149.385,62	47.153,92	1.258,82	3
Discográfica	3.082.306,97	69.115,82	24,21	41	162.226,68	127.315,45	462,66	2.854,85	2
Distribución	22.075.000,00	9.000,00	53	4	5.518.750,00	416.509,43	91.000,00	169,81	18
Ensinanza	1.617.158,91	63.000,00	51	15	179.684,32	31.709,00	46.755,72	1.235,29	6
Estudio de gravación	1.492.181,02	222.116,00	19	17	165.797,89	78.535,84	14.248,57	11.690,32	2
Actos	16.574.418,92	90.547,75	185	40	637.477,65	89.591,45	-112.946,77	489,45	8
Fabricación de instrumentos	278.000,00	6.000,00	9	51	278.000,00	30.888,89	-3.000,00	666,67	3
Interpretación musical	832.402,99	-63.000,00	21	26	69.366,92	39.638,24	-50.480,74	-3.000,00	3
Representantes de artistas	14.624.952,36	651.185,42	179,00	61,00	356.706,16	81.703,64	961.508,07	3.637,91	6
Sen clasificar	527.393,42	30.000,00	9	37	75.341,92	58.599,27	-1.000,00	3.333,33	3

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil


Nota: datos de 2008 provisionais

OS DATOS DE COMERCIO EXTERIOR DA MÚSICA EN GALICIA

Cun panorama musical uniformizado polos supervendas e cunha Galicia que compra poucos discos, a esperanza para o sector discográfico galego debería estar na exportación. Se para certa música o mercado español resulta pequeno, máis aínda o é o galego, pero da suma das vendas de varios países do mundo resulta unha maior facturación, que pode ser suficiente para sobrevivir, mais non para que exista un sector industrial na música galega.

Internet converteu algo local -como a cultura- en universal. **As empresas musicais galegas teñen que aproveitar a oportunidade para converterse en globais aproveitando a capacidade creativa das compañías.** A rede, precisamente, foi a que revolucionou o sector da música en todo o mundo, de xeito que onde antes podían exportar a un pequeno grupo de países, agora están a transformar o modelo cara ao dixital e teñen o catálogo dispoñible para todo o mundo en iTunes, Spotify ou en eMusic.

O mercado da música ou mercado fonográfico abarca, por unha parte, a música en soporte físico e, por outra, a música en soporte dixital. Ao primeiro grupo pertencen os CD, os discos de vinilo, os casetes tradicionais e os DVD musicais¹⁵.



O ICEX, nas súas estatísticas sobre comercio exterior, ofrece datos sobre as compras e vendas no exterior, clasificando o sector da música dentro das industrias culturais. Dentro deste apartado considera os instrumentos musicais, os produtos discográficos e a edición musical. Este **sector da música supón no ano 2009 o 1,67 % das exportacións culturais galegas.**

Pero como xa se viu no apartado do tecido empresarial da música, o segmento de empresas discográficas non acada unha grande importancia no total da industria musical galega, nin en número de empresas nin en volume de negocio. Pola contra, as empresas dedicadas á fabricación de instrumentos

son máis en número e, aínda que hai moitos pequenos artesáns, existen tamén obradoiros que teñen un volume de traballo que lles concede un certo peso no tecido empresarial da música en Galicia. Pero esta presenza empresarial non se ve logo confirmada coas cifras de comercio exterior, nas que as vendas de instrumentos supoñen só un 17 % do total das exportacións musicais galegas para o ano 2009 (un peso relativo bastante superior ao que viña alcanzando en anos anteriores, como consecuencia da caída das vendas de produtos discográficos). Por outra banda, a edición musical non ten movemento cara ao exterior e limitase a ter un volume reducido de importacións nos anos 2008 e 2009.

Comercio exterior dos produtos musicais en Galicia (miles de euros). 2007-09						
	Ano 2007		Ano 2008		Ano 2009	
	Export	Import	Export	Import	Export	Import
30404 -- Música	749,3	1.125,28	522,11	1.067,74	89,71	826,99
3040401 -- Instrumentos musicais	12,6	505,69	42,06	632,31	15	424,05
3040402 -- Produtos discográficos	736,69	602,21	480,06	418,29	74,71	391,73
3040403 -- Edición musical		17,38		17,14		11,21

Fonte: ESTACOM. ICEX

¹⁵ En formato dixital inclúese a música que se obtén a través de internet e as descargas de música nos teléfonos móbiles.

Continuando con esta análise dos datos de comercio exterior da industria musical galega, e a teor dos datos recollidos da base de datos ESTACOM do ICEX, **o saldo comercial destes produtos é claramente deficitario**, cunha taxa de cobertura do 66,59 % en 2007 que decrece ata o 10,85 % en 2009. Esta evolución negativa vén da man dunha forte caída na xa débil venda no exterior dos produtos discográficos galegos, que pasa de 736.690 euros en 2007 a tan só 74.710 en 2009. En canto á orixe xeográfica destes movementos cara ao exterior, unha moi grande porcentaxe das vendas provén da provincia da Coruña, que é tamén destino maioritario das compras ao estranxeiro, aínda que cun peso relativo menor.

Por outra banda, o principal destino das vendas de produtos discográficos no ano 2009 (último dispoñible na base de datos ESTACOM) é Italia, seguido de Francia, Portugal, Grecia e Bélxica. Estados Unidos, que ocupaba o quinto lugar en 2008, quedou relegado a un modesto undécimo posto no ano 2009. Se o que se considera é o total da industria musical galega, **os mercados máis importantes seguen a ser os da contorna europea**, aínda que sorprende a presenza de Corea do Sur ou Malaisia entre os dez principais destinos das exportacións galegas de produtos musicais.

Nesta estimación considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007 pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese conservadora e de mínimos que permite establecer estimacións para o exercicio 2008 e non ter que rexeitar os axentes dos que aínda non se teñen datos.

CONCLUSIÓNS DAS INDUSTRIAS MUSICAIS GALEGAS

- O 20 % das empresas da industria musical galega ten como actividade principal a venda de soportes gravados de música (CD, DVD ou discos) ou de instrumentos.
- Os servizos de organización de espectáculos e actos musicais son os desenvolvidos por maior número de empresas.
- A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 42 % das empresas musicais.
- A industria musical galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 96 millóns de euros.
- Entre 2005 e 2008 a taxa de crecemento da facturación do sector musical foi do 70,18 %.
- As dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 48,2 % do negocio xerado polas industrias musicais galegas.
- Pontevedra xera o 55,30 % da facturación das industrias musicais no ano 2008. A provincia da Coruña é responsable do 35 % da facturación.
- Existe unha progresiva perda de peso relativo das actividades de comercialización no total da facturación, mentres a organización de actos (festivais, macroconcertos etc.) vai gañando peso no volume de negocio destes anos.
- O resultado por empresa para o total do sector ascende en 2008 a 13.400 euros.
- As actividades relacionadas coa distribución musical, como consecuencia da progresiva dixitalización da produción e incluso da distribución, están a mudar de xeito importante cunha deterioración nos resultados contables.
- En 2008 a industria musical galega xerou 800 empregos.
- A tendencia do emprego na industria musical galega é claramente crecente desde o inicio da década.
- O movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado, sobre todo no tocante á actividade das orquestras, a celebración de macroconcertos e festivais e a organización das festas nos concellos galegos.
- A actividade que alcanza un maior peso relativo no volume total de emprego é a de organización de actos e espectáculos, cun 23 % dos traballadores.
- A crecente dixitalización da música supón un importante menoscabo nas vendas de soportes gravados tradicionais.
- A organización de actos revélase como unha actividade emerxente, da man dos numerosos festivais de música que se están a organizar na nosa comunidade.
- A cifra media anual de afiliados das actividades relacionadas directamente coa industria musical para o ano 2009 foi de 135 persoas.
- O peso dos afiliados no réxime por conta allea nas actividades consideradas dentro da industria musical (47,76 %) é superior á media das industrias culturais en xeral (27,71 %).
- O mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para compositores, músicos e cantantes existentes.
- O saldo comercial dos produtos musicais é claramente deficitario, cunha taxa de cobertura do 66,59 % en 2007, que decrece ata o 10,85 % en 2009.
- Os mercados máis importantes seguen a ser os da contorna europea, aínda que sorprende a presenza de Corea do Sur ou Malaisia entre os dez principais destinos das exportacións galegas de produtos musicais.

A INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

No ano 2008, no sector audiovisual galego operaban case 500 empresas dedicadas á produción de contidos, á súa distribución e distribución, á emisión de sinal de televisión e á prestación de servizos auxiliares, **cunha facturación conxunta de case 250 millóns de euros e un volume de emprego próximo aos 3.000 empregados.**

Ademais, a táboa na que se recollen as grandes magnitudes do audiovisual galego pon de manifesto **a importancia en termos relativos das actividades de produción cinematográfica** e televisiva e, en menor medida, das empresas auxiliares, **en calquera das catro variables consideradas.** Así mesmo, permite adiviñar o forte crecemento das variables relativas a animación, multimedia e distribución.

Segundo as cifras da Federación de Produtores Audiovisuais de España (FAPAE), **a facturación das produtoras galegas en 2008 supuxo o 4,4 % da facturación total do audiovisual en España** (en 2007 esta porcentaxe foi do 3,2 %). Este peso relativo sitúa a **Galicia como a quinta comunidade en canto a peso relativo no volume global de negocio audiovisual en España**, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana, aínda que confirma a perda de peso galego no total do audiovisual estatal¹⁶. No tocante ao emprego, o peso relativo de Galicia fronte a España elévase ata o 8 %, o que a leva a ascender un posto na clasificación de comunidades.

Volvendo aos datos do Observatorio Audiovisual Galego, da comparación dos valores extraídos deste para os anos 1997 e 2008, resultan importantes taxas de crecemento: 266,2 % no volume de negocio xerado, 89,2 % no emprego e 175 % no número de empresas que desenvolven actividade na industria audiovisual galega. Pero unha análise máis polo miúdo destas taxas evidencia diferenzas significativas entre os diversos subsectores de actividade considerados. No tocante á cifra de negocio, as actividades que máis crecen no período 1997-2008 son animación, distribución de cine e vídeo, multimedia e produción de cine, vídeo e televisión, todas elas con taxas superiores á media do sector. Isto permite concluír que **as empresas de xeración de contidos son as que están a medrar máis en termos de volume de negocio.** En canto ao volume de emprego, crecen de xeito relevante animación, distribución e multimedia, aínda que mostran tamén crecementos por riba da media do sector actividades como televisións locais e exhibición. Referente ao número de empresas, é animación a actividade na que a taxa de creación é superior, pero superan tamén a media do sector actividades como televisión autonómica ou nacional con espazo de desconexión, multimedia, produción de cine, vídeo e televisión e servizos auxiliares. No tocante ao resultado contable, os maiores crecementos danse en produción de cine, vídeo e televisión e en sonorización e dobraxe. É importante subliñar que os resultados contables da Televisión de Galicia desvirtúan os valores desta variable tanto para o total da industria como para a rama de emisión de televisión.

¹⁶ Se en 2005 Galicia era a terceira comunidade en facturación de todo o Estado, un ano despois pasou a compartir ese posto con Andalucía, mentres que en 2007 xa quedou relegada a un quinto lugar, que continúa a ocupar en 2008.

A continuación se presentan os principais datos da industria audiovisual galega:

Grandes magnitudes do sector audiovisual galego. 1997 e 2008							
Subsector		Facturación			Resultado		
		1997	2008	% crec	1997	2008	% crec
Total		67.979.325	248.956.946	266,2%	1.547.495	-105.124.291	-
Produción	Productoras	16.760.671	70.837.713	322,6%	962.636	4.502.667	367,7%
	Multimedia	1.923.158	17.876.283	829,5%	-4.325	302.786	-
	Animación	101.511	6.082.515	5892,0%	n.d.	-693.041	-
Auxiliar	Dobraxa e sonorización	2.515.004	6.009.181	138,9%	129.180	353.116	173,4%
	Servizos auxiliares	14.077.918	42.011.849	198,4%	505.947	1.132.115	123,8%
Distribución		1.825.665	10.843.317	493,9%	197.236	292.617	48,4%
Exhibición		6.250.742	15.733.960	151,7%	738.593	-471.000	-
Emisión	TV autonómicas e nacionais con espazo de desconexión	21.420.071	56.548.100	164,0%	-916.793	-110.568.550	-
	TV locais	3.104.584	9.576.028	208,4%	-64.980	-1.625.000	-
Subsector		Empregados			N.º de empresas		
		1997	2008	% crec	1997	2008	% crec
Total		1.584	2.997	89,2%	180	495	175,00%
Produción	Productoras	481	825	71,6%	69	215	211,59%
	Multimedia	43	140	225,6%	17	54	217,65%
	Animación	5	158	3060,2%	3	26	766,67%
Auxiliar	Dobraxa e sonorización	178	74	-58,4%	9	21	133,33%
	Servizos auxiliares	152	223	46,7%	30	84	180,00%
Distribución		7	50	614,3%	4	10	150,00%
Exhibición		72	191	165,3%	21	27	28,57%
Emisión	TV autonómicas e nacionais con espazo de desconexión	494	873	76,7%	3	10	233,33%
	TV locais	115	242	110,4%	24	41	70,83%

Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2008 son provisionais

O TECIDO EMPRESARIAL DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO

Para a análise do tecido produtivo da industria audiovisual galega que a continuación se presenta levouse a cabo unha busca no Directorio Central de Empresas do INE nos códigos CNAE 2009 de tres díxitos relacionados coa actividade audiovisual, e que son os seguintes: 591-Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión e 602-Actividades de programación e emisión de televisión. Nun sentido máis amplo inclúense os códigos 731-Publicidade, 741-Actividades de deseño especializado, 742-Actividades de fotografía e 90-Actividades de creación, artísticas e espectáculos, todas elas actividades máis colaterais ou nas que tamén están incluídas outras empresas non enmarcadas no sector audiovisual.

De acordo con esta primeira selección, **a principios do ano 2010 Galicia contaba con 348 empresas dedicadas á produción de contidos de cine, vídeo e televisión (310 empresas) e ás actividades de emisión e programación de televisión (38 empresas)**¹⁷. Isto representa o **5 % das empresas das industrias culturais galegas** nesa data. Pero se este exame se amplía a outros códigos relacionados co sector, como son as actividades de publicidade, de fotografía, de creación, artísticas e de espectáculos ou as de deseño especializado, o número de empresas increméntase ata 3.540, pero non resulta demasiado rigoroso incluír todas as empresas do código dentro da etiqueta de audiovisual.

Da comparación das empresas existentes en 2010 coas de 2008 (primeiro ano con esta nova clasificación de códigos), resulta que as dedicadas á xeración de contidos audiovisuais experimentaron un descenso do -5,20 % neste período, e as de emisión e programación de televisión un -9,52 %, ambas as taxas inferiores ás das industrias culturais galegas e do total do tecido empresarial galego (2,33 % e -2,21 %, respectivamente). Isto supón unha **tendencia no número de empresas de signo contrario á do total das industrias culturais e do mesmo signo que o total do tecido empresarial galego**, e leva parella unha progresiva perda de peso relativo das empresas audiovisuais no total galego.

A maior parte destas empresas pertencentes ao sector audiovisual está en réxime de autoemprego ou con menos de dez traballadores (o que constitúe o universo das microempresas). Pero a pesar da afirmación anterior, da comparación do peso dos distintos tramos de traballadores na industria cultural co resto do tecido empresarial galego e coas industrias culturais en xeral, resulta que esta **porcentaxe de empresas con menos de dez empregados é inferior no sector audiovisual galego** (que é de 92,90 % e 73,68 % para os códigos 591 e 602, respectivamente, fronte ao 96,66 % das industrias culturais ou do 95,48 % global). De feito, segundo os datos do DIRCE para o ano 2010 en Galicia operaban catro empresas dedicadas ás actividades cinematográficas, de vídeo e de programación de televisión de entre 100 e 199 traballadores, e unha neste mesmo tamaño nas actividades de emisión e programación de televisión, intervalo de traballadores que supón xa un tamaño de certa importancia nestes casos.

Distribución das empresas da industria audiovisual galega atendendo ao seu tamaño. 2010													
	Total	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 199	De 200 a 499	De 500 a 999	De 1.000 a 4.999	De 5.000 ou máis
591 Activ.cinematográficas, de vídeo e de programas de TV	310	156	88	24	20	8	7	3	4	0	0	0	0
602 Activ. de programación e emisión de televisión	38	15	6	5	2	5	3	1	1	0	0	0	0
Total grupos CNAE 2009	198.874	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5
Total industrias culturais	6.941	4.051	1.883	549	226	151	43	21	13	4	0	0	0

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

¹⁷ Nesa mesma data o tecido empresarial galego engloba a 198.974 empresas en total, o que supón unha caída do 2,21 % fronte ao exercicio de 2008, o primeiro dispoñible para esta nova clasificación das actividades empresariais.

Pero a pesar do dito, é posible concluír que a **industria audiovisual galega, como o tecido empresarial galego en xeral, está bastante atomizada**. Con todo, esta **atomización constitúe unha das maiores eivas do sector empresarial audiovisual** (un número de empresas moi elevado), ademais da **escasa dimensión das compañías** (demasiado pequenas, moitas nin sequera pasan de dous socios e practicamente non teñen traballadores por conta allea). A conxunción destes dous factores impide que actúen as economías de escala (coas que tanto se abaratan os custos de produción) e que se acade un tamaño mínimo de viabilidade, esa dimensión a partir da cal unha empresa obtén beneficios no mercado grazas a que ten unha axeitada estrutura de custos de produción.

O traballo O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica, do Consello da Cultura Galega, apunta que é posible unha valoración ambivalente sobre o tamaño das empresas culturais en xeral e audiovisuais en particular: por unha banda, **as empresas pequenas e as microempresas teñen unha serie de vantaxes recoñecidas relativas á flexibilidade, a rapidez na toma de decisións e a capacidade de adaptación ao mercado**. Parece, xa que logo, que exista certa relación entre a volatilidade de moitos dos produtos ofrecidos e o tamaño das empresas da cultura; pero, pola contra, é ben sabida a **dificultade que este tipo de iniciativas teñen para obter financiamento, incidindo negativamente na súa capacidade de expansión en todos os ámbitos**.

No tocante á distribución das empresas do audiovisual galego, e segundo os datos da base de datos do Observatorio Audiovisual Galego, a provincia da Coruña é a localización máis frecuente das empresas galegas da industria audiovisual para a súa localización, co 62 % do total, seguida a distancia de Pontevedra, co 25 % e, por último, e cun peso moito menor, Ourense co 7 % e Lugo co 6 %.

Coa distribución por termo municipal, confírmase a concentración das empresas arredor dos núcleos da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Concellos limítrofes con Santiago como Ames, Brión, Oroso, Teo ou Vedra conforman un importante polo ao redor da capital. Arredor da Coruña estarían os concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

Isto ten como consecuencia unha importante **demanda de solo industrial ou empresarial na proximidade destas dúas urbes**, e sobre todo no caso de Santiago de Compostela. Hai anos houbo un proxecto para a construción da **Cidade da Imaxe de Santiago de Compostela**, un gran polígono industrial que xuntaría en Santiago de Compostela a todas as empresas relacionadas co ámbito audiovisual¹⁸. Xa no ano 2006, a Xunta de Goberno do Concello de Santiago aprobou provisionalmente o Plan de sectorización dos terreos onde estaba previsto que se situara a Cidade da Imaxe, en San Marcos¹⁹. Pero pouco tempo despois da aprobación do proxecto, as consellerías de Industria e Vivenda presentaron o Parque Científico e Tecnolóxico de Santiago (PCTS), no que a Xunta decidía integrar a futura Cidade da Imaxe nun proxecto máis amplo, que estaría destinado non só a empresas de carácter audiovisual, senón tamén a outras áreas como a biotecnoloxía ou a informática. Na actualidade, nada se sabe dese proxecto e **as empresas do sector seguen a atopar problemas para atopar localizacións próximas aos seus clientes, coas condicións necesarias para o desenvolvemento da súa actividade e a un prezo accesible**.

Tráese novamente a colación polo seu interese o traballo O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica, do Consello da Cultura Galega, que apunta que **na economía creativa a localización de actividade en ámbitos urbanos permite xerar riqueza no ámbito local, malia que a comercialización dos seus produtos non o sexa**. En relación con isto o sector tende a que se cree un mercado dinámico a través de relacións empresariais a nivel local. Por último, aínda que resulta unha achega intanxible, **os beneficios sociais da cultura tenden a fomentar a cohesión de grupos e**

¹⁸ O novo polígono industrial situaríase á marxe dereita da actual estrada Santiago - Lugo e nas proximidades dos complexos da Televisión de Galicia (TVG) e do Centro Territorial da Televisión Española (TVE) na comunidade galega.

¹⁹ Este proxecto afectaría a preto de 487.769 m² dos que 240.000 serán edificables, coa previsión da expropiación como forma de actuación na adquisición do solo. Este plan prevía a reserva de algo máis de 28.000 m² para platós como corazón do complexo, e con capacidade mínima para a produción en paralelo de tres a catro rodaxes (polo menos precisáanse entre 2.000 e 3.000 m² para esta instalación). A Cidade da Imaxe albergaría, así mesmo, distintos servizos de produción, xunto aos estudos, con diferentes módulos que acollerían oficinas de guionistas, produción, camerinos, espazos para técnicos, salas polivalentes e estudos de gravación. Habería unha zona para servizos auxiliares de rodaxe (catering, restaurante, cafetería etc.), e outra para servizos técnicos audiovisuais. Así mesmo, contaría con espazos para talleres e almacéns, así como para os servizos de posprodución, edificios de produtoras, servizos de hostalería e lecer e ata unha área institucional (con entidades públicas e privadas).

rexións tradicionalmente desfavorecidos, beneficiándose da creatividade o desenvolvemento a través da localización de talento, os rendementos locais de industrias con mercados máis amplos, a xeración de atractivos turísticos e a integración social.

Como xa se mencionou, no ano 2008 estaban operando en Galicia 495 empresas dentro do sector audiovisual galego, o que supón un crecemento do 175 % sobre as existentes en 1997.

Destas empresas, **o grupo máis numeroso dedícase á produción de cine, vídeo e televisión**, cun peso do 43 % do total, seguido das empresas de servizos auxiliares co 17 %, as de multimedia co 11 % e as televisións locais co 8 %. Con pesos menores figuran grupos como os de exhibición de cine (5 %), animación (5 %), dobraxe e sonorización (4 %), distribución videográfica e cinematográfica ou televisións autonómicas ou nacionais con espazo de desconexión (ambas as dúas co 2 %).

Do antedito pódese deducir que **o 60 % das compañías que opera na industria audiovisual galega desenvolve tarefas de produción**, xa sexa de cine, vídeo, televisión, animación multimedia ou novas plataformas (móbil, TDT, consolas de videoxogos, iPad...). A estas súmase o 23 % que desenvolve servizos de apoio a estas actividades de xeración de contidos (e que ofrecen servizos de dobraxe, sonorización, distribución de equipos, iluminación, montaxe, posproducción...). A emisión de sinais de televisión adquire un peso menor (10 %) e, por último, sitúase a distribución e a exhibición, co 7 % das empresas.

Pero é importante apuntar que o audiovisual nunca foi só audiovisual e que o seu eido de acción abrangueu por tradición a profesionais das máis variadas materias: escritores, decoradores, deseñadores, técnicos en iluminación, fotógrafos etc. Ademais, dun tempo a esta parte estase a confirmar que **o audiovisual xa non se concibe sen a participación directa de profesionais das novas tecnoloxías do coñecemento**, tanto no que se refire á preparación e rodaxe da obra en cuestión, como o que atinxe logo á distribución, á proxección e á promoción.

OS DATOS ECONÓMICOS DAS EMPRESAS GALEGAS DO AUDIOVISUAL

A cifra de negocios do sector audiovisual galego

A industria audiovisual galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 249 millóns de euros, o que representa unha variación do -1,35 % sobre o ano anterior.

Evolución da facturación global das empresas do audiovisual galego no intervalo 1995-2008	
	Facturación total
2000	123.869.079,80
2001	128.622.199,96
2002	150.736.780,08
2003	167.019.902,51
2004	196.762.532,84
2005	203.078.448,61
2006	228.396.547,01
2007	252.355.105,82
2008	248.956.946,21


Fonte: Observatorio Audiovisual Galego

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

Estas cifras veñen a culminar un **período prolongado de crecemento constante** que se prolongou desde 1994 (primeiro ano do que se dispón de información) a 2007 e supón un leve decrecemento interanual do -1,35 % que **muda a** tendencia dos trece anos anteriores. De feito, a taxa de crecemento é do 101 % desde o inicio da década, o que supón duplicar o **volume de negocio do sector en oito anos**.

Estas taxas de variación interanual oscilan amplamente no intervalo 1995-2008, con valores que van do 31,55 % en 1998-99 ao 3,21 % en 2004-05 e alcanzan o seu mínimo en 2008 cun valor que, aínda que moderado, é de signo negativo.


Pero ademais de xeograficamente (existe unha forte concentración da facturación ao redor de Santiago de Compostela, A Coruña e, en menor medida, de Vigo), o **volume de negocio do sector aparece concentrado nunhas poucas empresas**, que supoñen cifras de facturación importantes. De feito, en 1998 as dez empresas máis grandes representaban o 54,47 % do volume total de negocio (67,53 % se consideramos as vinte máis grandes) e no ano 2005 representaban o 46,26 % e o 61,16 %, respectivamente. Xa no ano 2008 as dez empresas con maior volume de negocio supuxeron o 42,49 % do total da facturación, e as 20 primeiras o 57,23 %. Este **peso das empresas máis grandes segue unha tendencia claramente decrecente nestes últimos anos**, consecuencia da **consolidación no mercado dalgunhas empresas e da importancia que están a cobrar outras delas no panorama audiovisual galego e español**.



É importante aclarar que **entre as dez empresas con maior facturación no ano 2008 hai algunhas empresas** independentes como Productora Faro ou Papillón Films, e se a selección se amplía ás vinte maiores xa aparecen Bambú Producciones, Filmanova, Continental Producciones ou Breamo.

Outro feito que se debe considerar é a **perda de importancia relativa da Televisión de Galicia no total de negocio xerado polo audiovisual galego**: en 1995 a canle autonómica xeraba o 27,94 % do total da cifra de negocio do sector, no ano 2000 esta porcentaxe era do 24,22 % e en 2005 de só o 15,36 %, porcentaxe que descendeu ata o 7,98 % en 2008. Este feito débese á **dimensión económica que están a lograr algunhas das produtoras galegas**, como é o caso de Voz Audiovisual, CTV, Editorial Compostela, Productora Faro, Continental Producciones, Filmanova, Filmax Animation, Bambú Producciones ou Bren Entertainment.

De acordo coa clasificación empresarial segundo a fase da cadea de valor, **as empresas produtoras representan o 41,26 % do total** (97,18 millóns), seguido das emisoras de TV, tanto local como autonómica, con 63,742 millóns de euros (o 27,06 %). A porción restante repártese entre o 11,28 % das exhibidoras e distribuidoras (26,58 millóns de euros) e o 11,28 % das industrias auxiliares (48 millóns).



Este peso das actividades cambiou ao longo deste tempo e unha análise máis detallada por actividade leva ás seguintes conclusións:

- A exhibición cinematográfica pasou de representar o 10,45 % en 1995 ao 6,68 % en 2008. Esta tendencia decrecente ten moito que ver co **peche das vellas salas de cine e a chegada de grandes grupos de exhibición** (que non contan con domicilio social en Galicia, polo que o seu volume de negocio non computa no sector audiovisual galego). Tampouco hai que esquecer a caída progresiva dos espectadores nas salas de cinema.
- Pola contra, a distribución de cine e vídeo pasa do 2,75 % en 1995 ao 6,94 % en 2005 e volve descender ata o 4,60 % en 2008. Aquí inflúen, por unha parte, a caída da demanda das pequenas salas de cine como consecuencia do seu peche progresivo e da caída da asistencia ás salas, e, no outro sentido, a **crecente importancia que están a alcanzar algunhas empresas de distribución de vídeo e DVD**.
- Os servizos auxiliares perden algo de peso relativo e pasan do 22,01 % en 1995 ao 17,84 % en 2008. Esta caída na importancia destas actividades non vén tanto da man dun descenso do seu volume de negocio, que é claramente crecente nestes anos, senón polo crecemento dos seus clientes, que son as produtoras, que lles resta peso no total do sector.
- A aparición das novas canles de TDT de carácter autonómico (Popular Televisión e V Televisión) leva a unha pequena perda de peso da produción a favor da emisión de TV.
- As televisións locais incrementan o seu peso no intervalo 1995-2008, ao pasar do 2,22 % ao 4,07 %, pero posiblemente o agromar de novas canles de TDT e a fragmentación da audiencia actual leve a un descenso desta porcentaxe nos próximos anos.

- A produción de cine, vídeo e televisión incrementou o seu peso na facturación do sector de xeito moi importante.
- A **animación aparece como unha actividade claramente emerxente**, cun importante crecemento que lle permite pasar do 0,15 % en 1997 ao 6,67 % en 2004, cun leve descenso en 2005, malia que a delicada situación financeira que están a vivir algunhas das principais empresas galegas desta rama as leva a baixar de novo o seu peso relativo ata o 2,58 % en 2008.
- As actividades de dobraxe e sonorización, que viviron o seu momento forte en Galicia arredor de 1994, pasaron dun 7,19 % en 1995 a un 1,66 % en 1999 e, tras unha lenta recuperación, situáronse no 2,55 % en 2008. A **recente inauguración de modernas instalacións dotadas das últimas tecnoloxías permite supoñer un novo crecemento do peso das actividades de dobraxe e sonorización**.

A Consellería de Economía e Industria ten previsto destinar, a través do Igape, 242.094,07 euros para apoiar o financiamento dos plans de desenvolvemento e internacionalización impulsados polo Clúster Audiovisual Galego para potenciar e incrementar a competitividade e a capacidade de internacionalización das empresas do sector audiovisual no seu conxunto²⁰.

²⁰ Ante a imparable globalización dos mercados, o Clúster Audiovisual Galego impulsa agora un Plan de internacionalización que inclúe iniciativas de promoción en foros sectoriais fóra de Galicia e que contarán co apoio da Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, mediante o desenvolvemento do convenio que autorizou o Consello da Xunta.


O resultado de explotación

O resultado agregado das empresas que integran o sector audiovisual e das que se dispón de datos ascendeu no ano 2008 a **-105.124.291 euros**, o que implica confirmar a tendencia dos últimos anos en canto a volume de perdas contables e supón un empeoramento con respecto ao ano anterior do 43,26 %.

Evolución do resultado antes de impostos das empresas do audiovisual galego. 1995-2008		
	Resultado contable	Resultado sen TVG
2000	-52.463.283	2.850.855
2001	-58.433.918	-4.467.214
2002	-70.002.424	5.116.540
2003	-71.821.320	1.455.198
2004	-69.991.928	5.513.478
2005	-66.298.941	6.056.126
2006	-70.697.612	7.309.233
2007	-73.382.549	11.089.519
2008	-105.124.291	8.930.709

Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, a partir dos datos do Rexistro Mercantil
Nota: os datos do ano 2008 son os últimos dispoñibles ao peche deste informe

Se este cómputo se fai sen considerar a Televisión de Galicia, que xera unhas perdas importantes e desvirtúa as cifras, **o resultado muda de signo e elévase a 8,9 millóns de euros, cunha caída do 19,5 % sobre o exercicio anterior.**



Desta cifra agregada, as empresas dedicadas á produción (de cine, vídeo ou televisión, multimedia, animación ou novas plataformas) son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 4,1 millóns de euros, seguidas en importancia a unha certa distancia da prestación de servizos auxiliares (sonorización, dobraxe, iluminación, aluguer de equipos, casting, escenografía etc.), que proporcionan case 1,48 millóns de euros de beneficio contable. A emisión de televisión viña sendo ata o de agora deficitaria en termos contables, tanto na súa vertente local como na autonómica, como consecuencia fundamentalmente do déficit da canle autonómica. Pero a chegada das novas canles autonómicas da man da TDT e os servizos de televisión do operador de cable abren novas posibilidades

e mudan a traxectoria que viña levando estes anos esta rama de actividade. Finalmente, a distribución e a exhibición incorren neste exercicio en perdas, por primeira vez nos últimos catorce anos (-0,18 millóns).

As actividades relacionadas coa distribución de cine e vídeo, que viñan mostrando un crecemento importante en termos de beneficio nestes últimos anos, tiveron en 2004 o seu punto de inflexión, seguen desde ese ano unha traxectoria descendente e pasan neste ano a resultados agregados de signo negativo (-0,18 millóns). Por outra parte, desde os primeiros anos desta década, estase a dar unha **progresiva perda de capacidade da exhibición para xerar beneficios** na mesma contía que o viña facendo ata agora, como consecuencia do descenso do seguimento das producións cinematográficas nas pantallas de exhibición comercial, o peche progresivo das salas do rural e a crecente importancia dos grandes grupos multinacionais de exhibición no panorama galego (que, por ter o domicilio social fóra de Galicia, non se inclúen).

Obsérvase a **consolidación das actividades de produción no total do sector audiovisual galego** e o importante papel das diversas actividades auxiliares, que gozan dunha certa estabilidade en canto aos seus resultados contables agregados. En calquera caso, non se debe perder de vista a **complicada situación económica** pola que estamos a pasar, á que as empresas da industria audiovisual galega non son alleas.

O emprego da industria audiovisual

As actividades desenvolvidas pola industria audiovisual mantiveron en 2008 case 3.000 empregados equivalentes a tempo total. Ademais, isto supón un incremento do 7,88 % sobre o ano anterior, e do 54,65 % desde o inicio da década.

Evolución do emprego do sector audiovisual	
	Emprego total
2000	1.937,92
2001	1.925,88
2002	1.989,90
2003	2.346,04
2004	2.191,89
2005	2.483,89
2006	3.034,67
2007	2.778,13
2008	2.997,06


Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, a partir dos datos do Rexistro Mercantil
 Nota: os datos do ano 2008 son os últimos dispoñibles ao peche deste informe

Aínda que a **tendencia do emprego audiovisual galego é crecente**, ao longo do período 1995-2008 houbo anos nos que se deron caídas nesta variable, como en 2001, 2004 ou 2007. Pola contra, hai outros nos que se experimentaron importantes crecementos, como son 1997, 2003 ou 2006. Cabe comentar que se trata dun sector no que o índice de temporalidade no emprego é elevado, dado que está moi vinculado ás producións, que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese as cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, **o movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado**, sobre todo nas producións de ficción (cine e series de TV, fundamentalmente) ou nas actividades de dobraxe.

Aínda que nos últimos anos a maior porcentaxe dos empregados se correspondía coas actividades de produción, tanto en equivalentes a tempo total como en canto ás contratacións (42,54 %), en 2008 a televisión volve recuperar o seu papel como responsable en boa medida do emprego directo do sector,

co 38,08 %. Pola súa parte, a produción dá emprego a un terzo dos traballadores do sector. Con pesos relativos menores estarían os servizos auxiliares (10,79 %) e a exhibición cinematográfica e a distribución de cine e vídeo, co 8,68 %.

Utilizando unha clasificación das actividades máis detallada, resulta que desde 1997 a rama que xerou máis emprego foi a de animación, cun crecemento do emprego do 3.020 %. Os seguintes grupos en importancia serían os de distribución (614,3 %) e os de exhibición cinematográfica (165,3 %). As empresas de sonorización e dobraxe presentan unhas perdas globais de emprego de -58,43 %, que teñen que ver



co momento máis doce destas actividades arredor de 1994.


As dez empresas cun maior número de traballadores concentraron en 2008 o 48,58 % do total de emprego do sector, seis décimas por debaixo do valor do ano 2005 e case 8,04 puntos por debaixo do índice de 1998 (que ascendía ao 56,62 %). Se o filtro se eleva ás vinte primeiras empresas en termos de emprego, a porcentaxe de concentración aumenta ata o 56,22 %. Ademais deste cambio no índice de concentración, advírtese como mudou o tipo de empresas con maiores cadros de empregados: en 1998, entre as dez empresas con máis traballadores estaban dúas televisións e tres empresas de dobraxe, mentres que en 2008 aparecen novas emisoras de TV que naceron ao abeiro da TDT, segue a estar a canle autonómico, aparece un grupo de exhibición e seguen a figurar algunhas produtoras de televisión, de cine ou de animación.

A crecente concentración de empresas podería conducir nun futuro a que o sector audiovisual acadase un nivel de produción máis amplo e estable. Isto, en principio, significaría que a man de obra se puidese especializar, accedese a mellores condicións laborais e vise aumentados os seus salarios.

Por último, como queira que o audiovisual depende en gran medida dunha forte división do traballo, dunha alta especialización da súa man de obra, combinada cunha flexibilidade absoluta, **esta industria** precisa dun tipo de traballadores moi especial (e tamén moi vocacional).

Parece conveniente explorar a evolución das afiliacións á Seguridade Social no sector audiovisual, o que podería dar información sobre os movementos de emprego xerado ao redor destas actividades, a posible estacionalidade, a relación coa tendencia das afiliacións das industrias culturais ou co total das afiliacións en Galicia ou a distribución entre contratados por conta allea e autónomos.

Para iso solicitouse da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos de media mensual de afiliados por conta allea e por conta propia (autónomos) do ano 2009 para os códigos de actividade (de acordo coa clasificación CNAE-2009) que se consideran máis directamente relacionados co sector audiovisual e nos que unha elevada porcentaxe dos afiliados se corresponda coas actividades destas ramas. En virtude deste criterio, o código analizado é finalmente o 59.1, que recolle as Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV. Este criterio deixa fóra outros códigos de actividade nos que tamén operan empresas do audiovisual, pero nos que se considera que o seu peso é menor, como son os casos de 59.2 Actividades de gravación de son e edición musical (onde poden enmarcarse as empresas de sonorización e dobraxe); 73.1 Publicidade; 74.2 Fotografía; 74.1 Actividades de deseño especializado (entre as que figuran as de animación) ou 90.0 Actividades de creación, artísticas e de espectáculos (onde se inclúen as actividades relacionadas coa escritura do guión, a interpretación dos actores etc.).



Atendendo aos datos facilitados pola Tesourería Xeral, **a cifra media anual de afiliados das actividades cinematográficas, de vídeo ou de programas de TV no ano 2009 foi de 1.619 persoas**. Isto representa o 2,37 % das afiliacións das industrias culturais para o mesmo período. Cómpre aclarar que non todo o emprego do sector vai baixo este código de actividade, senón que recollería fundamentalmente os das produtoras, verdadeiro eixe do sector.

Unha análise máis detallada mes a mes permite ver que ao inicio do ano os cotizantes desta actividade (xa sexa por conta propia ou allea) eran 1.664 e ao remate descenderan ata 1.449. **A tendencia mensual das actividades cinematográficas, de vídeo e produción de programas é bastante similar á do total das IC**, tal e como se adiviña no gráfico anterior, pero difire bastante da liña seguida polo total das afiliacións en Galicia. De feito, nos meses estivais as contratacións do total da economía galega incrementáanse, fundamentalmente da man da hostalería e o turismo, ademais da posible cobertura das vacacións doutros empregados. Pola contra, no verán as afiliacións das actividades directamente relacionadas co audiovisual, ao igual que acontece coas industrias culturais en xeral, descende pola caída da actividade. O mes no que houbo máis afiliados nestes códigos de actividade foi o de maio, con 1.708, e o mínimo estivo no mes de decembro, con 1.449.

Por outra banda, aínda que non todo o emprego que cotiza no código correspondente ás Actividades de deseño especializado ten que ver co audiovisual, cabe comentalo pola súa estreita relación co sector e pola importancia que nos últimos anos están a cobrar todas as ocupacións relacionadas coas producións de animación (animadores, programadores, deseñadores, texturizadores etc.), que terían cabida neste grupo de actividades. Estas alcanzaron unha media no ano 2009 de 402 afiliados, pero a súa taxa de variación ao longo dos doce meses foi do 60,38 % por un forte incremento das contratacións nos dous últimos meses do ano. Isto pode ser debido ao arranque dunha produción de animación nestas datas, como podería ser O Apóstolo, que iniciou a rodaxe en novembro dese ano.


Outro dos códigos que é necesario comentar é o que recolle as Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, que alcanzou unha media anual de 1.794 afiliados, cunha traxectoria bastante estable ao longo do ano 2009 que leva a unha taxa de variación do -1,10 %. Neste grupo de actividades, que daría cabida aos actores, guionistas, músicos, persoal artístico etc. para contidos audiovisuais, pero tamén musicais, de teatro, circo, danza..., o máximo anual alcanzouse tamén no mes de maio.

Por tanto, e tal e como está a ocorrer tamén en moitas das industrias culturais, a crise parece estar a afectar dun xeito máis severo ao sector audiovisual **galego**, a xulgar pola evolución dos seus afiliados a Seguridade Social: a variación entre xaneiro e decembro dos afiliados das Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV foi do -12,92 %, cinco puntos por encima dos -7,56 % das industrias culturais e aínda máis lonxe do -1,36 % do total de afiliacións en Galicia. Esta forte caída ten que ver coa **parada nas producións audiovisuais como consecuencia do atraso na resolución das axudas** ao sector debido ás eleccións autonómicas de marzo de 2009.

O peso dos afiliados do réxime por conta propia ou autónomos é superior á media do sector (72,29 %) nas Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de TV (79,04 %). Isto pode significar unha **certa tendencia no sector a constituír empresas unipersoais, sen empregados nin apenas capital, creadas ad hoc para o desenvolvemento de pequenas producións**, como curtametraxes ou documentais curtos.

Con todo, e tal e como apunta o traballo Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia, do Consello da Cultura Galega, o que se observa claramente é como cae a afiliación á Seguridade Social no conxunto das actividades económicas dedicadas á cultura por efecto arrastre da edición e o audiovisual. Isto fainos pensar unha vez máis que **a saída da crise pasa pola innovación nos produtos e a reconversión de parte destas industrias**.

Finalmente, é preciso comentar algúns datos recollidos no informe Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia, do Consello da Cultura Galega, sobre a evolución da demanda de dúas ocupacións, como son os actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados por unha banda e, por outra, os fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son. Trátase de datos facilitados polo Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e debuxan o panorama laboral destas ocupacións no intervalo 2005-2009.



No caso da ocupación actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados, o número de contratados decrece entre 2004 e 2009, mentres que as demandas preferentes desta ocupación manteñen unha tendencia máis estable deste período. A diferenza resultante presenta un saldo neto positivo que indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes na ocupación de actores e directores, ou, dito doutro modo, **o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para actores e directores existentes**. Isto indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes no mencionado grupo ocupacional. Esta capacidade está a descender de xeito importante, probablemente como consecuencia da menor actividade das empresas por mor da crise e a situación económica actual. Ademais, a estabilidade laboral destes contratados é baixa e a ocupabilidade laboral, media.

Polo que se refire á ocupación de fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son, os contratados seguen tamén unha tendencia decrecente entre 2004 e 2009, fronte ao incremento das demandas preferentes, o que dá como resultado un saldo neto negativo (os demandantes de emprego superan os requirimentos do mercado de traballo no que se refire ao traballo por conta allea), o que apunta a un déficit de contratación. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes, ou ben porque **o mercado de traballo non é capaz de absorber a demanda potencial por unha caída na actividade das empresas neste eido**.

En definitiva, estes datos están a apuntar cara a unha **demanda decrecente por parte do tecido produtivo para estas ocupacións** (evidenciada pola caída no número de contratados para ambos os dous casos).

Grandes magnitudes do sector audiovisual galego. 2008

Subsector		Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total		248.956.946,21	-105.124.290,96	2.997,06	495	502.943,33	83.067,05	-212.372,30	-35.075,80	6,05
Producción	Produtoras	73.219.713,16	4.585.666,57	883	215	340.556,81	82.916,84	21.328,68	5.192,99	4,11
	Multimedia	17.876.282,83	302.786,12	140	54	331.042,27	127.687,73	5.607,15	2.162,76	2,59
	Animación	6.082.515,40	-693.041,41	158	26	233.942,90	38.494,50	-26.655,44	-4.386,06	6,08
Auxil.iar	Dobrax e sonorización	6.009.181,02	353.116,00	74	21	286.151,48	81.205,15	16.815,05	4.771,84	3,52
	Servizos auxiliares	42.011.848,88	1.132.114,90	223	84	500.141,06	188.393,94	13.477,56	5.076,75	2,65
Distribución		10.843.316,91	292.616,86	50	10	1.084.331,69	216.866,34	29.261,69	5.852,34	5,00
Exhibición		15.733.960,39	-471.000,00	191	27	582.739,27	82.376,76	-17.444,44	-2.465,97	7,07
Emisión de TV	TV autonómicas e nacionais con espazo de desconexión	56.548.100,00	-110.568.550,00	873	10	5.654.810,00	64.774,46	-11.056.855,00	-126.653,55	87,30
	TV locais	7.194.027,62	-1.708.000,00	184	41	175.464,09	39.097,98	-41.658,54	-9.282,61	4,49

Fonte: Observatorio Audiovisual Galego, a partir dos datos do Rexistro Mercantil
 Nota: datos de 2008 provisionais

CONCLUSIÓNS DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL EN GALICIA

- Segundo FAPAE, a facturación das produtoras galegas en 2008 supuxo o 4,4 % da facturación total do audiovisual en España.
- Este peso relativo sitúa a Galicia como a quinta comunidade en canto a peso relativo no volume global de negocio audiovisual en España.
- Atendendo aos datos do DIRCE, en 2010 Galicia contaba con 310 empresas dedicadas á produción de contidos de cine, vídeo e televisión, e 38 ás actividades de emisión e programación de televisión.
- As empresas dedicadas á xeración de contidos audiovisuais experimentaron un descenso do -5,20 % neste período, e as de emisión e programación de televisión un -9,52 %.
- A provincia da Coruña é a localización máis frecuente das empresas galegas da industria audiovisual para a súa localización.
- Segundo datos do Observatorio Audiovisual Galego, no ano 2008 estaban operando en Galicia 495 empresas dentro do audiovisual galego, o que supón un crecemento do 175 % sobre as existentes en 1997.
- O grupo máis numeroso dedícase á produción de cine, vídeo e televisión, cun peso do 43 % do total, seguido das empresas de servizos auxiliares, co 17 %, as de multimedia, co 11 %, e televisións locais, co 8 %.
- O 60 % das compañías que operan no audiovisual galego desenvolve tarefas de produción.
- A industria audiovisual galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 249 millóns de euros, o que representa unha variación do -1,35 % sobre o ano anterior.
- O peso das empresas máis grandes do sector audiovisual segue unha tendencia claramente decrecente nestes últimos anos, como consecuencia da consolidación no mercado dalgunhas empresas e da importancia que están a cobrar outras novas no panorama audiovisual.
- Constátase unha perda de importancia relativa da Televisión de Galicia no total de negocio xerado, que en 1995 supoñía o 27,94 % do total da cifra de negocio do sector e que descendeu ata o 7,98 % en 2008.
- A facturación das empresas produtoras representa o 41,26 % do total, e a animación aparece como unha actividade claramente emerxente.
- O resultado agregado das empresas que integran o sector e das que se dispón de datos ascendeu no ano 2008 a -105.124.291 euros. Se este cómputo se fai sen considerar a Televisión de Galicia, o resultado muda de signo e elévase a 8,9 millóns de euros, cunha caída do 19,5 % sobre o exercicio anterior.
- As empresas dedicadas á produción (de cine, vídeo ou televisión, multimedia, animación ou novas plataformas) son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos, con 4,1 millóns de euros.
- Existe unha progresiva perda de capacidade da exhibición para xerar beneficios na mesma contía que o viña facendo ata agora.
- Consólidanse as actividades de produción no total do sector audiovisual galego e advírtese a importancia do papel das diversas actividades auxiliares, que gozan dunha certa estabilidade en canto aos seus resultados contables agregados.
- As actividades desenvolvidas pola industria audiovisual mantiveron en 2008 case 3.000 empregos.
- O movemento de contratacións laborais deste sector é moi elevado, sobre todo nas producións de ficción (cine e series de TV, fundamentalmente) ou nas actividades de dobraxe.
- Aínda que nos últimos anos a maior porcentaxe dos empregados se correspondía coas actividades de produción (42,54 %), en 2008 a televisión volve recuperar o seu papel como responsable en boa medida do emprego directo do sector, co 38,08 %.
- Esta industria precisa dun tipo de traballadores moi especial (e tamén moi vocacional).
- A cifra media anual de afiliados das actividades cinematográficas, de vídeo ou de programas de TV para o ano 2009 foi de 1.619 persoas no ano 2009.
- Existe unha tendencia no sector a constituír empresas unipersoais, sen empregados nin apenas capital, creadas *ad hoc* para o desenvolvemento de pequenas producións.
- O mercado de traballo non é capaz de absorber a demanda potencial das ocupacións do sector por unha caída na actividade das empresas neste eido.


AS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

No caso das artes escénicas, o código de actividade obxecto de análise é, neste caso, o 90.00, que se corresponde coas Actividades de creación artística e espectáculos. Malia que é certo que non todas as empresas que desenvolven a súa actividade principal baixo esta epígrafe se corresponden coas artes escénicas, é o código que elixen moitas delas, o que permite concluír que os datos atribuíbles a este son xeneralizables á actividade que nos ocupa.

Evolución das empresas galegas das artes escénicas. 2008-10			
	2008	2009	2010
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.149	1.257	1.289
Total das industrias culturais	6.783	6.905	6.941
Total de Galicia	203.374	201.263	198.874

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

Atendendo a esta selección de códigos, resulta que no inicio do ano 2010 o número de empresas en Galicia que operaba arredor da creación, as actividades artísticas e de espectáculos ascendía a 1.289, o




que **supón un 12,18 % máis que as do ano 2008** e evidencia o forte crecemento destas actividades en Galicia nos últimos anos. Cómpre aclarar que non todas estas empresas se corresponden coas artes escénicas e que moitas delas son autónomos dedicados á interpretación neste eido.

Por outra banda, esta taxa de crecemento xa supón, de primeiras, unha **tendencia de signo inverso á do total do tecido empresarial galego**, que neste intervalo experimenta unha caída do -2,21 %, e presenta un valor elevado para tratarse só dun intervalo de tres anos. Afondando nestas conclusións hai que comentar que a variación no último ano foi

para as empresas de artes escénicas do 2,55 % (fonte ao -1,19 % do total do tecido produtivo galego ou o 0,52 % das industrias culturais galegas no seu conxunto).


Con respecto ao **peso relativo destas empresas nas industrias culturais galegas**, en 2010 este ascende ao **18,57 %**, que novamente segue unha tendencia crecente (en 2008 supoñía o 16,94 % das empresas que desenvolvían a súa actividade no eido cultural en Galicia). Ademais, a participación desta rama de actividade no total do tecido produtivo galego en 2010 é do 0,65 %, tamén con tendencia a medrar.

Tal e como xa se detectou no caso das industrias culturais galegas, **a maior parte das empresas dedicadas ás actividades creativas, artísticas e de espectáculos está en réxime de autoemprego** (73,39 %) ou con menos de dez



traballadores (24,18 %), o que representa unha porcentaxe elevada de empresas consideradas baixo a denominación de microempresas. Da comparación destas porcentaxes coas correspondentes ao total das industrias culturais ou ao tecido empresarial galego, resulta que o peso relativo das empresas sen persoal asalariado é para o caso das artes escénicas 15 puntos superior que para as IC, e de 22 con respecto ao total de empresas galegas. O caso é que agregando a porcentaxe correspondente ás empresas sen traballadores asalariados ou ás de menos de dez traballadores, estas avultadas diferenzas dilúense e redúcese a un punto para as IC e a dous para o total das empresas galegas.

Afondando nestes aspectos, o estudo O sector das artes escénicas de Galicia (SAEG), citado na publicación O capital da cultura, argumenta que a existencia dun importante número de empresas de produción teatral en Galicia se debe fundamentalmente á escaseza de traballo no sector, o que leva os profesionais do mundo da interpretación á creación de unidades empresariais de produción propias como fórmulas de autoemprego para saír así, en moitos dos casos, de situacións de desemprego que se alongan no tempo ou dunha constante inestabilidade laboral. Así pois, estímase que máis do 60 % das empresas produtoras de espectáculos de artes escénicas en Galicia están constituídas como fórmula de autoemprego, sen contar cun cadro de traballadores estable.




Por tanto, e como xa se comentou no caso das IC en xeral ou da música e o audiovisual en particular, **a actividade das artes escénicas está bastante atomizada**, unha característica que comparte co resto das industrias culturais.

Distribución das empresas galegas das artes escénicas segundo o número de traballadores. 2010													
	Total	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 199	De 200 a 499	De 500 a 999	De 1.000 a 4.999	De 5.000 ou máis
90 Activ. de creación, artísticas e espectáculos	1.289	946	194	84	35	25	3	1	1	0	0	0	0
Total industrias culturais	6.941	4.051	1.883	549	226	151	43	21	13	4	0	0	0
Total grupos CNAE 2009	198.874	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

De cara ao estudo da situación económica e financeira das empresas deste sector de artes escénicas, e dentro do proxecto de vertebración do sector das IC, creouse unha completa base de datos de axentes do sector, tanto empresas como institucións, que recolle os datos do Rexistro Mercantil proporcionados pola Fundación para o Fomento da Calidade. A partir da explotación estatística da base de datos, **en Galicia hai no ano 2010 un número aproximado de 160 empresas que desenvolven actividade nas artes escénicas**. Destas, máis da **metade das empresas dedícase ao teatro como actividade principal**, o 15% á danza (clásica, moderna ou tradicional) e o 11 % aos monicreques. Menor importancia teñen a maxia (7 %), o circo (5 %), as actividades consideradas como de apoio ou auxiliares (5 %) ou a docencia (1 %).



Pero aínda que estas empresas son clasificadas de acordo coa súa actividade principal, son moitas as que carecen de especialización e desenvolven máis dunha das posibles actividades propostas. Por iso, na táboa seguinte aparecen recollidas as empresas que din desenvolver actividade en cada unha das categorías propostas, é dicir, considerando estas como non excluíntes.

Novamente o teatro é o que acolle a máis empresas que din desenvolver actividades neste eido, seguido de lonxe por danza e monicreques e xa con menor importancia maxia, circo ou actividades de apoio.


Número de empresas galegas de artes escénicas que din desenvolver actividade en cada unha das categorías propostas

	Teatro	Monicreques	Danza	Maxia	Circo	Distribución	Exhibición	Loxística	Docencia	Auxiliar
Empresas	91	28	30	16	12	2	3	0	7	13
% Empresas / Total	58%	18%	19%	10%	8%	1%	2%	0%	4%	8%

Fonte: elaboración propia

Non é demasiado correcto falar de empresas auxiliares neste sector, agás no caso de empresas que proporcionan servizos técnicos de montaxe de escenarios ou de distribución, que son moi escasas e cun volume de negocio aínda incipiente no caso teatral. **A escaseza de empresas que presten servizos auxiliares pode indicar, pois, a pouca madurez empresarial deste sector**, que ou ben aínda non


externalizou parte das súas funcións ou está a contratalas fóra de Galicia, aínda que esta limitación non é obstáculo para que en termos de facturación se convertan na actividade de maior peso relativo, como se verá despois.



Deseguido coméntase a distribución provincial das empresas galegas de artes escénicas, de acordo co seu domicilio social. Como xa vén sendo habitual nas IC galegas, **a provincia da Coruña resulta ser a localización escollida pola maioría das empresas das artes escénicas** (co 56,69 %) e Pontevedra acolle o 21 % e ten un peso superior á media en teatro e monicreques. Ourense ten unha importancia relativa inferior, aínda que en actividades como o

circo a participación chega ao 25 %. Lugo só ten empresas nas categorías de teatro, monicreques e maxia. Cómpre comentar que existen aínda empresas ás que non se lles asignou provincia, por descoñecer a súa localización.

É conveniente dedicar tamén unhas liñas á personalidade xurídica adoptada polas empresas galegas das artes escénicas. **A forma adoptada pola maior parte dos axentes empresariais é a de sociedade mercantil** (fundamentalmente S.L.), que representa o 47 % do total. Un 40 % adicional ten a forma de sociedades civís ou de empresarios individuais, e o resto serían outras formas como cooperativas, asociacións etc., ademais daquelas ás que aínda non se lles asignou forma por non dispoñer do dato. Trataríase, pois, de **compañías que en realidade funcionan como empresas de produción de espectáculos** nas que un creador, que asume funcións de empresario, desenvolve un proxecto para o que contrata os servizos necesarios, humanos, técnicos e doutro tipo. Por outra banda, é precisamente este peso tan elevado que teñen as formas non mercantís o que provoca os problemas para dispoñer dos datos económicos e financeiros das empresas de artes gráficas, que con seguridade achegan máis valor e xeran máis volume de negocio do que se extrae da base de datos (porque o Rexistro Mercantil só dispón de datos das sociedades mercantís).



Finalmente convén facer un apuntamento sobre a idade das empresas da mostra considerada para esta explotación estatística. De entre aquelas das que se dispón da data de constitución da empresa, máis do 60 % foi creada con posterioridade ao ano 2000, fronte a un 25 % da década de 1990. Isto denota unha **elevada taxa de constitución de empresas nestes últimos anos**, propiciada polo crecente acercamento do público ao teatro e o incremento en número de funcións. De feito, a data media de constitución das empresas da mostra é o ano 2000.

Como se vén facendo para outros sectores das industrias culturais, para a estimación do volume de negocio e do emprego das artes escénicas en Galicia, e partindo dos datos do Rexistro Mercantil facilitados pola Fundación para o Fomento da Calidade, considerouse que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007, pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ía ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese conservadora e de mínimos, que permite establecer estimacións para o exercicio 2008 e non ter que rexeitar aqueles axentes dos que aínda non se teñen datos.

Deseguido expónse máis polo miúdo a situación das artes escénicas en Galicia desde o punto de vista económico.

Grandes magnitudes das artes escénicas en Galicia. 2006 e 2008						
	Facturación			Resultado		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	8.335.371	16.069.881	92,79%	333.740	633.000	89,67%
Aux	2.882.937	7.606.759	163,85%	203.371	161.000	-20,83%
Circo	206.000	342.000	66,02%	-13.000	-28.000	115,38%
Danza	102.000	159.000	55,88%	-30.000	11.000	-
Docencia	119.004	101.000	-15,13%	11.938	-1.000	-
Maxia	-	73.000	-	0	27.000	-
Teatro	4.563.742	6.766.122	48,26%	164.440	411.000	149,94%
Monicreques	315.688	851.000	169,57%	-48.766	32.000	-
Sen clasificar	146.000	171.000	17,12%	45.757	20.000	-56,29%
	Empregados			N.º de empresas		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	77	192	149,35%	-	166	
Aux	18	37	105,56%	-	10	
Circo	-	6	-	-	8	
Danza	3	2	-33,33%	-	24	
Escola	-	4	-	-	1	
Maxia	-	-	-	-	12	
Teatro	49	107	118,37%	-	87	
Monicreques	7	34	385,71%	-	18	
Sen clasificar	0	2	-	-	6	

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2008 son provisionais

OS DATOS ECONÓMICOS DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

O volumen de negocio das artes escénicas en Galicia

A actividade empresarial vinculada ás artes escénicas xerou en 2008 un volume de negocio total de 16,3 millóns de euros, o que representa unha variación do 24 % sobre o ano anterior. Aínda que para os datos anteriores a 2005 a mostra de empresas das que se dispón de información non é tan significativa nin os datos están tan completos, tal e como ocorre coas industrias musicais, xa se deixa ver un **importante crecemento da facturación nestas disciplinas**, que chega ao 83,23 % en 2006-07. Nestes últimos anos esta taxa de crecemento veuse aminorando, como consecuencia da conxuntura económica que se está a vivir actualmente. Entre os anos 2005 e 2008 a taxa de crecemento foi do 336 %, é dicir, a facturación nestes catro anos multiplicouse máis ca por tres, unha situación non demasiado frecuente no tecido produtivo galego en xeral nin noutras industrias culturais en particular.


Evolución da facturación das empresas galegas de artes escénicas. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
Facturación	3.734.858	8.206.630	13.158.743	16.312.244

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

Esta facturación está altamente concentrada nun reducido número de axentes, de xeito que **as dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 68 % do negocio xerado polas empresas de artes escénicas galegas**. Este valor é inferior ao correspondente ao ano 2005 (83 %), e fai supoñer unha consolidación das empresas do sector no seu volume de negocio froito do incremento da actividade (fundamentalmente teatral) na comunidade galega.




Baixo a perspectiva da distribución xeográfica da facturación, resulta que **a provincia da Coruña aglutina o 70 % do volume de negocio nas artes escénicas galegas no ano 2008**, peso superior ao correspondente ás empresas e que reforza a idea da alta concentración do negocio nesta provincia, arredor de Santiago de Compostela fundamentalmente. Logo está Pontevedra, cun 23,89 % da facturación, unha porcentaxe moi próxima á correspondente ao número de empresas. Ourense xera un 5 % do volume de negocio, moi próximo á distribución correspondente a esta provincia para as empresas. No caso de Lugo, a facturación cae ao 0,45 % do total.

A distribución da facturación por actividade principal apunta novamente ao **teatro como a forma de representación que é capaz de xerar máis volume de negocio**, co 43 % do importe facturado, pese a que **a actividade con maior importancia en canto ás rendas xeradas é a de auxiliar e de apoio** (escenografía, montaxe, loxística, iluminación etc.) co 47 %. Cabe sinalar a menor importancia relativa dos monicreques, circo, danza ou maxia con respecto ao número de empresas, aínda que é certo que a dificultade para dispoñer de datos económicos destas empresas, que moitas veces desenvolven a súa

actividade baixo a forma xurídica de empresario autónomo ou de sociedade civil, non lles outorga a importancia que merecen.

Estes diferentes pesos en canto ao número de empresas e da facturación provoca diferenzas moi significativas na facturación media das empresas²¹. A media máis elevada corresponde ás actividades de apoio ou empresas auxiliares, que está moi por encima da media do sector, que ascende a 339.838 euros. Das escénicas, é o teatro o que ten un volume de negocio medio maior, seguido dos monicreques. A maxia sería a que factura menos por termo medio.

No capítulo dedicado ás artes escénicas da publicación O capital da cultura, do Consello da Cultura Galega, apúntase que cerca do 62 % das compañías de teatro posúe unha facturación anual inferior a 100.000 euros, cálculo que, malia que se realiza con datos pertencentes a un 32 % das compañías, resulta bastante aproximado. A porcentaxe aumenta no caso das compañías que se dedican aos espectáculos de danza, monicreques ou maxia.



²¹ Só se considera o número de empresas das que se dispón de datos.

O resultado de explotación

O resultado global antes de impostos das empresas galegas de artes escénicas foi no exercicio 2008 de 0,6 millóns de euros, o que representa un incremento do 42,12 % con respecto ao ano anterior e supón unha certa confirmación da tendencia ascendente destes tres últimos anos. Se a taxa de crecemento se calcula para o período 2005-2008, o valor ascende ao 77,64 %.

Evolución do resultado das empresas galegas de artes escénicas. 2005-2008				
	2005	2006	2007	2008
Resultado antes de impostos	345.070,88	287.983,06	431.313,9	613.000,00

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe.

Estas cifras de beneficio agregado dan como media un resultado de 18.575 euros por empresa, que neste caso resulta inferior ao correspondente ao ano 2005, que se elevaba a 21.567 euros. A escaseza de datos nalgunhas das actividades fai pouco viable unha análise máis pormenorizada desta variable.

Ademais, e como xa se advertiu no caso das actividades anteriores, faise necesaria unha lectura destes datos considerando a complicada situación económica pola que están a pasar as empresas na actualidade e a caída do consumo das familias, a mudanza dos hábitos culturais, as novas tecnoloxías..., circunstancias que provocan unha diminución dos ingresos das empresas.

A escaseza de datos de resultado antes de impostos para moitas das empresas da mostra empregada provoca a inconveniencia de continuar a extraer conclusións destes datos agregados.

O emprego galego das artes escénicas

As artes escénicas en Galicia xeraron en 2008 arredor de 190 empregos en equivalente a tempo completo, o que representa un crecemento do 92 % sobre o ano anterior e confirma a importancia que está a adquirir este sector, como o resto das IC, en Galicia.


Evolución do emprego das empresas galegas de artes escénicas. 2005-2008				
	2005	2006	2007	2008
Emprego	33	77	99	190

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

Como poñen de relevo os datos recollidos na táboa anterior, **a tendencia do emprego nas artes escénicas en Galicia é claramente crecente nos últimos catro anos**, e pasa de 33 traballadores no ano 2005 a 190 en 2008, o que ofrece unha taxa de crecemento do 476 %. Este aumento, como se vén comentando nos apartados previos, pode vir da man do incremento da actividade motivado polo incipiente crecemento do público que acode a estas manifestacións culturais nos últimos anos.

Tal e como vén acontecendo noutras actividades incluídas dentro das industrias culturais, como nos casos do audiovisual ou da música, trátase dun sector no que o **índice de temporalidade no emprego é elevado**, pois está moi vinculado ás producións ou á celebración de actos, que teñen un arranque e un final claramente definidos. Pero tamén hai que dicir que, pese ás cifras antes expostas, que fan referencia a traballadores equivalentes a tempo completo, **o movemento de contratacións laborais deste sector é elevado**, por ser unha actividade intensiva en persoal na súa vertente de interpretación.



No tocante á distribución por actividade do peso relativo no emprego total das artes escénicas, en 2008 **a actividade que alcanza unha maior participación no total é a de teatro**, co 56 % dos postos de traballo xerados nese ano (64 % en 2006), seguido polas empresas de apoio e servizos auxiliares (19 %) e os monicreques (18%). Isto reforza novamente a característica da **concentración arredor das actividades de representación teatral**, como xa se comentou no caso de empresas e facturación.

Ao igual que se fixo para as actividades anteriores, e dada a escasa relevancia dos datos de emprego manexados a partir das contas depositadas no Rexistro Mercantil polas empresas que operan no sector, procedeuse a analizar a evolución das afiliacións á Seguridade Social nas artes escénicas, que permiten analizar con certo detalle os movementos de emprego xerado arredor destas actividades, a relación coa tendencia das afiliacións das IC e co total das afiliacións en Galicia ou a distribución entre contratados autónomos e por conta allea. Para iso solicitáronse á Tesourería Xeral da Seguridade Social as medias


mensuais de afiliados por conta propia e por conta allea para o ano 2009 nos códigos de actividade²² que poidan ter máis relación coas artes escénicas ou nos que a maior parte dos afiliados poidan corresponder a estas actividades. De acordo con este criterio, o código analizado é o 900, que se corresponde con Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, aínda que este daría cabida á interpretación musical, á relacionada co cine ou a TV ou a creación literaria, alleas ao sector estudado.

Media anual de afiliacións das artes escénicas en Galicia. 2009		
		Media
900	Actividades de creación, artísticas e de espectáculos	1.794
Total de industrias culturais en Galicia		15.625

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social e IGE

Atendendo aos datos facilitados pola Tesourería Xeral, **a cifra media anual de afiliados das actividades relacionadas directamente coas artes escénicas para o ano 2009 foi de 1.794 persoas**. Isto representa o 11,48 % das afiliacións das industrias culturais para ese período, aínda que non todos os afiliados baixo este código se corresponden coas artes escénicas, como xa se comentou.

Un traballo máis detallado e mes a mes para o código de actividade considerado permite ver as oscilacións desta variable, que alcanza o seu máximo en maio (1.941 afiliados) e o mínimo en marzo (1.719). Ademais, estas variacións son máis pronunciadas que no total das industrias culturais, e non sempre do mesmo signo. De feito, como xa se indicou, nos meses estivais as contratacións do total da economía galega incrementáanse, fundamentalmente da man da hostalería e o turismo, ademais da posible cobertura das vacacións doutros empregados. No caso das Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, no verán as afiliacións soben despois dunha caída previa en xuño e mantéñense máis ou menos estables ata outubro, momento en que empezan a caer ata final de ano. O certo é que no período estival hai moita actividade escénica ao aire libre e na rúa, o que permite manter un certo ritmo de contratación.



Referente ao **peso dos afiliados do réxime por conta allea nas actividades escénicas** (50,05 %), este **é superior á media das industrias culturais en xeral** (27,71 %). Isto revelaría a priori unha maior fortaleza para as artes escénicas con respecto a outras actividades acollidas dentro das industrias culturais, máis proclives a constituír empresas unipersoais, sen empregados nin apenas capital, aínda que choca un pouco co comentado anteriormente con respecto aos datos extraídos do Directorio Central de Empresas (DIRCE). Tamén é certo que este código podería acoller na súa maior parte a intérpretes, actores e actrices, magos ou artistas contratados para a execución das representacións, e non tanto os responsables destas empresas, o que explicaría a menor incidencia das afiliacións por conta propia en comparación co total das IC.

²² De acordo á clasificación CNAE-2009.

Finalmente, é preciso comentar algúns datos recollidos no informe Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia, do Consello da Cultura Galega, sobre a evolución da demanda da ocupación correspondente aos actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados²³.

Para a ocupación de actores e directores de cine, radio, televisión e teatro e asimilados, que xa foi analizada previamente no apartado correspondente ao emprego da industria audiovisual, o número de contratados decrece entre 2004 e 2009, mentres que as demandas preferentes desta ocupación manteñen unha tendencia máis estable no período. A diferenza resultante presenta un saldo neto positivo que indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes na ocupación de actores e directores, ou, dito doutro modo, o **mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para actores e directores existentes**. Isto indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes no mencionado grupo ocupacional. Esta capacidade está a descender de xeito importante, probablemente como consecuencia da menor actividade das empresas por mor da crise e a situación económica actual. Ademais, a estabilidade laboral destes contratados é baixa, e a ocupabilidade laboral, media.

²³ Trátase de datos facilitados polo Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, que debuxan o panorama laboral destas ocupacións no intervalo 2005-2009.

Grandes magnitudes das artes escénicas en Galicia. 2008

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	16.069.880,93	613.000,00	192,00	160	315.095,70	83.697,30	18.575,76	3.192,71	5,94
Teatro	6.766.121,65	411.000,00	107	87	218.261,99	63.234,78	20.550,00	3.841,12	5,63
Monicreques	851.000,00	32.000,00	34	18	170.200,00	25.029,41	10.666,67	941,18	11,33
Danza	159.000,00	11.000,00	2	24	159.000,00	79.500,00	11.000,00	5.500,00	2,00
Circo	342.000,00	-28.000,00	6	8	171.000,00	57.000,00	-28.000,00	-4.666,67	6,00
Maxia	73.000,00	27.000,00		12	73.000,00	-	27.000,00	-	-
Actividades de apoio	7.606.759,28	161.000,00	4	10	845.195,48	1.901.689,82	26.833,33	40.250,00	5,29
Docencia	101.000,00	-1.000,00	27	1	101.000,00	3.740,74	-1.000,00	-37,04	4,00

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2008 provisionais

CONCLUSIÓNS SOBRE AS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

- No inicio do ano 2010 o número de empresas en Galicia que operaba arredor da creación, as actividades artísticas e de espectáculos ascendía a 1.289, o que supón un 12,18 % máis que as do ano 2008, aínda que non todas se corresponden coas artes escénicas.
- O peso relativo destas empresas nas industrias culturais galegas en 2010 ascende ao 18,57 %, que novamente segue unha tendencia crecente.
- A maior parte das empresas dedicadas ás actividades creativas, artísticas e de espectáculos está en réxime de autoemprego (73,39 %) ou con menos de dez traballadores (24,18 %).
- En Galicia hai no ano 2010 un número aproximado de 160 empresas que desenvolven actividade nas artes escénicas.
- Destas, máis da metade das empresas dedícase ao teatro como actividade principal, o 15 % á danza (clásica, moderna ou tradicional) e o 11 % aos monicreques.
- A escaseza de empresas que presten servizos auxiliares pode indicar a pouca madurez empresarial deste sector.
- A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida pola maioría das empresas das artes escénicas (co 56,69 %), e Pontevedra acolle o 21 %.
- A forma adoptada pola maior parte dos axentes empresariais é a de sociedade mercantil, que representa o 47 % do total. Un 40 % adicional ten a forma de sociedades civís ou de empresarios individuais, un peso moi superior ao que supoñen na maior parte dos outros sectores económicos.
- Son compañías que funcionan como empresas de produción de espectáculos nas que un creador, que asume funcións de empresario, desenvolve un proxecto para o que contrata os servizos necesarios, humanos, técnicos e doutro tipo.
- Constátase unha elevada taxa de constitución de empresas nestes últimos anos.
- A actividade empresarial vinculada ás artes escénicas xerou en 2008 un volume de negocio total de 16,3 millóns de euros.
- Entre os anos 2005 e 2008 a taxa de crecemento foi do 336 %, é dicir, a facturación nestes catro anos multiplicouse máis ca por tres.
- As dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 68 % do negocio xerado polas empresas de artes escénicas galegas.
- A provincia da Coruña aglutina o 70 % do volume de negocio nas artes escénicas galegas no ano 2008.
- A distribución da facturación por actividade principal apunta novamente ao teatro como a forma de representación que é capaz de xerar máis volume de negocio, co 43 % do importe facturado.
- O resultado global antes de impostos das empresas galegas de artes escénicas foi no exercicio 2008 de 0,6 millóns de euros.
- Estas disciplinas xeraron en Galicia en 2008 arredor de 190 empregos en equivalente a tempo completo.
- A tendencia do emprego nas artes escénicas en Galicia é claramente crecente nos últimos catro anos.
- O índice de temporalidade no emprego é elevado.
- A cifra media anual de afiliados das actividades relacionadas directamente coas artes escénicas para o ano 2009 foi de 1.794 persoas.
- O peso dos afiliados do réxime por conta allea nas actividades escénicas (50,05 %) é superior á media das industrias culturais en xeral (27,71 %).
- O mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego para actores e directores existentes. Isto indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes no devandito grupo ocupacional.

A INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA

Como se vén facendo nos apartados anteriores, para o estudo do tecido de empresas da industria do produto gráfico en Galicia empregáronse tanto os datos do Directorio Central de Empresas como os da propia base de datos elaborada ao longo deste proxecto.

Evolución das empresas galegas do produto gráfico segundo o código de actividade principal. 2008-10			
	2008	2009	2010
181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas	733	724	723
476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.302	2.239	2.114
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	332	345	364
731 Publicidade	1.112	1.173	1.198
741 Actividades de deseño especializado	58	50	163
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.149	1.257	1.289
Total das industrias culturais	6.783	6.905	6.941
Total de Galicia	203.374	201.263	198.874

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

No inicio de 2010 o DIRCE ten rexistradas 723 empresas dedicadas a *Artes gráficas e servizos relacionados con estas*²⁴, o que supón dez menos que en 2008. Ademais, **nesta mesma data hai 364 que responden á epígrafe de Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais**²⁵ (cun incremento de 32 sobre as existentes dous anos antes). **E hai 1.198 dedicadas a Publicidade**²⁶, que **constitúe o grupo máis numeroso**, 86 máis que as que existían dous anos atrás²⁷.

A maiores destes códigos de actividade poderían incluírse baixo a denominación de produto gráfico outras orientadas ás Actividades de deseño especializado²⁸, no que estarían as empresas de deseño gráfico, pero no que non todas as empresas deste código terían que corresponderse co sector do produto gráfico (podería dar cabida a empresas que se corresponden co sector da animación). Do mesmo xeito, as Actividades de creación, artísticas e espectáculos²⁹ poderían incluír o labor dos escritores, entre outros, pero o peso que estes poden alcanzar desaconsella a consideración deste código na análise. Finalmente, o mesmo estaría a ocorrer na parte de comercialización de libros, que estaría incluída no código Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados³⁰, pero no que novamente non todas as empresas nel clasificadas pertencen ao sector do produto gráfico.

En base a isto, as **empresas do sector do produto gráfico, considerando só as empresas de artes gráficas, edición de libros e publicidade, ascenderon en 2010 a 2.285 empresas**, un 2 % máis que en 2009 e un 5 % por riba de 2008. Trátase, pois, dun **grupo de actividades no que se está a incrementar o número de empresas**, cunha taxa de crecemento que duplica a do total das industrias culturais e

²⁴ CNAE 2009 18.10.

²⁵ CNAE 2009 58.10.

²⁶ CNAE 2009 73.10.

²⁷ De acordo co Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estadística (INE), CNAE 2009, e tal e como se vén comentando nos apartados correspondentes de cada grupo de actividades, en 2010 había rexistradas 198.874 empresas en Galicia, o que representa un descenso do -1,19 % sobre o ano 2009.

²⁸ CNAE 2009 74.10.

²⁹ CNAE 2009 90.00.


³⁰ CNAE 2009 47.60.

mostra signo contrario que no tecido empresarial galego (no que se recorda que a taxa de variación foi do -2,21 entre 2008 e 2010).

Distribución das empresas do produto gráfico galego segundo o número de traballadores. 2010													
	Total	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 199	De 200 a 499	De 500 a 999	De 1.000 a 4.999	De 5.000 ou máis
181 Artes gráficas e servizos relacionados con estas	723	235	241	133	54	43	10	7	0	0	0	0	0
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	364	180	107	35	14	15	3	3	4	3	0	0	0
731 Publicidade	1.198	734	282	107	39	28	5	1	1	1	0	0	0
Total produto gráfico													
Total industrias culturais	6.941	4.051	1.883	549	226	151	43	21	13	4	0	0	0
Total grupos CNAE 2009	198.874	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5

Fonte: DIRCE 2010. Instituto Nacional de Estadística

A maior parte destas empresas pertencentes ao sector do produto gráfico carece de asalariados, isto é, están compostas por un ou máis socios que son, á súa vez, traballadores destas. De feito, **o 94,57 % das empresas destes tres códigos de actividade ten menos de dez empregados** (dous puntos por riba do total do tecido galego de empresas), o que



como no caso das outras industrias culturais analizadas confirma un **tecido empresarial de microempresas e autónomas**. Só unha pequena parte posúe traballadores por conta allea. No caso das empresas de publicidade, o peso do colectivo sen traballadores ascende a 61,27 %, dez puntos por riba da media empresarial galega (51,28 %), e tres máis que as industrias culturais da nosa comunidade (58,36 %). Pola contra, o menor peso nas empresas sen traballadores asalariados dáse nas de artes gráficas e servizos relacionadas con estas, con só o 32,50 %. **A industria está, por tanto, bastante atomizada**, como vén acontecendo no resto das industrias culturais galegas.


Por outra banda, **o peso destas actividades nas industrias culturais galegas é do 33 % no ano 2010** (case un punto máis que en 2008), e do 1 % sobre o total do tecido empresarial da comunidade galega.

Dentro do desenvolvemento deste traballo de vertebración, e ao igual que nos casos anteriores, estase a levar a cabo un traballo que pretende aproximar a importancia en termos económicos e de emprego do sector do produto gráfico en Galicia, a partir de datos das contas depositadas polas empresas no Rexistro Mercantil. Con estes datos do Rexistro, e partindo dunha busca inicial por código de actividade de acordo coas epígrafes do CNAE 2009 18.10 (Artes gráficas e servizos relacionadas con estas); 73.10 Publicidade; 74.10 (Actividades de deseño especializado) e 47.60 (Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados) creouse unha base de datos que recolle as principais variables económicas das empresas do sector galego das artes gráficas desde 2005 a 2008³¹.

³¹ Para esta estimación considerouse, como nos casos anteriores, que para cada unha das empresas das que había datos dispoñibles para o ano 2007, pero aínda non para 2008, tanto o volume de negocio como o emprego ían ter un crecemento nulo. Trátase, polo tanto, dunha hipótese conservadora e de mínimos que permite establecer estimacións para o exercicio de 2008.


En total, operan no sector gráfico galego 1.090 empresas, que ofrecen produtos ou servizos gráficos, como impresión, deseño gráfico, publicidade, fotografía, acabados, edición e impresión de xornais, revistas e libros ou comercialización de libros. Na táboa que se presenta ao final deste apartado vén recollida a clasificación das empresas rexistradas na base de datos confeccionada para este estudo, segundo a súa actividade principal.

Como se aprecia no gráfico que se achega, **de entre as empresas que forman parte da base de datos manexada para a extracción destes datos, o 33 % ten como actividade principal a publicidade.** Os seguintes grupos máis numerosos corresponden á impresión, co 29 %, á edición, co 9 % e á comercialización (9 %). Despois virían actividades como as relacionadas cos xornais (4 % e que inclúen tanto a edición como a impresión) ou coas revistas (3 %), o deseño gráfico (3 %), a rotulación ou a serigrafía (ambas as dúas co 2 %) ou os acabados (1 %).



Seguidamente ofrécese algúns comentarios sobre a distribución destas empresas conforme a súa localización (provincia neste caso). **A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 47 % das empresas,** e Pontevedra acolle o 38 %. Examinando esta información por actividades e provincia apréciase un maior peso da media galega para acabados, rotulación, serigrafía, packaging e xornais en Pontevedra, e de revistas, edición, distribución ou deseño gráfico na Coruña.

Na maior parte das empresas do sector gráfico galego que integran a mostra a forma xurídica elixida é a de sociedade limitada (92,84 % dos casos) ou a de sociedade anónima (nun 5,69 %). Formas como as sociedades civís ou os empresarios individuais, con tanto peso noutras industrias culturais, teñen neste sector presenzas simbólicas, o que lle confire un **carácter máis empresarial e profesional a esta actividade.** Tamén é certo que, ao ser tan elevado o número de empresas que conforma a base de datos xerada para o estudo, neste caso non se procedeu a completala por outras vías, como se fixo nos casos anteriores.



Con respecto á idade das empresas que operan nesta industria, sorprende a data de constitución dalgunhas empresas da mostra, que datan de 1910, como é o caso de La Región ou La Voz de Galicia. **As compañías con maior antigüidade correspóndense coa rama dedicada aos xornais** (tanto edición como impresión), na que hai empresas case centenarias que conviven con novas compañías creadas na última década. **A distribución presenta tamén unha data media de constitución baixa, xunto coas compañías dedicadas a cartoncillo e packaging e impresión en sentido amplo.** Pola contra, en deseño gráfico, revistas e publicidade a data media de constitución está por riba do ano 2000. En calquera caso, **o ano medio de constitución destas empresas da industria gráfica é 1997.**

A continuación detállanse as principais variables económicas da industria gráfica galega.

Grandes magnitudes das empresas da industria do produto gráfico galego. 2006-2008						
	Facturación			Resultado		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	650.672.456	735.381.940	13,02%	37.333.499	19.635.748	-47,40%
Acabados	1.859.000	2.181.000	17,32%	-72.411	-181.000	149,96%
Auxiliar	6.234.744	6.350.000	1,85%	-38.923	201.000	-616,40%
Comercial.	28.936.371	42.068.957	45,38%	-221.048	817.000	-469,60%
Deseño gráfico	7.017.001	8.966.189	27,78%	208.827	379.000	81,49%
Distribución	23.505.000	35.937.000	52,89%	362.348	131.000	-63,85%
Edición	22.658.353	31.957.195	41,04%	875.577	1.786.000	103,98%
Impresión	146.779.851	169.536.160	15,50%	4.766.606	4.646.000	-2,53%
Outros	1.198.000	2.189.000	82,72%	-30.000	-3.000	-90,00%
Packaging	11.344.000	13.131.701	15,76%	-227.855	98.000	-143,01%
Preimpresión	1.260.000	1.418.944	12,61%	-45.620	-1.000	-97,81%
Publicidade	169.960.659	185.487.619	9,14%	9.410.669	4.088.000	-56,56%
Revistas	6.700.000	8.684.448	29,62%	495.762	66.000	-86,69%
Rotulación	6.709.000	8.319.483	24,00%	275.096	111.748	-59,38%
Serigrafía	4.503.000	5.352.386	18,86%	33.640	-61.000	-281,33%
Xornais	211.968.478	213.766.858	0,85%	21.590.830	7.565.000	-64,96%
Sen clasificar	39.000	35.000	-10,26%	-50.000	-7.000	-86,00%
	Empregados			N.º de empresas		
	2006	2008	% crec	2006	2008	% crec
Total	5.971	6.879	15,22%	-	495	-
Acabados	44	59	34,09%	-	12	-
Auxiliar	97	96	-1,03%	-	6	-
Comercial.	365	409	12,05%	-	101	-
Deseño gráfico	73	81	10,96%	-	33	-
Distribución	70	111	58,57%	-	6	-
Edición	217	274	26,27%	-	112	-
Impresión	1515	1.803	19,01%	-	314	-
Outros	27	41	51,85%	-	12	-
Packaging	91	115	26,37%	-	4	-
Preimpresión	17	17	0,00%	-	7	-
Publicidade	1304,5	1.527	17,06%	-	358	-
Revistas	69	74	7,25%	-	30	-
Rotulación	136	148	8,82%	-	25	-
Serigrafía	84	93	10,71%	-	22	-
Xornais	1860	2.029	9,09%	-	45	-
Sen clasificar	1	2	100,00%	-	3	-

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: os datos do ano 2008 son provisionais

O volumen de negocio das empresas do produto gráfico

A industria gráfica galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 735 millóns de euros, o que representa unha variación negativa do -1,34 % sobre o ano anterior. Esta caída das vendas pode vir da **diminución da actividade produtiva das empresas galegas por mor da crise, que ten importantes consecuencias no sector que nos ocupa por ser este provedor do primeiro, e pola redución do gasto público executado polas administracións** como consecuencia da redución dos presupostos e a caída dos ingresos. **De feito, os clientes das empresas do sector gráfico adoitan ser outras empresas do tecido produtivo** (cartelería empresarial, publicidade, identidade corporativa, packaging e cartoncillo etc.) ou en menor medida a Administración (publicacións oficiais, cartelería, publicidade etc.), e non tanto o público final, salvo no caso do libro e das publicacións periódicas. Ademais, con respecto a estes, nos últimos anos estase a dar unha caída no número de lectores de xornais e revistas en formato tradicional (papel) en favor do electrónico.

Aínda considerando que os datos anteriores a 2005 non son tan completos como os dos tres anos seguintes, apréciase un **crecemento constante na facturación destas empresas**, que alcanzou o seu punto de inflexión en 2007, momento en que xa comeza a decrecer levemente o volume de negocio.


Evolución da facturación das empresas galegas do produto gráfico. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
Facturación	444.895.890	626.622.456	746.397.864	739.352.988

Fonte: elaboración propia, a partir de datos de Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe


Esta facturación non aparece tan concentrada nun grupo de axentes como vén acontecendo noutras industrias culturais analizadas, de xeito que **as dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 31,8 % do negocio xerado polas industrias do produto gráfico galego**. Se o intervalo se incrementa ata as vinte primeiras, a porcentaxe elévase ao 41 %, que segue indicando unha concentración inferior á doutras IC galegas.



O que si deixa ver claramente o filtrado da facturación do ano 2008 para as dez primeiras empresas é a importancia das actividades relacionadas co xornalismo (edición e impresión de xornais diarios) e, de feito, a empresa do sector do produto gráfico galego máis importante en termos de negocio como de emprego pertence a esta rama.


Desde o punto de vista provincial, **as empresas da Coruña son capaces de xerar o 54,1 % da facturación galega neste sector**, que conta coa importante achega de empresas tanto da Coruña capital como de Santiago e outros concellos como Arteixo. Segue en importancia Pontevedra, co 35,6 %, e Lugo, co 10,3 %.

cun peso moi grande para Vigo e o seu contorno. Ourense e Lugo teñen pesos relativos moi próximos, ambos os dous arredor do 5 %.



Cando esta distribución da facturación se analiza considerando as actividades principais desenvolvidas polas empresas resulta que **a actividade principal do sector do produto gráfico galego é, en termos de volume de negocio, a relacionada cos xornais, tanto a impresión como a edición, cun 29 %**. A seguinte máis importante é a de publicidade, cun 26 %, e despois iría a impresión, cun 23 %. Con participacións claramente menores na facturación estarían a comercialización de libros, revistas e xornais (6 %), a distribución (5 %) e a edición de libros (4 %).

Afondando nestes volumes de facturación por actividade principal, cómpre apuntar que o traballo Comercio interior del libro en España 2009, da Federación de Gremios de Editores de España, proporciona datos de facturación das empresas en canto ás vendas interiores de libros, e asigna a Galicia un volume de vendas en España de 33,68 millóns de euros en 2009³², o que representa un 1,9 % máis que no ano anterior. Esta mesma fonte permite facer un repartimento en canto á importancia que as distintas materias teñen no total da facturación de edición de libros, e case o 45 % é atribuíble en 2009 ás vendas de libros de texto non universitario e un 12 % para literatura, lectura infantil e xuvenil e dicionarios e enciclopedias³³.



Por outra banda, cabe facer unha mínima comparación das facturacións medias por empresa para cada unha das actividades, que difire de xeito importante como consecuencia da **heteroxeneidade no tamaño e tipo de empresas que se enmarcan dentro deste sector**, no que conviven compañías de edición ou

³² A partir dunha enquisa levada a cabo entre os editores do Estado.

³³ Cun 30 % dos libros editados en 2009 correspondente a libros de texto non universitario, case sete puntos por riba da media estatal, e un 23 % cada unha para literatura (novela, poesía, teatro...) e lectura infantil e xuvenil.

impresión de xornais ou grandes grupos de publicidade con empresarios autónomos e pequenas empresas dedicadas ao deseño gráfico ou á fotografía. Xa se comentou a **importancia das empresas cuxa actividade xira ao redor dos xornais, que ten o seu reflexo nos 5,78 millóns de euros de media de facturación por empresa**, aínda que **o volume de negocio por empresa máis elevado corresponde ás empresas de distribución, con 7,2 millóns de euros**. Con magnitudes superiores ao millón de euros están tamén as compañías de packaging (3,28 millóns) e as actividades auxiliares (1,59 millóns). A facturación media do total do sector do produto gráfico galego é de 820.739 euros.

O resultado de explotación

O resultado global antes de impostos das empresas que operan no sector do produto gráfico galego elevouse a 19,7 millóns de euros no exercicio de 2008, o que representa unha redución do -59 % con respecto ao ano anterior e supón unha caída a niveis inferiores aos de 2004 (aínda que é certo que o número de empresas da mostra da que se teñen datos anteriores a 2005 e máis reducido por ter menor dispoñibilidade de datos).



Evolución do resultado das empresas galegas do produto gráfico. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
Resultado antes de impostos	24.551.376,84	37.333.782,68	47.953.282,98	19.655.747,86

Fonte: elaboración propia, a partir de datos de Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe

Desta cifra total agregada, **as empresas dedicadas a tarefas relacionadas cos xornais son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos en termos relativos no ano 2008**, con 7,6 millóns de euros, e un peso do 37,6 % sobre o total. Deseguido, pero xa a certa distancia, estarían todas as actividades relacionadas coa impresión (e que inclúe preparado de pranchas, impresión en pequeno e gran formato, impresión dixital etc.), co 23 % e 4,6 millóns. O seguinte grupo de empresas é o correspondente á publicidade, que alcanzou un peso relativo do 20,3 % sobre o total e supón un resultado antes de impostos de 4,1 millóns de euros. As empresas de preimpresión veñen obtendo desde hai anos resultados agregados de signo negativo.




Dentro dos cambios nos pesos relativos das distintas actividades, tanto na facturación como no resultado contable, cómpre ter en conta a caída na venda de xornais (e o incremento de lectores destes en formato electrónico), a mellora nos índices de hábitos de lectura da poboación, a menor presenza da publicidade en soportes tradicionais (xornais entre eles) e a tendencia crecente na publicidade en liña, a aparición do libro electrónico, a cada vez maior presenza da impresión dixital (incluso dentro do tecido produtivo alleo a este sector), a preocupación crecente das empresas pola súa identidade corporativa e o deseño gráfico dos seus documentos etc.

Tal e como acontecía coa facturación e co resultado global, o beneficio por empresa máis elevado corresponde ás actividades relacionadas cos xornais, que ademais é cinco veces superior ao resultado por empresa do seguinte grupo de actividades, que son as auxiliares, seguidas moi de cerca polas de packaging. **O resultado medio por empresa ascende en 2008 a 27.463 euros.** Novamente cómpre incidir na heteroxeneidade destas empresas do sector do produto gráfico, circunstancia común ao resto do Estado, onde grandes rotativos de xornais e importantes editoriais conviven con pequenos estudos de publicidade ou deseñadores gráficos free lance. Tamén é necesario incidir de novo na conxuntura

económica actual e no descenso da actividade produtiva das empresas galegas en xeral, coa que a evolución do negocio do produto gráfico garda tanta relación.

O resultado medio por empregado para o total do sector é de case 3.000 euros de beneficios antes de impostos por traballador, e o índice máis elevado corresponde á rama de edición, con 6.380 euros, e a continuación ao deseño gráfico, con 4.680 euros. Tamén se sitúa por riba da media o grupo dedicado aos xornais (con 3.728 euros).



Finalmente, atendendo á análise da distribución do resultado contable por provincias, e tal e como acontecía coa facturación, **A Coruña xera a maior parte dos resultados positivos do sector galego do produto gráfico**, pois faise responsable do 64 %, e Pontevedra do 29 %. Ourense ten unha presenza case simbólica nesta repartición co 1 %.

O emprego da industria gráfica galega

O sector galego do produto gráfico xerou en 2008 un volume equivalente a tempo completo de 6.890 empregos, o que supón un incremento sobre o ano anterior do 6,3 %.


Evolución do emprego das empresas galegas do produto gráfico. 2006-2008			
	2006	2007	2008
Emprego	5.979	6.481	6.887

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do Rexistro Mercantil extraídos do Sistema de Información Empresarial da Fundación para o Fomento da Calidade

Nota: datos de 2008 provisionais ao peche deste informe


A xulgar polos datos recollidos na táboa adxunta, a tendencia do emprego no sector do produto gráfico galego é crecente desde o inicio da década, aínda que neste último ano a capacidade de crear emprego se viu levemente reducida, e pasou de 5.979 traballadores no ano 2006 a 6.481 en 2007 (cunha variación do 8,4 % sobre o ano anterior) e posteriormente a 6.887 en 2008 (cun crecemento do 6,3 %).

Por outra parte, este sector é quizais o que **dá máis estabilidade ao emprego**, por ter un carácter máis industrial nalgunha das súas actividades e non depender da temporalidade das producións como outras industrias creativas, tales como a musical, as artes escénicas ou o audiovisual.



A distribución provincial do emprego atribúelle novamente **á Coruña o maior peso, cun 54 % do total dos traballadores do produto gráfico galego en 2008**. A participación de Pontevedra no total dos empregados é lixeiramente inferior á que lle corresponde no volume de negocio ou no número de empresas.

E tal e como vén ocorrendo con variables como número de empresas, volume de negocio ou resultado antes de impostos, no tocante aos traballadores de cada unha das actividades incluídas no sector, **a impresión e edición de xornais é a actividade cun maior peso relativo en canto aos postos de traballo xerados en 2008, co 30 %**. A impresión é o conxunto de actividades que representa o seguinte grupo máis importante, 26 %, e a continuación a publicidade, co 22 %. Convén chamar a atención sobre o menor peso destas últimas en termos de emprego e a súa importancia en canto a facturación e número de empresas, que leva a pensar nunha menor dimensión destes axentes (que incluso poden estar a desenvolver a súa actividade valéndose de free lance).



Do cociente entre as empresas e o número de traballadores de cada grupo de actividade considerado (e tendo en conta só as empresas das que se dispón de datos para o efecto de calcular a media), resulta que o cadro medio de empresas do sector é de nove traballadores. Pero dada a heteroxeneidade da que se vén falando nos apartados anteriores, cando se relacionan estas variables para cada unha das actividades propostas, resulta que son as empresas de xornais as de maior dimensión media, cun termo medio de 60 empregados. Con case a metade estarían as dedicadas ao cartoncillo e ao packaging, con 29 traballadores, cerca dos 22 das distribuidoras ou dos 19 das empresas auxiliares.

Segundo o traballo Comercio interior del libro en España, en 2009 as editoriais da Asociación Galega de Editores tiñan unha media de seis persoas por editorial e o total dos empregados por este gremio suma 291 traballadores.


Por outra banda, o emprego non aparece demasiado concentrado arredor das empresas, de maneira que as dez compañías con maior número de traballadores no sector supoñen só o 31 % do total do emprego do sector en 2008, e se a análise se eleva ás vinte empresas con máis empregados (en equivalente a tempo completo) a participación ascende ata o 39 %.

De acordo cos datos facilitados pola Tesourería Xeral, para os códigos de actividade considerados como máis relacionados coas actividades do produto gráfico, **a media anual de afiliados das actividades incluídas no sector do produto gráfico para o ano 2009 foi de 11.195 persoas**. Isto representa o 72 % das afiliacións das industrias culturais para o mesmo período. Estas cifras están a considerar os códigos de 18.1 Artes gráficas e servizos relacionados con estas; 58.1 Edición de libros e xornais e outras actividades editoriais; 73.1 Publicidade; 74.1 Actividades de deseño especializado e 74.2 Fotografía, aínda que nestas cifras non se está a considerar a parte de comercialización, recollida no código 476 Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados, non considerados nesta análise, ou a escritores e tradutores, que poderían valerse do código 90.0 Actividades de creación, artísticas e de espectáculos, que tampouco se ten en conta por servir de contedor a outras moitas actividades, todas elas relacionadas coas IC pero que teñen máis cabida noutros sectores, como o das artes escénicas ou o audiovisual.

Media e variación anual das afiliacións galegas para os códigos de actividade do produto gráfico. 2009		
	Media	Dec/Xan
Artes gráficas e servizos relacionados con estas	3.817	-4,42%
Edición de libros e periódicos e outras actividades editoriais	2.978	-16,52%
Publicidade	3.042	-7,84%
Actividades de deseño especializado	402	60,38%
Fotografía	957	-3,20%
Total do produto gráfico	11.195	-6,65%
Total das industrias culturais	15.625	-7,56%
Total da afiliación de Galicia	1.034.223	-1,36%


Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social e IGE

Unha ollada máis detida e de xeito mensual a estes códigos de actividade considerados e a súa comparación co total das IC galegas e coa economía da comunidade permite ver que para todos eles hai oscilacións mínimas intermensuais, o que revela unha alta estabilidade para estes códigos de afiliacións e unha estacionalidade do emprego practicamente irrelevante. Non ocorre así para o total das afiliacións en Galicia neste período, que mostran un pico no mes de xullo e un mínimo no de abril.



Isto demostra un **mellor comportamento do emprego das actividades encadradas no sector gráfico galego que o total da economía galega no ano 2009.**

En canto aos pesos relativos de cada un dos códigos de actividade nas afiliacións á Seguridade Social para o sector do produto gráfico galego, estes revelan a **importancia das artes gráficas e dos servizos relacionados con estas, cun 33 % das afiliacións**, seguido de edición de libros e xornais e outras actividades editoriais, co 26 % (sobre todo polo peso dos xornais), e publicidade, co 26 %.



O COMERCIO EXTERIOR DA INDUSTRIA DO PRODUTO GRÁFICO


Como xa se comentou nos primeiros apartados deste traballo, en 2009 as industrias culturais exportaron 5,3 millóns de euros, dos que 2,8 correspondían a produtos editoriais e 1,2 a produtos de artes gráficas.

Comercio exterior das industrias do produto gráfico en Galicia (miles de euros). 2009				
	Export	Import	Saldo	Taxa
30402 – Produtos editoriais	2.803,93	3.014,47	-210,54	93,02%
30403 – Produtos de artes gráficas	1.192,05	1.316,04	-123,99	90,58%
Total de editorial e artes gráficas	3.995,98	4.330,51	-334,53	92,28%
304 – Industrias culturais	5.367,09	7.512,61	-2.145,52	71,44%
Total en Galicia	12.928.154,57	13.759.215,42	831.060,85	106,43%

Fonte: base de datos ESTACOM. ICEX

De acordo con estes datos, en 2009 Galicia vendeu no exterior catro millóns de euros en produtos gráficos, o que evidencia o carácter internacional dos produtos gráficos galegos dentro das industrias culturais galegas, xa que supoñen o 74,45 % das vendas ao exterior das IC en 2009, e o 57,64 % das importacións.


O certo é que esta importancia en termos relativos dentro das IC dilúese cando a análise se fai para o total das exportacións galegas dese período, no que teñen unha participación do 0,03 % e volve confirmar a pouca apertura das industrias culturais en xeral e, aínda que en menor medida, do sector gráfico en particular.



Pero, como se aprecia no gráfico, o importe das vendas internacionais do sector gráfico galego vén diminuindo nos últimos anos de xeito importante, e pasou de máis de dez millóns de euros en 2006 aos catro millóns de 2009, cun descenso do -68 % para produtos editoriais e do 15 % para produtos de artes gráficas. En total, as industrias gráficas caeron nas súas vendas ao exterior entre 2006 e 2009 un 61 %.

Por outra banda, e de acordo cos datos recollidos da base de datos ESTACOM do ICEX, en 2009 o **saldo comercial galego das industrias gráficas é deficitario**, e a taxa de cobertura é do 92,28 %, case vinte puntos superior á das industrias culturais (e catorce por debaixo da global galega). O certo é que o valor desta **taxa de cobertura está** a sufrir unha importante deterioración nos últimos anos, ao pasar do 200 % en 2006 ao 92 % en 2009, o que supón unha redución superior ao 50 %. Esta caída da taxa de cobertura segue a mesma tendencia que a de toda a IC galega, pero é de signo contrario á do comercio exterior galego, que de xeito moderado está a incrementar a súa taxa de cobertura nestes últimos anos.

Os países con máis peso no destino das vendas ao exterior de produtos editoriais son Portugal (28 %), Israel (17 %) e Australia e Brasil (6 % cada un deles). No caso dos produtos de artes gráficas, os principais países destinatarios das exportacións son Portugal (40 %), Sudáfrica e Francia (8 % cada un deles) e Países Baixos e Italia (co 7 % cada un deles). Convén comentar tamén como os dez países con maior volume de compras de produtos editoriais supoñen o 78 % do volume total de exportacións destes capítulos (os vinte primeiros representan o 94 %). No caso dos produtos editoriais a concentración é aínda máis elevada, e os dez primeiros países en canto a destino das vendas supoñen o 84 % das exportacións para estas referencias.



Grandes magnitudes do sector do produto gráfico galego. 2008

	Facturación	Resultado	Emprego	N.º de empresas	Facturación por empresa	Facturación por empregado	Resultado por empresa	Resultado por empregado	Cadro medio das empresas
Total	735.381.940,45	19.635.747,86	6879	1090	820.738,77	106.902,45	27.462,58	2.854,45	9
Acabados	2.181.000	-181.000,00	59	12	242.333,33	36.966,10	-20.111,11	-3.067,80	7
Auxiliar	6.350.000	201.000,00	96	6	1.587.500,00	66.145,83	50.250,00	2.093,75	19
Comercial.	42.068.957	817.000,00	409	101	525.861,97	102.858,09	13.616,67	1.997,56	6
Deseño gráfico	8.966.189	379.000,00	81	33	320.221,04	110.693,69	15.160,00	4.679,01	3
Distribución	35.937.000	131.000,00	111	6	7.187.400,00	323.756,76	32.750,00	1.180,18	22
Edición	31.957.195	1.786.000,00	274	112	404.521,45	116.632,10	31.892,86	6.518,25	5
Impresión	169.536.160	4.646.000,00	1803	314	639.759,09	94.030,04	21.022,62	2.576,82	8
Outros	2.189.000	-3.000,00	41	12	218.900,00	53.390,24	-300,00	-73,17	5
<i>Packaging</i>	13.131.701	98.000,00	115	4	3.282.925,23	114.188,70	49.000,00	852,17	29
Preimpresión	1.418.944	-1.000,00	17	7	202.706,25	83.467,28	-333,33	-58,82	3
Publicidade	185.487.619	4.088.000,00	1527	358	628.771,59	121.471,92	17.620,69	2.677,14	6
Revistas	8.684.448	66.000,00	74	30	321646,2252	117.357,41	3.473,68	891,89	4
Rotulación	8.319.483	111.747,86	148	25	332779,3364	56.212,73	4.858,60	755,05	6
Serigrafía	5.352.386	-61.000,00	93	22	281704,5095	57.552,53	-4.066,67	-655,91	5
Xornais	213.766.858	7.565.000,00	2029	45	5777482,66	105.355,77	252.166,67	3.728,44	60
Sen clasificar	35.000	-7.000,00	2	3	17500	17.500,00	-3.500,00	-3.500,00	1

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do Rexistro Mercantil

Nota: datos de 2008 provisionais

CONCLUSIÓNS SOBRE O PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA

- As empresas do sector do produto gráfico, considerando só as empresas de artes gráficas, edición de libros e publicidade, ascenderon en 2010 a 2.285 empresas, un 2 % máis que en 2009.
- O 94,57 % das empresas destes tres códigos de actividade carece de traballadores asalariados ou ten menos de dez empregados.
- No caso das empresas de publicidade, o peso do colectivo sen traballadores ascende ao 61,27 %.
- O peso destas actividades no tecido empresarial das industrias culturais galegas é do 33 % no ano 2010 e o 1 % sobre o total de empresas.
- De acordo cos datos do Rexistro Mercantil, en total, operan no sector gráfico galego 1.090 empresas, das que o 33 % ten como actividade principal a publicidade.
- A provincia da Coruña resulta ser a localización escollida polo 47 % das empresas.
- Formas como as sociedades civís ou os empresarios individuais teñen neste sector presenzas de menor importancia, o que lle confire un carácter máis empresarial e profesional a esta actividade.
- A distribución presenta tamén unha data media de constitución baixa, xunto coas compañías dedicadas a *cartoncillo* e *packaging* e impresión en sentido amplo.
- O ano medio de constitución destas empresas da industria gráfica é 1997 e as compañías con maior antigüidade correspóndense coa rama dedicada aos xornais.
- A industria gráfica galega xerou en 2008 un volume de negocio total de 735 millóns de euros, o que representa unha variación negativa do -1,34 % sobre o ano anterior.
- As dez primeiras empresas en volume de facturación supoñen no ano 2008 o 31,8 % do negocio xerado polas industrias do produto gráfico galego.
- As empresas da provincia da Coruña son capaces de xerar o 54,1 % da facturación galega neste sector.
- O volume de negocio por empresa máis elevado corresponde ás empresas de distribución, con 7,2 millóns de euros.
- Constátase a importancia das empresas cuxa actividade xira ao redor dos xornais, que ten o seu reflexo nos 5,78 millóns de euros de media de facturación por empresa.
- A facturación media do total do sector do produto gráfico galego é de 820.739 euros.
- O resultado global antes de impostos das empresas que operan no sector gráfico galego elevouse a 19,7 millóns de euros no exercicio de 2008, o que representa unha redución do -59 % con respecto ao ano anterior.
- As empresas dedicadas a tarefas relacionadas cos xornais son as que xeran un maior volume de beneficios antes de impostos en 2008, con 7,6 millóns de euros, e un peso do 37,6 % sobre o total.
- O resultado medio por empresa ascende en 2008 a 27.463 euros.
- O resultado medio por empregado para o total do sector é de case 3.000 euros de beneficios antes de impostos por traballador.
- O sector galego do produto gráfico xerou en 2008 un volume equivalente a tempo completo de 6.890 empregos.
- A tendencia do emprego no sector do produto gráfico galego é crecente desde o inicio da década.
- A Coruña ten o maior peso en termos de emprego, cun 54 % do total dos traballadores do produto gráfico galego en 2008.
- A impresión e edición de xornais é a actividade cun maior peso relativo en canto aos postos de traballo xerados en 2008, co 30 %.
- O termo medio anual de afiliados das actividades incluídas no sector do produto gráfico para o ano 2009 foi de 11.195 persoas.
- Dáse un mellor comportamento do emprego das actividades encadradas no sector gráfico galego que no total da economía galega no ano 2009 en canto a afiliacións á Seguridade Social.

CONCLUSIÓNS SOBRE O PRODUTO GRÁFICO EN GALICIA

- Apréciase a importancia das artes gráficas e dos servizos relacionados con estas, cun 33 % das afiliacións.
- En 2009 as industrias culturais exportaron 5,3 millóns de euros, dos que 2,8 correspondían a produtos editoriais e 1,2 a produtos de artes gráficas.
- As industrias gráficas caeron nas súas vendas ao exterior entre 2006 e 2009 nun 61 %.
- A taxa de cobertura está a sufrir unha importante deterioración nos últimos anos, ao pasar do 200 % en 2006 ao 92 % en 2009.

ANEXOS

A continuación, e afondando nesta vertebración das industrias culturais galegas, propóñense algunhas aproximacións adicionais á importancia destes sectores na economía de Galicia.

En primeiro lugar, preséntanse os datos da que se deu en chamar a industria da verbena, que xera un movemento anual de máis de 4.500 persoas e un volume de negocio de aproximadamente 94 millóns de euros.

Deseguido analízase o emprego e o volume de negocio xerado polos festivais de música e macroconcertos, que supoñen máis de 12 millóns de euros de volume económico e un movemento aproximado de 10.110 contratacións laborais.

A continuación, abórdase a importancia das festas municipais, que supoñen en Galicia 2,7 millóns de euros dedicados ás tarefas de produción musical e oito millóns aos honorarios dos artistas que forman parte dos carteis das celebracións temporais.

Finalmente, e xa para a industria audiovisual, ofrécense algúns datos sobre a importancia en termos de contratacións das rodaxes de cine e televisión, que xeran anualmente un volume de polo menos 3.500 postos de traballo.

AS ORQUESTRAS

A chamada industria da verbena é a que move máis recursos e xera máis emprego de todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia, e constitúe de feito un centro de actividade económica moi importante no sector, segundo confirma Eloi Caldeiro no capítulo destinado á música do informe O capital da cultura. Trátase dun fenómeno pouco comparable con calquera outra comunidade autónoma dentro do Estado español que en Galicia conta con miles de seguidores de todas as idades e que desempeña un papel imprescindible na conservación e transmisión do legado musical e das tradicións populares.

Na década de 1930 xorden en Galicia as primeiras orquestras de baile. Primeiro nos salóns burgueses de vilas e cidades e, máis adiante, nas verbenas da Galicia rural, as orquestras tiveron un enorme eco interpretando repertorios musicais que recollían o gusto popular de cada época, e que son auténticos testemuños da nosa historia: desde as muiñeiras autóctonas aos ritmos latinoamericanos da emigración, pasando polos pasodobres e coplas difundidas pola radio³⁴.

Esta afección ás orquestras de baile é un fenómeno único que non se dá no resto de España e Europa³⁵. **Aquí as orquestras van por diante do cine como opción de ocio,** e o 65 % dos galegos acode a actuacións de orquestras³⁶, como evidencian os datos recollidos no Anuario de Estadísticas Culturales 2007³⁷. A maior porcentaxe de seguidores desta actividade atópase entre os mozos, xa que o 74,2 % dos galegos de entre 30 e 49 anos acode a estas verbenas.

En Galicia hai arredor dunha media ducia de empresarios do mundo do espectáculo, se nos referimos aos máis importantes. O primeiro e máis grande é Espectáculos Lito, de Caldas de Reis, que non só posúe un bo puñado das mellores orquestras de Galicia, senón o maior número delas. Séguelle Sito Mariño, con sede en Arzúa, e que conta con nomes emblemáticos do mundo musical galaico como a Orquesta Compostela, Los Trovadores, Los Satélites ou a Orquesta Trébol. A continuación estaría Alfa 3 Producciones Artísticas, de Sarria (Lugo), que reúne a oferta de Espectáculos Espín, Lugonorte de Espectáculos e Espectáculos Alvar, de Ourense, ao que seguirían Zona Sur, do Porriño, e Producciones Artísticas Día y Noche, de Vigo. Tamén hai que contar con Froiz, Camoiras e outros nomes de interese. Logo estarían os axentes intermediarios, que son moitos e encárganse de conectar as comisións de festas cos empresarios propietarios ou xestores das orquestras.

Trescentos é a cifra de grupos e formacións orquestrais profesionais e estables que dan como boa os axentes do gremio, pero hai que pensar que a cantidade existente de tríos, charangas e agrupacións folclóricas podería engordar a cantidade ata case cincocentos conxuntos melódicos nesta terra. Un 40 ou 50 % dos músicos veu de Cuba, Venezuela, Arxentina, Rusia, Moldavia ou outros países.

O sector sofre cada ano importantes cambios, tanto polo transvasamento de músicos dunha orquestra a outra coma pola aparición de novas agrupacións ou pola desaparición doutras. Porén, hai unha serie de grandes orquestras que se manteñen ao longo do tempo, algunha desde a década de 1960, que é cando o fenómeno comeza a manifestarse dun xeito masivo.

As agrupacións teñen unha calidade media-alta, e nalgún dos casos son excepcionais. Algo moi importante é que **as formacións galegas son moi admiradas en Asturias, León, Zamora e o norte de**

³⁴ Extraído da presentación do FIOU.

³⁵ Tan só en Canarias hai unha tradición importante de orquestras, pero o fenómeno non é comparable ao galego.

³⁶ O 65 % dos galegos acode polo menos unha vez ao ano aos concertos que as orquestras de baile ofrecen nas verbenas e festas populares da Comunidade, o que converte esta actividade no hábito cultural preferido, case 20 puntos por riba do cine, ao que asiste anualmente o 47,5 % dos galegos.

³⁷ Do Observatorio da Cultura Galega e baseado nunha enquisa das condicións de vida das familias galegas realizada polo Observatorio da Cultura Galega.

Portugal, onde actúan como na casa, aínda que ás veces o custo do desprazamento non compensa os ingresos.

Moito cambiaron as cousas nas orquestras desde que os músicos agardaban ao remate da actuación para repartir a ganancia a partes iguais. Agora teñen nómina e en lugar de ir nun pequeno camión levan varios tráileres para un único espectáculo no que cambian varias veces de vestuario, proxectan focos de luz e fan bailar ao público cunha cumbia, un tema lixeiro, un tango ou un merengue. Contan xa cun importante **nivel de equipamentos que se actualiza periodicamente**, con equipos de luces e son cada vez máis espectaculares, consonte a forte demanda, aos que na última década hai que engadir a existencia de escenarios móbiles, o cal fai que en calquera festa, verbena ou romaría do país nos atopemos con espectáculos que en nada desmerecen aos que ofrecen grandes artistas de ámbito estatal. A inercia exercida pola engrenaxe que levou á evolución das orquestras é a que foi empurrando cara ao alto tamén ao sector dos palcos, reconvertidos agora en macroescenarios. A modernización dos espectáculos require un forte desembolso para as formacións que circulan por Galicia. O que é a plataforma principal pode custar uns 200.000 euros, pero logo hai que engadir todos os automatismos e accesorios que acompañan a montaxe, e que converten o palco articulado e móbil nunha especie de plató de televisión rodante con robótica de última xeración, equipo de luz espectacular e son de calidade e onde teñen que instalar tarimas, pantallas, motores hidráulicos e outros complementos que acaban nunha factura que pode chegar a alcanzar os 700.000 euros.

Arredor de 3.000 festas teñen lugar ao longo do ano, moi principalmente durante os meses do verán. Segundo o antigo responsable de Festiferia, en Galicia teñen constancia de 9.000 festas ao ano, pero a cifra podería superar as 15.000. Turgalicia, pola súa parte, consigna 895 para agosto. A dispersión da poboación (máis de 20.000 núcleos) fai destas actividades festivas un acontecemento singular no que as orquestras de baile participan dun xeito moi activo.

Calquera das grandes orquestras galegas (Olympus, Panorama e París de Noia encabezan a clasificación) pode cobrar 12.000 euros durante este mes, aínda que se chega a pagar entre 16.000 e 18.000 euros nunha data como a do día 15 de agosto. Como media, cada formación ten comprometidas este mes entre 20 e 30 galas. Pero, aínda que a maior parte dos festexos son relixiosos, hainos de todos os tipos, como os gastronómicos ou as feiras anuais.

O número de integrantes das orquestras rolda os dezaseis compoñentes, con dez na parte musical entre músicos e cantantes, e sete no persoal técnico (son, iluminación, transporte, montaxe...). Por parte dos grupos, a media é de oito persoas, con cinco na parte musical e tres no equipo técnico. As orquestras que teñen maior número de compoñentes na parte musical son Trovadores e Satélites (con 14), que están ademais entre as de maior caché xunto a outras como Panorama ou Philadelphia. Por último, estarían os dúos e tríos.

As tarifas destas formacións soben ou baixan dependendo da demanda de espectáculos e varían moito do inverno ao verán: se nunha data determinada a demanda é elevada, os prezos tamén o serán, e se son días de pouca actividade festiva, os cantantes diminuirán os seus honorarios. Algunhas das orquestras máis populares incrementan os seus honorarios, ás veces máis do 30 %, no día con máis festas do ano, o da Asunción da Virxe o 15 de agosto, con case 150 celebracións.

Como apunta Eloi Caldeiro, **o sector das orquestras é, de todos os xéneros incluídos nas industrias musicais, dos de máis difícil contabilización**. Unha parte importante dos músicos son asalariados, polo que é difícil saber o prezo real dunha orquestra ou grupo. Ademais, tamén hai que ter en conta que unha parte importante dos pagos, resultado das recadacións dos veciños nas parroquias ou sociedades de festas que organizan os actos, non está totalmente controlada, cando menos en termos reais, polo que non é posible saber cifras concretas.

Polo tanto, segundo as estimacións, pódese aproximar a importancia deste sector dentro da industria musical galega. Considerando a existencia dunhas 250 orquestras representadas polas empresas de espectáculos, e un grupo aproximado doutras 50 orquestras independentes que se moven no mercado á marxe destas empresas, teríamos unha cifra mínima de 300 orquestras en Galicia. Como se dixo

anteriormente, a media de integrantes destas formacións é de 14 compoñentes entre técnicos e músicos e para orquestras e grupos, o que faría un total de 4.200 persoas traballando nas orquestras (aínda que non a tempo completo). Por outra parte, estímase que existen arredor de 120 dúos e tríos musicais, o que fai un número aproximado de 350 persoas. Polo tanto, **a industria das orquestras en Galicia ten un movemento anual de máis de 4.550 persoas.**

Por outra banda, e no tocante á facturación, o prezo dunha orquestra modesta móvese entre 1.000 e 5.000 euros. O caché das orquestras de tirón oscila entre 4.000 e 24.000, dependendo sempre da data e da formación. O prezo dun dúo ou trío vai desde os 400 aos 600 euros. Tamén hai que considerar que son máis as actuacións nas que se aplica a tarifa alta (verán) que a baixa (inverno), aínda que nos meses máis fríos adoitan actuar en salas de festas, e en datas excepcionais poden aplicar a súa tarifa máis alta, que sería no 15 de agosto e o 25 de xullo. Polo tanto, non é aventurado dicir que a tarifa media das empresas modestas pode ser de 3.500 euros por actuación, e nas orquestras de máis renome, 4.500 euros, ademais dos 500 euros dos dúos e tríos.

Considerando a cifra de 300 orquestras que pode haber en Galicia, cunha tarifa media de 3.500 euros de caché e un número aproximado de 85 galas por formación ao ano, resulta unha cifra de 89,3 millóns de euros. A iso habería que sumar os 120 dúos e tríos, cun caché medio de 500 euros e outras 85 galas anuais, que dá como resultado 5,1 millóns de euros. Por tanto, **unha aproximación do volume de negocio da industria das verbenas daría 94 millóns de euros.**

OS FESTIVAIS E OS MACROCONCERTOS

España é un festival en canto sae o sol: así que chega o verán o Estado español convértese nun fervedoiro, sobe o ritmo e ábrese a tempada de festivais musicais e macroconcertos, que continúan consolidándose no panorama musical como **oferta dunha gran variedade de estilos**: música pop-rock, electrónica, hip-hop, folk, jazz ou indie, entre outras. Ademais, e pese ao actual contexto económico, existen macrofestivais de nova creación que amplían a oferta musical en épocas estivais,

No seu Anuario 2003 a SGAE listaba 22 grandes festivais celebrados en España, con 624.468 asistentes e 7,2 millóns de recadación. Xa no ano 2009 a listaxe é de 27 festivais, unha cifra de 687.806 asistentes e unha recadación de 16,7 millóns de euros. Aínda que a cifra de asistentes está estabilizada (non se consideran os doutros actos de menor repercusión que están a atraer a moitos afeccionados á música), os datos de recadación creceron nun 139 % no intervalo 2003-09.

Os festivais multiplicáronse en 2008 e chegou a falarse de burbulla, é dicir, de oferta sobredimensionada, moi por encima da demanda real de lecer e música en directo, e nalgún momento tiña que pinchar ou polo menos desinflarse. Pero o certo é que fronte ao temor a unha saturación que levara á ruína aos organizadores, **o sector non viviu un desastre, senón unha ordenación**. A idea de que debe haber un festival en cada vila demóstrase equivocada.

Un dos problemas que se derivaron deste exceso de demanda foi que **os cachés dos artistas subiron vertixinosamente**, porque os organizadores dos actos loitan polos artistas que fagan o seu cartel máis atractivo. Os cachés representan arredor do 40 % do presuposto de case todos os festivais e, se estes se dobran, todo iso non se pode repercutir nas entradas. Isto levou a unha **feroz competencia polos cachés** (a contratación realízase polo sistema de poxa), **pero tamén para compartir público ou empresas que subministran luces, escenarios e seguridade**.

En España non existe unha lei que estableza límites para as contribucións aos festivais por parte das institucións, o que supón un campo libre para os concellos, que deixan o terreo gratis, provén de seguridade, transportes públicos... **Pero os concellos non están a vivir o seu mellor momento en canto a fondos, e as institucións, cos seus departamentos de Cultura sometidos a axustes, empezaron a dicir non onde antes dicían si**. Actualmente as subvencións das administracións xa non abundan para manter vivas as programacións.

A pesar de que as entradas son unha parte básica dos ingresos, moitos festivais dependen das marcas que ven neles un xeito de mostrar unha imaxe xuvenil. Marcas como Estrella Galicia, Coca Cola, Movistar ou San Miguel son as habituais no patrocinio de festivais galegos. A súa implicación económica varía segundo cada certame, pero é raro o que conta cunha contribución privada inferior ao 10 % do seu presuposto.

Pero **o patrocinio privado está cada vez máis complicado**, e moitos patrocinadores e institucións deixaron de apoiar este tipo de concertos nos que se dan cita varios artistas. Segundo un dos directores do Sónar, nas últimas seis edicións cubriron entre o 20 e o 25 % da súa partida con patrocinadores, e xa en 2009 perderan máis dun 25 % da cantidade habitual..

En calquera caso, **nin as institucións nin os patrocinadores son a columna vertebral do sostén económico dos festivais**, xa que as subvencións representan arredor do 10 ou 15 % do presuposto, e tampouco se adoita apoiar nas marcas máis aló da axuda que lles dá o patrocinador principal.

Os festivais españois, como tantas outras empresas, atopáronse coa **interrupción das liñas de crédito coas que moitos se financiaban**, un diñeiro que se empregaba para pagar a provedores, traballadores, precontratos de artistas etc. Varios organizadores e produtores de música independente na comunidade destacan as dificultades para sacar adiante concertos nun momento en que o soporte económico falla. As empresas musicais din ingresar un 30 % menos, e a crise supón unha redución da cota galega na

promoción de concertos. O responsable da Asociación Galega de Empresas Musicais admite baixadas de ata o 50 % de público nalgúns festivais da marca Galicia Escoita.

Segundo un crítico musical galego, un **dos problemas fundamentais para os festivais en Galicia é que non existe cultura empresarial de patrocinio privado**. Deste xeito, **a maioría dos** proxectos responde á iniciativa de concellos, institucións públicas e fundacións das caixas de aforro. Pero a pregunta que se formula é se están os festivais en crise per se, ou se é a crise económica xeral a que afecta aos festivais de igual xeito en que dana a construción, os bancos ou a industria. Está baixando o consumo, está baixando o investimento publicitario, e do mesmo xeito en que se venden menos pisos, tamén **se venden menos entradas de concertos**.

O período de maduración dun festival é de seis ou sete anos, de xeito que ata entón non é frecuente lograr beneficios. O responsable dun dos festivais galegos considera clave para organizar un festival empezar desde abaixo, convocando o público a unha escala real e mostrar un criterio de selección dos grupos e as bandas do cartel. É difícil para os festivais de menor tamaño competir cos grandes.

2009 foi un ano de transición, xa que ao non haber moita axuda baixa o presuposto dispoñible, co que os carteis non son tan impactantes e pode que algúns festivais xa non se celebren.

O Festival de Musica Folk de Ortigueira é o máis importante dos que se celebran en Galicia de xeito regular, e é recoñecido por ter como protagonista a música folk. Con redución de presuposto –este ano tivo 600.000 euros– o impacto económico desta cita en Ortigueira vén de ser estudado pola Cámara de Comercio de Ferrol, que cifra nuns cinco millóns de euros os beneficios que á hostalería e ao comercio da vila achega o festival.

Desde o ano 2008 varios dos festivais que se veñen facendo en Galicia uníronse para intentar ter máis forza como rede e á súa vez intentar conseguir un grande acto. Os festivais que se uniron a esta rede denominada Galicia Escoita son os seguintes: o Festival Fax (Ourense), o Cultura Quente (Caldas de Reis), o Festival Mar de Fondo (Noia), o Vibrasons (Pontevedra), o Sonearte (Viveiro) e o Festival Reperkusión (Allariz).

Para a estimación do presuposto que se move nestes actos musicais e o volume de emprego que poden xerar, **clasificáronse os máis de 130 festivais censados en Galicia** en tres categorías diferentes, que son:

- a) Con máis de 400.000 euros de presuposto.
- b) Cun presuposto entre 100.001 e 400.000 euros.
- c) Cun presuposto de menos de 100.000 euros.

Para os festivais dos que se teñen datos de presuposto, utilízase a cifra real, pero para aqueloutros nos que non estivera dispoñible, faise unha estimación que asigna un presuposto medio aos actos da categoría c (para os b e os a cóntase con datos orzamentarios en todos os casos).

Esta clasificación dá como resultado nove festivais da categoría a (con máis de 400.000 euros de presuposto); 13 da categoría b (entre 100.001 e 400.000 de presuposto) e 107 da tipoloxía c (menos de 100.000 euros de presuposto). Considerado o presuposto de cada un destes festivais, resulta que **os festivais galegos supoñen máis de 12 millóns de euros de movemento económico**, e un presuposto medio de 93.000 euros, que se distribúen nas contratacións dos intérpretes, do persoal técnico de seguridade, montaxe, iluminación, son, mantemento etc., ademais das persoas que atenden as barras nas que se venden as bebidas ou os postos nos que se vende a merchandaxe, e finalmente a marxe de beneficio da empresa organizadora do acto.

Por outro lado, estimouse a contratación para cubrir as distintas necesidades do acto segundo os días e o número de traballadores. Do produto entre o número de traballadores estimados e o número de actos de cada categoría resulta **un movemento aproximado por parte do sector dos festivais musicais de 10.110 contratacións, que en equivalente a tempo completo sería duns 194,4 empregados para 2010**, que foi o ano considerado nas estimacións.

Para ilustrar un pouco estas cifras proponse un exemplo como o do Festival Xacobeo 10, que, dispoñendo dunha capacidade total de 25.000 persoas, contou con 158 efectivos para manter a seguridade no recinto onde tiveron lugar as actuacións (distribuídos entre a Policía Nacional (35), Protección Civil (45), Policía Local (38) e Cruz Roja (40)). Por outra parte, os traballos de montaxe do escenario para este concerto deron comezo catro días antes do acto, que se celebrou no Monte do Gozo, en Santiago de Compostela, e foron desenvolvidos por unhas trinta persoas, ás que habería que engadir outras vinte que realizaron traballos de mantemento. A Festa dos Mundos, que tivo lugar en agosto na praia de Santa Cristina, contou cun dispositivo de seguridade de 250 membros.

AS FESTAS MUNICIPAIS

A comunidade galega é a rexión europea que rexistra o maior volume de festas populares de Europa. Só nos 122 días dos meses de verán concentra máis de 3.000 festexos. Un sinxelo cálculo matemático pon na pista de que veciños e visitantes se enfrontan na comunidade galega na época estival á variada oferta de 24 actos por xornada.

O mes de agosto é tradicionalmente o mes con máis festas en Galicia, porque é o mes no que tradicionalmente se produce o retorno de emigrantes e galegos que están fóra de Galicia, polo que moitas das festas das aldeas e vilas se celebran nese período.

Segundo fontes de Europa Press, **Galicia tiña programadas en agosto e 2010 un total de 895 festas,** das que un total de 23 conta coa declaración de interese turístico, tanto nacional como galego. Esta cifra supón algo máis do 31 % das celebracións que teñen esta distinción en Galicia. Por provincias, o número de actos é o seguinte: 302 na Coruña, 186 en Ourense, 185 en Pontevedra e 165 en Lugo.

Para a organización das festas da maior parte das vilas e aldeas galegas, constitúese unha comisión de festas que se encarga de levar a cabo moitas das tarefas: recadar as contribucións dos veciños e das empresas, confeccionar o programa, imprimir os carteis e distribuílos, contratar as orquestras, contactar coas atraccións, organizar a verbena e os pasacalles e contratar a tirada de fogos artificiais.

Pola contra, **as grandes cidades que manexan xa presupostos máis ambiciosos,** que poden ir dos 268.000 euros de Ferrol aos 1,1 millóns de Vigo, inclúen na súa programación concertos de figuras do panorama nacional ou internacional, representacións de teatro ou danza, actividades lúdicas para nenos e maiores etc. E prolongan as festas durante polo menos unha semana. Para a organización destas os gobernos municipais adoitan sacan un concurso, de xeito que algunha empresa dedicada á organización de actos organice e xestione o programa das festas. Este é o caso de Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense ou Santiago de Compostela.

Pero a situación económica actual obrigou os concellos a reducir gastos nas súas políticas de xestión, e nin as tradicionais festas de verán son alleas á contención no gasto. **As cifras astronómicas de hai uns anos deixan paso a presupostos máis austeros e a actuacións musicais menos espectaculares.** A recesión económica deixou sen os concertos estelares que cada ano regalaban as festas dalgunhas vilas, a redución dos días nalgúns outros casos e, en todos eles, obrigou a descensos de ata o 50 % de presuposto.

Galicia ten 315 concellos, dos que sete teñen máis de 50.000 habitantes, quince están entre 20.001 e 49.999, trinta e cinco teñen entre 10.001 e 20.000 e o resto ten menos de 10.000 habitantes. Como as festas dos concellos máis pequenos se limitan na maior parte das veces á verbena, e eses datos xa están computados dentro do apartado das orquestras, nesta análise vanse considerar só os concellos de máis de 10.000 habitantes.

O intervalo dos presupostos medios dedicados ás festas destes concellos galegos é moi amplo. Vilas como Cangas do Morrazo, Viveiro, Chantada ou Sada dispoñen dunha cantidade situada arredor dos 150.000 euros, mentres que Vigo lles dedicou ás súas festas 1,1 millóns de euros, Santiago de Compostela e Pontevedra entre 800.000 e un millón de euros e Ferrol ou Ourense entre 250.000 e 460.000 euros. Por iso, establécense diversas hipóteses de presupostos medios das festas segundo o tamaño dos municipios, e así resulta **un presuposto medio para as festas galegas de case 188.000 euros.**

Estímase, ademais, que destes presupostos asignados ás festas polos concellos galegos, e segundo contribucións de AGEM, arredor dunha cuarta parte corresponde a gastos de produción, e as outras tres cuartas partes aos cachés dos artistas que conforman o cartel de actuacións musicais. Polo tanto, aplicando esta proporción a estes presupostos medios mantidos como hipótese, e facendo as oportunas operacións para asignar estas partidas a cada grupo de concellos, resulta que o presuposto medio

dedicado á produción é de case 47.000 euros e o que corresponde á contratación dos intérpretes de case 141.000 euros. **Todo isto permite concluír que as festas municipais supoñen en Galicia 2,7 millóns de euros dedicados ás tarefas de produción musical e oito millóns aos honorarios dos artistas que forman parte dos carteis das celebracións.**

A IMPORTANCIA EN TERMOS DE EMPREGO DAS RODAXES DE CINE E TELEVISIÓN

O sector audiovisual é un dos dezanove que a Unión Europea catalogou no seu momento como novos xacementos laborais. A súa capacidade para xerar riqueza e emprego xa foi presentada en 1994 no Libro verde Opciones estratégicas para reforzar la industria de programas en el contexto de la política audiovisual de la Unión Europea. Neste informe afirmábase que o sector ten unha estrutura con forte intensidade de man de obra, e procura numerosos postos de traballo cun alto nivel de cualificación como técnicos, artistas, guionistas, realizadores, etc. É, por tanto, potencialmente menos vulnerable á competencia e á deslocalización que as actividades industriais que requiren menor cualificación e custo de man de obra.

A singularidade da produción audiovisual con relación a outras industrias culturais maniféstase nunha serie de trazos que conforman a súa especificidade tanxible e evidente. Comezando polos custos, inicialmente superiores á gran maioría de industrias culturais, pero tamén pola contía dos equipos humanos e técnicos, e polos numerosos e variados procesos que hai que seguir para acceder ao seu receptor último, o espectador.

Atendendo a un traballo desenvolvido para a constitución dunha comisión fílmica, unha película de cine pode dar emprego (entre directo e indirecto) a unha media de 233 persoas, entre artistas e técnicos, unha película de televisión, a 116, e un spot publicitario, a 86. Durante a rodaxe dunha película para televisión ou dunha pequena produción cinematográfica adoita ocuparse unha media de 50 prazas hostaleiras durante unha media de entre 30 e 40 días. Por outra parte, arredor do 30 % dunha produción audiovisual recae na localización prevista, polo que se benefician os sectores da hostalería, transporte, alimentación etc.

Para calcular os efectos das rodaxes na economía galega, a continuación expóñense algúns datos referentes a unha mostra de rodaxes e filmacións desenvolvidas por produtoras galegas nos últimos anos, que recollen datos tanto de contratacións como de duración media destas. Estes datos recollidos son relacionados cos referidos á duración das rodaxes e o número de producións que se recollen no Observatorio Audiovisual Galego ou na páxina da Axencia Audiovisual Galega. As cifras resultantes son as que a continuación se indican e permiten ofrecer unha aproximación á importancia en termos de emprego destas actividades.

Para estas primeiras estimacións propóñense os formatos máis convencionais de produción de cine e televisión: longametraxes de alto e de baixo presuposto e para televisión (TV movies), series de ficción, e vídeos, series e longametraxes documentais. Por outra banda, considéranse tres tipos de traballadores ou de persoal e un cuarto que se corresponde coa parte artística:

- En primeiro lugar, o equipo de dirección: director, director artístico, director de fotografía, produtor, produtor executivo etc., que poden estar contratados durante toda a rodaxe.
- En segundo lugar, o equipo técnico da rodaxe: sonidistas, script, iluminadores, maquilladores, encargados de vestiario, perruqueiros, operadores de grúa e de cámara etc.
- Un terceiro grupo corresponde ao equipo técnico de posprodución, como son os técnicos de montaxe e de son, de efectos especiais ou visuais etc.
- E finalmente, o equipo actoral: os intérpretes.

Como se aprecia na táboa, existen diferenzas importantes en canto ao persoal involucrado nuns e noutros formatos, que fan oscilar as medias desde os 128 contratados nas longas de alto presuposto aos nove dun documental.

Como formato máis ambicioso e que consome maior cantidade de recursos estaría a longametraxe de presuposto elevado, como podería ser o caso de Celda 211, Agallas ou Un bo home. Nestas producións o número de persoas podería chegar a roldar as 130, incluíndo a todos os grupos de ocupacións, e a media

de tempo da contratación oscila entre os 55 días que poden estar contratados os actores ou os 160 do equipo de posproducción, que se encargarán de deixar a película preparada para a súa proxección nas pantallas de cine. No caso particular de Celda 211, a **contratación de figurantes** -que teñen a condición de intérpretes- foi moi elevada, tanto no número de contratos (sobre 400 figurantes) como na duración (un termo medio de 35 días). Por outra banda, segundo datos da Axencia Audiovisual Galega, no ano 2009 producíronse 21 longametraxes de ficción, das que polo menos cinco poden ser consideradas como de presuposto elevado (máis de 2,5 millóns de euros). Polo tanto, **as rodaxes de longametraxes consideradas de presuposto elevado involucran unha media de 640 contratados ao ano.**

No caso dunha **longametraxe de ficción de presuposto máis modesto**, a súa produción implica polo xeral a presenza dun equipo actoral cun caché máis reducido e unha menor duración da rodaxe (a maior duración, máis tempo de contratación, de aluguer de equipos, de manutención etc.). Segundo os datos das produtoras, unha longametraxe desta tipoloxía implica a unha media de 77 traballadores, a maior parte deles pertencentes ao equipo técnico ou de dirección. De acordo cos datos da Axencia Audiovisual Galega, no ano 2009 producíronse en Galicia arredor de 12 longametraxes de presuposto inferior aos 2,5 millóns, polo que **as rodaxes de longametraxes de presuposto baixo supoñen ao ano unha media de 925 contratados.**

No tocante ás **longametraxes de animación**, a media de tempo de contratación é manifestamente superior á do resto dos formatos. O grupo artístico e técnico (director, produtor, enxeñeiros, programadores, técnicos de render etc.), aínda que por termo medio menos numeroso, permanece contratado máis tempo que o persoal de animación (animadores, modeladores, intercaladores, debuxantes, texturizadores, iluminadores etc). Por outra banda, da mostra de producións das que se conta con datos resulta que nestas a media de contratados roldaría os 90, e presupoñendo unha media anual de polo menos catro producións acollidas a este formato resultaría que **as longametraxes de animación producidas en Galicia representan un movemento medio de contratados de 360 persoas.**

Os **documentais** son outro dos formatos considerados nesta análise, que ademais son os que menos persoal involucran. Pero non por iso adquiren menos importancia, porque son un formato no que se xeran moitas producións ao longo do ano. Por iso, as case dez persoas que poden participar na gravación dun documental gañan peso se temos en conta que poden producirse como mínimo uns 40 por ano. Isto permite concluír que **os documentais producidos ocasionan un movemento de persoal que rolda anualmente os 360 contratados.**

Un caso particular destes son as **longametraxes documentais**, que adoitan ter unha duración superior aos documentais convencionais. Esta maior duración é unha das razóns que provoca un maior movemento de traballadores, que se concentran fundamentalmente no grupo de dirección e técnico (estes formatos carecen de equipo de interpretación). A Axencia Audiovisual Galega apunta que en 2009 se realizaron cinco producións baixo este formato, cunha forte diminución con respecto ás cifras do ano anterior (polo que se considera que unha cifra máis realista poida situarse arredor de nove). Á vista destes datos, resulta que **as longametraxes documentais supoñen ao longo dun ano unha media de 150 contratados.**

Outro caso dentro do formato de documental é o que consta de varios capítulos e se converte en **serie documental**. Neste caso a media de persoas que intervéñen na produción elévase a 17 (tampouco neste caso hai intérpretes), principalmente vinculadas ao equipo técnico e de dirección do programa. Considerando unha media de cinco producións baixo este formato chégase a que a xeración de contidos baixo o formato de **serie documental conduce a unha cifra que podería elevarse a 80 contratados por ano, aproximadamente.**

As **TV movies** ou longametraxes para televisión son un xénero que está en expansión e que se converteu na principal fiestra para os obrigatorios investimentos das cadeas privadas. Este formato, xunto coas longametraxes cinematográficas e as series de ficción para televisión, é dos que ocasionan un maior movemento de contratados, fundamentalmente de equipo de dirección e técnico, aínda que tamén o dedicado á posproducción. Por termo medio, ascende a 66 o volume de contratados deste formato, e, de acordo cos datos da Axencia, en 2009 xeráronse en Galicia cinco producións baixo este formato. Todo iso

permite concluir que as TV **movies producidas anualmente en Galicia teñen como consecuencia un movemento duns 330 contratados, aproximadamente.**

As series de ficción son unha aposta en alza para as televisións estatais pola súa grande aceptación, que supón importantes cotas de audiencia e pola súa capacidade para atraer público e facelo seguidor habitual da cadea. E a Televisión de Galicia non é allea a esta tendencia, como o demostran Mareas Vivas, Rías Baixas, Libro de Familia, Pratos Combinados, Padre Casares, Terra de Miranda, Matalobos ou As leis de Celavella, entre outras. Trátase dun formato que xera un importante movemento tanto no que se refire á contratación de técnicos como na parte interpretativa. Do cálculo dos valores medios a partir dos datos recollidos das propias produtoras resulta que para un termo medio de 13 capítulos, o volume de contratacións elevaríase a 90. Considerando que ao ano poderían facerse na nosa comunidade arredor de oito producións audiovisuais baixo este formato para a súa emisión con periodicidade semanal en televisión resulta que **as series de ficción ocasionan un volume de contratados de aproximadamente 700 persoas.**

Ademais destes formatos previamente abordados, quedarían outros de non menos importancia en canto ao movemento de traballadores, como son os programas divulgativos ou os magazines para televisión, as series de animación, as curtametraxes etc.

Por tanto, e en base a estas estimacións e aínda carecendo de máis datos para os formatos non estudados, pódese inferir que **a actividade audiovisual en Galicia xera anualmente un volume de polo menos 3.500 contratados arredor das rodaxes ou a súa gravación.**

Cabe sinalar que estas contratacións son de carácter temporal e se limitan como moito ao tempo de duración da produción e, en moitas ocasións, só para unha parte desta. Polo tanto, os números que se achegan non se refiren a persoal equivalente a tempo completo e, de feito, un técnico ou un intérprete podería estar traballando no mesmo ano en máis dunha produción (incluso de diferentes formatos). Se a partir dos datos de tempo medio de contratacións para cada grupo de ocupacións considerados e cada para un dos formatos estudados se fai a conversión a traballadores a tempo completo, resulta que **a industria audiovisual galega dá traballo a 1.400 traballadores equivalentes a tempo completo coas rodaxes das súas producións.**

Outro colectivo que presta os seus servizos no sector e no que o traballo adoita ser eventual é o relacionado coa dobraxa. Segundo datos facilitados por empresas do sector, a media de dobradores por empresa pode roldar os 80, aproximadamente, que se repiten en xornadas distintas. Con respecto **ao colectivo de actores dedicados á dobraxe, ascende a uns 120 aproximadamente**, que prestan servizo para as distintas empresas do sector operativas en Galicia. De feito, pode chegar a ocorrer que, nun día, o mesmo dobrador traballe para tres ou catro empresas. A estas cifras habería que agregar o persoal fixo destas compañías: técnicos, persoal de administración, lingüistas etc. que poderían alcanzar unha media de dez traballadores por empresa.

É importante poñer o acento nos **salarios elevados que tanto técnicos coma intérpretes cobran no caso de películas cinematográficas**, en comparación, por exemplo, coas mesmas categorías profesionais no medio televisivo. Fronte á eventualidade dos contratos que se firman para as producións audiovisuais, esta compénsase con salarios elevados que implican **cotizacións á Seguridade Social máis elevadas.**

AS REPRESENTACIÓNS TEATRAIS EN TERMOS DE EMPREGO

Segundo se comenta en O capital da cultura, de onde se extrae a táboa seguinte, o traballo no eido teatral deriva fundamentalmente de seis ámbitos, para cada un dos cales se achega unha porcentaxe aproximada de contratados. Dentro destas actividades, e seguindo co comentado no devandito estudo, a dirección/xestión adoita ser realizada polos titulares da compañía, que, en ocasións, tamén participan en traballos de interpretación ou deseño (iluminación, escenografía...), ou dirección de escena, función para a que tamén aparece a figura do axudante de dirección, que realiza traballos tamén de produción.

Cálculo dos traballadores medios das compañías teatrais. 2006	
Actividades profesionais, artísticas e técnicas por compañía	Media traballadores/Compañía
Dirección/Xestión	1/2
Dirección de escena	1/2
Interpretación	4/5
Traballo técnico (luz, son ou transporte)	2/2
Traballos auxiliares (deseño)	2/3
Traballos auxiliares (realización)	3/4
Total	13/18

Fonte: extraído de *O capital da cultura*, e elaborado con datos de IGAEM, SAEG, 2006

Considerando que na base de datos confeccionada ad hoc para este estudo se constata a existencia de polo menos 65 grupos teatrais en Galicia, e a media de integrantes, atendendo á táboa anterior elaborada con datos do IGAEM -e contando o persoal técnico, de dirección e a masa actoral- é de entre 13 e 18 persoas, isto supón un **movemento anual de xente arredor das representacións teatrais de 850 persoas**, aínda que é certo que a duración dos contratos é moi limitada, e moitas das actividades implican un contrato por obra, como pode ser o caso do vestiario, no que hai traballos de deseño, que realiza un creador, e de realización, que realiza un taller de costura, segundo apunta o estudo *O capital da cultura*³⁸.

Afondando nestes aspectos, o contrato laboral dos traballadores destas disciplinas ocupa unha pequena parte do ano natural, que adoita non ser máis de oito semanas de ensaio e unha cantidade pactada por función, o que implica que non existen asalariados ao uso como acontece noutras actividades, o que tamén se deixa sentir no reducido número de días cotizados por ano que suma cada traballador.

³⁸ Freixanes, V. e A. Meixide (2010): *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*. Fundación Caixa Galicia.

CONCLUSIÓNS SOBRE OUTRAS APROXIMACIÓNS ÁS INDUSTRIAS CULTURAI EN GALICIA

- Os festivais galegos supoñen máis de 12 millóns de euros de movemento económico e aproximadamente 10.110 contratacións.
- O intervalo dos presupostos medios dedicados ás festas destes concellos galegos é moi amplo, pero o presuposto medio para as festas galegas é de case 188.000 euros.
- Todo isto permite inferir que as festas municipais supoñen en Galicia 2,675 millóns de euros dedicados ás tarefas de produción musical e 8 millóns aos honorarios dos artistas que forman parte dos carteis das celebracións.
- A chamada industria da verbena é a que move máis recursos e xera máis emprego de todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia.
- Trescentos é a cifra de grupos e formacións orquestrais profesionais e estables, pero a cantidade existente de tríos, charangas e agrupacións folclóricas podería engordar a cantidade ata case 500 conxuntos melódicos nesta terra.
- O número de integrantes das orquestras rolda os 16 compoñentes.
- As tarifas destas formacións soben ou baixan dependendo da demanda de espectáculos e varían moito do inverno ao verán.
- A industria das orquestras en Galicia ten un movemento anual de máis de 4.550 persoas.
- O volume de negocio da industria das verbenas rolda os 94 millóns de euros.
- A actividade audiovisual en Galicia xera anualmente un volume de polo menos 3.500 contratados arredor das rodaxes ou a súa gravación.
- O movemento anual de xente arredor das representacións teatrais é de 850 persoas, aproximadamente.

BIBLIOGRAFÍA

Belho Cortizo, V. (2007): *Informe: a Industria Musical en Galicia*.

Bissap (2009): *Libro Blanco de las Industrias Culturales de Asturias*. Gobierno del Principado de Asturias.

Calvi, J.C. (2006): *Plan integral de apoyo a la música y a la industria discográfica*. Documento de trabajo 95/2006. Fundación Alternativas.

Carlos Guallarte e José R. Granger (2006): "Dos modelos opuestos. El proceso de constitución del sector de contenidos digitales en España". *Revista Telos. Cuadernos de Comunicación e Innovación*. N.º 69. Outubro-Decembro 2006.

CEDRO (2010): *Memoria 2009*. Centro Español de Derechos Reprográficos.

Comisión Europea (2010): *Libro Verde de las Industrias Creativas*. COM(2010)183 final.

ESADE (2010): *Flash Sectorial de las Industrias Culturales*. ESADE.

Federación de Gremios de Editores de España (2010): *Comercio interior del libro en España*.

Freixanes, V. e A. Meixide (2010): *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*. Fundación Caixa Galicia.

Observatorio da Cultura Galega (2010): *Hábitos culturais dos mozos en Galicia*. Consello da Cultura Galega.

Observatorio da Cultura Galega (2010): *Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia*. Consello da Cultura Galega. Marzo 2010.

SGAE (2010): *Anuario SGAE de las Artes Escénicas, Musicales o Audiovisuales 2010*. Sociedad General de Autores.



Axencia Galega das
Industrias Culturais



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



XACOBEO 2010
Galicia

Axencia Galega das Industrias Culturais
Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela

Telefono: 981 577 126 / 981 577 128

Fax: 981 577 127

E-mail: agadic@xunta.es

www.agadic.info



XUNTA
DE GALICIA